Castro Caldelas				
Celanova	1			
Cenlle				
Coles				
Cortegada				
Cualedro				
Chandrexa de Queixa				
Entrimo				
Esgos				
Xinzo de Limia	1	1	1	2

	Estudos de Impacto e Integración paisaxística (EIIP)			
Concello	Ano 2014	Ano 2015	Ano 2016	Ano 2017
Gomesende				
A Gudiña	1			
O Irixo	2			
Xunqueira de Ambía				
Xunqueira de Espadanedo			2	1
Larouco				
Laza				
Leiro		1		
Lobeira				
Lobios				1
Maceda			1	
Manzaneda			2	
Maside				
Melón				
A Merca				
A Mezquita				
Montederramo				
Monterrei				
Muíños				
Nogueira de Ramuín				
Oímbra				
Ourense				
Paderne de Allariz				
Padrenda				
Parada de Sil				
O Pereiro de Aguiar				
A Peroxa				
Petín				
Piñor	1			
Porqueira	1			
A Pobra de Trives			2	
Pontedeva				

	Estudos de Impacto e Integración paisaxística (EIIP)			
Concello	Ano 2014	Ano 2015	Ano 2016	Ano 2017
Punxín				
Quintela de Leirado				
Rairiz de Veiga		1	1	
Ramirás				
Ribadavia				
San Xoán de Río				
Riós				
A Rúa				
Rubiá				
San Amaro				
San Cibrao das Viñas				2
San Cristovo de Cea				
Sandiás				
Sarreaus			1	
Taboadela		1		
A Teixeira				
Toén				1
Trasmiras			1	
A Veiga				
Verea				
Verín				
Viana do Bolo	1		2	
Vilamarín				
Vilamartín de Valdeorras	1			
Vilar de Barrio				1
Vilar de Santos				3
Vilardevós		1	1	
Vilariño de Conso	1			

DATOS: Medida 3

Provincia de Pontevedra. Número de estudos de impacto e integración paisaxística por concello.

	Estudos de Impacto e Integración paisaxística (EIIP)			
Concello	Ano 2014	Ano 2015	Ano 2016	Ano 2017
Arbo	1			
Barro			1	1
Baiona				
Bueu	1			
Caldas de Reis				
Cambados				
Campo Lameiro				
Cangas				
A Cañiza		1		
Catoira				
Cerdedo				
Cotobade				
Covelo				
Crecente				
Cuntis				
Dozón				
A Estrada	1			
Forcarei	1			
Fornelos de Montes				
Agolada				
Gondomar				
O Grove		1		
A Guarda				
Lalín				1
A Lama				
Marín				
Meaño				
Meis			1	1
Moaña				
Mondariz				
Mondariz-Balneario				
Moraña				

	Estudos de Impacto e Integración paisaxística (EIIP)			
Concello	Ano 2014	Ano 2015	Ano 2016	Ano 2017
Mos				
As Neves	1			
Nigrán				
Oia				
Pazos de Borbén				
Pontevedra	2		1	2
O Porriño				
Portas				
Poio				
Ponteareas				
Ponte Caldelas	1			
Pontecesures		1		2
Redondela				
Ribadumia				
Rodeiro	1	1	1	1
O Rosal				
Salceda de Caselas				
Salvaterra de Miño				
Sanxenxo				
Silleda	1			2
Soutomaior				
Tomiño				
Tui				
Valga		2	2	2
Vigo	2			
Vilaboa	2			
Vila de Cruces				
Vilagarcía de Arousa				
Vilanova de Arousa				1
A Illa de Arousa				

GLOSARIO:

Xunta de Galicia

PC.A.01
Número de BIC

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

Este indicador ten como obxectivo coñecer o número de elementos patrimoniais inmobles declarados BIC (ben de interese cultural) e a súa distribución no territorio (ámbito municipal).

A identificación e rexistro dos bens de interese cultural é o punto de partida para poder garantir a súa protección, conservación, valorización e reutilización.

Este indicador amósase como un factor máis dos que inciden directamente na paisaxe e no patrimonio, variables estratéxicas para o desenvolvemento da identidade e que, xunto ao patrimonio natural, son especialmente vulnerables á ordenación territorial, xa que o que se faga fóra destes espazos vai condicionar o seu futuro.

As DOT recollen entre os seus obxectivos os relativos á prioridade da conservación e posta en valor do patrimonio cultural como un dos aspectos identitarios de Galicia e potencial impulsor do desenvolvemento socioeconómico: 1.2.q, 1.3, 1.3.4, 2.1.4.i, 3.1.17, 3.3.22, 4.1.4, 6.2, 7.1.2.d, 1ª, 9 (completa).

Medidas do indicador:

1. Número de BIC segundo tipo de declaración (ano 2017)

Descrición do indicador:


Este indicador contabiliza o número de bens de interese cultural inmobles que están identificados individualmente cun número de rexistro. Existen dous tipos de declaración: a específica e a xenérica.

As específicas afectan unicamente a un ben, aínda que este pode ser individual (por exemplo, un pazo concreto) ou colectivo (por exemplo, un conxunto histórico concreto). Polo tanto, os BIC de declaración específica sempre se coñecen.

As declaracións xenéricas afectan a unha tipoloxía completa de bens, sen identificar cada un dos elementos protexidos, por exemplo, os hórreos ou os cruceiros. Non se coñece con exactitude o seu número pero estímase que poden ser decenas de miles. Cando se encontra ou aparece un ben que cumpre coas características dunha declaración xenérica, este pasa a ter a consideración de BIC, está suxeito ao réxime xurídico de protección dos BIC e é susceptible de ser codificado cun número de rexistro identificativo.

Tendo en conta estas consideracións, son obxecto deste indicador os BIC que contan con número de rexistro, incluídos os de carácter territorial supramunicipal (como pode ser o Camiño de Santiago) que están computados en cada un dos concellos nos que están presentes.

Evolución do indicador:



NOTA: Ata o cuarto informe contabilizábanse os bens mobles e excluíanse os bens incoados.

Bloque	PATRIMONIO CULTURAL PC
Subbloque	ABUNDANCIA E DIVERSIDADE A
Nome	Número de BIC 01

Estado:

A identificación e rexistro de bens de interese cultural (BIC) continúa avanzado progresivamente dende que comezou este plan de seguimento.

De acordo coa información actualizada a 31.12.2017, en Galicia existen 771 bens inmobles identificados cun número de rexistro individual. Son, por tanto, 118 máis que en 2012, o que representa un incremento do 18% en tan só cinco anos. Con referencia a isto, é preciso matizar que mudou lixeiramente a metodoloxía de cálculo deste indicador, xa que durante os tres primeiros informes do Plan de seguimento contabilizábanse tamén os bens mobles pero non se tiñan en conta os bens incoados.

A cantidade de BIC con declaración xenérica supera a de bens con declaración específica, especialmente na provincia de Pontevedra, onde representan o 84% do total provincial. En Galicia ascenden a 461 (60%) fronte a 310 (40%), pero a tendencia marcada pola serie temporal analizada indica que o peso relativo das declaracións específicas está aumentando moderadamente.

Dende o último informe, declaráronse catro BIC. Un deles xa estaba incoado e, polo tanto, computado en 2016: o pazo de Quintáns, en Sanxenxo. Os outros tres inclúense, por primeira vez, neste indicador: o petróglifo de Penaserrada (Outeiro de Rei), o castro de Fazouro (Foz) e a ponte sobre o río Ulla en Pontevea (na confluencia dos concellos de Teo e A Estrada).

En relación aos bens incoados durante o ano 2017, cómpre destacar que gran parte dos BIC están concentrados na Ribeira Sacra –tanto no val miñoto como no silense– e nas súas proximidades. Ademais da incoación como paisaxe cultural, que abrangue 13 concellos, tamén se incoaron tres lugares de valor etnográfico (adegas de Vilachá, fábrica da luz do río Mao e muíños do río Xábrega), dous xacementos arqueolóxicos (cidadela de Santa María e necrópole de Barxacova), unha zona arqueolóxica (túnel de Montefurado), un conxunto histórico (poboado dos Covallos) e 11 monumentos (igrexas de Santa María de Temes, de Nogueira de Miño, de Seteventos, de Pombeiro e de Santa María de Loio; mosteiro e igrexa de San Paio; mosteiro de Asma; capelas da Guadalupe e do poboado dos Peares; pazo de Tor; e subestación de Belesar). Fóra desta área, os expedientes aféctanlles ao arquipélago de Sálvora (Ribeira), á cova Eirós (Triacastela), ao pazo de San Isidro (Mondoñedo) e a Aquis Querquennis (Bande).

Coherencia co modelo territorial

Os resultados deste indicador mostran, a través de toda a serie temporal, que se evoluciona na liña marcada polas determinacións 9.1, 9.2, 1.2.q, 1.3 e 7.1.2.d das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

Un dos obxectivos perseguidos polas DOT consiste na valorización do patrimonio cultural como factor de atracción do territorio e potencial de desenvolvemento socioeconómico, especialmente nas áreas de menor dinamismo do país.

Polo tanto, a incoación de expediente para a declaración de BIC dun paisaxe cultural tan extenso como a Ribeira Sacra, localizada no medio rural, poderá contribuír a este obxectivo. Este potencial tamén está presente noutros bens incoados durante o ano 2017, dado que gran parte deles están localizados en parroquias cun grao de urbanización baixo, concretamente na ZPP baixa da clasificación GU 2016. A este respecto, hai que engadir que o medio rural ten unha estrutura poboacional máis avellentada que o resto do territorio e presenta, ademais, uns indicadores económicos e sociolaborais máis desfavorables, segundo a información divulgada polo IGE no Panorama rural-urbano.

Por outra parte, o feito de incoar e declarar bens de interese cultural na Ribeira Sacra pode valorarse como un paso intermedio na consecución dun obxectivo de máis alto nivel polo que está apostando a Administración, que consiste na presentación da súa candidatura para ser incluída na listaxe do Patrimonio Mundial da Humanidade pola UNESCO. Con este fito conseguiríase a proxección internacional dun ámbito xeográfico que atesoura innumerables atractivos dignos de protección: a paisaxe abrupta, a viticultura heroica, a arte románica, a olaría, as súas peculiares festas...


Unha evolución coherente co modelo territorial das DOT implica a conveniencia de continuar traballando nesta dirección. Noutras palabras, é preciso incrementar as incoacións e declaracións de BIC nas zonas nas que existen bens sobranceiros que aínda non foron rexistrados. Na Comunidade aínda existen 98 concellos sen ningún ben de interese cultural: máis da metade na provincia de Ourense, un cuarto na da Coruña, o 20% na de Pontevedra e o 19% na de Lugo.

Indicador: PC.A.01 Número de BIC

Número de BIC segundo tipo de declaración

Caderno Medida 01

IET
Decembro 2017




Variación no número de BIC durante o ano 2017

BIC total

- -1
- 0
- 1
- 2
- 3
- 4

Grao de urbanización dos concellos (GU 2016)

- ZDP (zonas densamente poboadas)
- ZIP (zonas intermedias)
- ZPP (zonas pouco poboadas)



Número de bens de interese cultural acumulados (2017)

BIC total

- Sen BIC
- 1 - 5
- 6 - 10
- 11 - 20
- 21 - 30
- 31 - 41

Núm. de BIC con declaración específica

- 1
- 5
- 10

Núm. de BIC con declaración xenérica

- 1
- 5
- 10

PC A 01 Número de BIC

Medida: **01 Número de BIC segundo tipo de declaración**

Descrición:

Esta medida subministra información sobre o número de bens de interese cultural inmobles que están identificados individualmente cun número de rexistro en cada un dos concellos galegos. Facilítase tanto o número total como o dato desagregado, atendendo ao tipo de declaración, que pode ser específica e xenérica.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.


- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:




PC.A.01 01 Número de BIC segundo tipo de declaración (2017)

Gráfico A Coruña:




PC.A.01 01 Número de BIC segundo tipo de declaración (2017)

Gráfico Lugo:




PC.A.01 01 Número de BIC segundo tipo de declaración (2017)

Gráfico Ourense:



PC.A.01 01 Número de BIC segundo tipo de declaración (2017)

Gráfico Pontevedra:



Indicador: PC.A.01

Número de BIC

Caderno Anexo

IET
Decembro 2017

Bloque	PATRIMONIO CULTURAL PC
Subbloque	ABUNDANCIA E DIVERSIDADE A
Nome	Número de BIC 01

NOTAS METODOLÓXICAS:

- A partir do cuarto informe incluíronse, no Plan seguimento das DOT, os bens en proceso de declaración (incoados) porque o réxime de incoación implica a protección efectiva, aínda que teña carácter provisional.

- Non están incluídos os bens inmateriais e, por primeira vez desde que se iniciou este plan de seguimento, tamén se eliminaron do cómputo os bens mobles porque non están adscritos territorialmente a ningunha localización.

- Aqueles bens que se sitúan ou afectan a varios concellos –como poden ser o Camiño de Santiago, a Comarca Eumesa e outros– están contados tantas veces como concellos afectados.

- Na columna de BIC específicos están incluídos os museos citados no Decreto 474/1962, do 1 de marzo, polo que determinados museos son declarados monumentos histórico-artísticos.

- Na columna BIC Artigo 60 están incluídos os museos, bibliotecas e arquivos aos que lles afecta o artigo 60 da Lei 16/85 LPHE e teñen, polo tanto, a consideración de BIC. Inclúe o MUNCYT, inaugurado en 2012.

- Ademais, coa entrada en vigor da LPCG (16.08.2016), tamén teñen consideración de BIC os museos, bibliotecas e arquivos de titularidade autonómica (art. 109.4, 110.3 e 111.1), polo que aumentaron cinco BIC.

- Na columna BIC Petróglifos están incluídos os gravados rupestres da provincia de Pontevedra declarados monumento por Decreto 3741 do 20.12.1974 e os petróglifos do concello de Mondariz relacionados na Resolución do 11.06.2013 aos que lles afecta o artigo 40.2 da Lei 16/85 LPHE.

- Na columna BIC Arte rupestre están incluídas as cámaras megalíticas e pedras fitas ou menhires ás que lles afecta o artigo 40.2 da Lei 16/85 LPHE e que foron publicadas por resolución de 15.03.2011 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

- Na columna BIC Castelos están incluídos os castelos que contan con núm. de rexistro, salvo a Porta de Carlos V de Viveiro que está contabilizado como BIC específico.

PROCESO DE CÁLCULO:

Os datos para calcular este parámetro de medida foron facilitados directamente polo departamento con competencias en materia de patrimonio cultural.

O arquivo orixinal consta de catro táboas provinciais con seis columnas de datos cada unha. O procesamento da información afectou tanto ás filas coma ás columnas.

O tratamento das filas consistiu en unir os datos de Oza dos Ríos e Cesuras, así como de Cerdedo e Cotobade, para obter información dos 313 concellos actuais.

O tratamento das columnas tivo como finalidade obter os valores correspondentes ao número de BIC total, BIC específicos e BIC xenéricos (BIC Artigo60+BIC Petróglifos+BIC Arte rupestre+BIC Castelos).

Finalmente, houbo que realizar os cálculos para o ámbito DOT completo, é dicir, para Galicia.

FONTES DE INFORMACIÓN:

Código	Descrición	Orixe datos	Data	Escala	Periodicidade	Natureza
	Número de BIC segundo tipo de declaración	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais)	31.12.2017	-	..	-
	Límites de concellos de Galicia	CNIG (Centro de descargas)	..	1:25,000	..	-

REFERENCIAS:

DATOS:

A Coruña:

codINE	concello	N° total de BIC (ano 2017)	N° de BIC con declaración específica (ano 2017)	N° de BIC con declaración xenérica (ano 2017)
15001	Abegondo	4	0	4
15002	Ames	0	0	0
15003	Aranga	2	0	2
15004	Ares	1	1	0
15005	Arteixo	0	0	0
15006	Arzúa	3	2	1
15007	A Baña	0	0	0
15008	Bergondo	2	2	0
15009	Betanzos	4	3	1
15010	Boimorto	2	1	1
15011	Boiro	3	1	2
15012	Boqueixón	1	0	1
15013	Brión	1	0	1
15014	Cabana de Bergantiños	3	2	1
15015	Cabanas	1	1	0
15016	Camariñas	1	0	1
15017	Cambre	2	1	1
15018	A Capela	2	2	0
15019	Carballo	0	0	0
15020	Carnota	0	0	0
15021	Carral	2	0	2
15022	Cedeira	0	0	0
15023	Cee	1	0	1
15024	Cerceda	1	0	1
15025	Cerdido	0	0	0
15027	Coirós	1	1	0
15028	Corcubión	2	1	1
15029	Coristanco	1	0	1
15030	A Coruña	15	11	4
15031	Culleredo	1	0	1
15032	Curtis	0	0	0
15033	Dodro	1	0	1
15034	Dumbría	1	0	1
15035	Fene	1	1	0
15036	Ferrol	8	2	6
15037	Fisterra	1	1	0
15038	Frades	0	0	0
15039	Irixoa	0	0	0
15040	Laxe	2	1	1
15041	A Laracha	1	0	1
15042	Lousame	1	1	0
15043	Malpica de Bergantiños	2	1	1
15044	Mañón	1	0	1
15045	Mazaricos	1	0	1
15046	Melide	3	2	1
15047	Mesía	1	0	1
15048	Miño	1	1	0
15049	Moeche	1	0	1
15050	Monfero	2	2	0
15051	Mugardos	2	1	1
15052	Muxía	1	1	0
15053	Muros	2	1	1
15054	Narón	1	1	0
15055	Neda	1	1	0
15056	Negreira	0	0	0
15057	Noia	6	4	2
15058	Oleiros	3	0	3
15059	Ordes	0	0	0
15060	Oroso	0	0	0
15061	Ortigueira	0	0	0
15062	Outes	0	0	0
15064	Paderne	1	1	0
15065	Padrón	7	6	1
15066	O Pino	2	2	0
15067	A Pobra do Caramiñal	2	2	0
15068	Ponteceso	1	0	1
15069	Pontedeume	4	3	1
15070	As Pontes de García Rodríguez	1	0	1
15071	Porto do Son	1	1	0
15072	Rianxo	2	2	0
15073	Ribeira	4	2	2
15074	Rois	0	0	0
15075	Sada	1	1	0
15076	San Sadurniño	2	1	1
15077	Santa Comba	1	0	1
15078	Santiago de Compostela	16	11	5
15079	Santiso	0	0	0
15080	Sobrado	2	2	0
15081	As Somozas	0	0	0
15082	Teo	1	1	0
15083	Toques	3	2	1
15084	Tordoia	1	1	0
15085	Touro	0	0	0
15086	Trazo	0	0	0
15087	Valdoviño	0	0	0
15088	Val do Dubra	0	0	0
15089	Vedra	1	1	0
15090	Vilasantar	1	1	0
15091	Vilarmaior	1	1	0
15092	Vimianzo	8	0	8
15093	Zas	2	0	2
15901	Cariño	0	0	0
15902	Oza-Cesuras	1	1	0
	TOTAL GALICIA	771	310	461

DATOS:

Lugo:

codINE	concello	N° total de BIC (ano 2017)	N° de BIC con declaración específica (ano 2017)	N° de BIC con declaración xenérica (ano 2017)
27001	Abadín	2	1	1
27002	Alfoz	2	0	2
27003	Antas de Ulla	4	0	4
27004	Baleira	1	1	0
27005	Barreiros	1	1	0
27006	Becerreá	1	1	0
27007	Begonte	2	1	1
27008	Bóveda	0	0	0
27009	Carballedo	7	5	2
27010	Castro de Rei	4	2	2
27011	Castroverde	5	2	3
27012	Cervantes	4	1	3
27013	Cervo	2	2	0
27014	O Corgo	1	0	1
27015	Cospeito	2	0	2
27016	Chantada	11	6	5
27017	Folgoso do Courel	3	2	1
27018	A Fonsagrada	2	1	1
27019	Foz	3	2	1
27020	Friol	4	2	2
27021	Xermade	1	0	1
27022	Guitiriz	2	1	1
27023	Guntín	7	2	5
27024	O Incio	3	2	1
27025	Xove	0	0	0
27026	Láncara	0	0	0
27027	Lourenzá	3	2	1
27028	Lugo	14	11	3
27029	Meira	1	1	0
27030	Mondoñedo	6	4	2
27031	Monforte de Lemos	5	3	2
27032	Monterroso	5	1	4
27033	Muras	2	0	2
27034	Navia de Suarna	1	0	1
27035	Negueira de Muñiz	0	0	0
27037	As Nogais	3	1	2
27038	Ourol	0	0	0
27039	Outeiro de Rei	2	0	2
27040	Palas de Rei	5	3	2
27041	Pantón	8	6	2
27042	Paradela	4	4	0
27043	O Páramo	1	0	1
27044	A Pastoriza	0	0	0
27045	Pedrafita do Cebreiro	2	1	1
27046	Pol	0	0	0
27047	A Pobra do Brollón	2	2	0
27048	A Pontenova	0	0	0
27049	Portomarín	3	3	0
27050	Quiroga	5	3	2
27051	Ribadeo	5	3	2
27052	Ribas de Sil	1	1	0
27053	Ribeira de Piquín	0	0	0
27054	Riotorto	0	0	0
27055	Samos	3	3	0
27056	Rábade	0	0	0
27057	Sarria	5	3	2
27058	O Saviñao	6	5	1
27059	Sober	3	2	1
27060	Taboada	2	1	1
27061	Trabada	1	1	0
27062	Triacastela	1	1	0
27063	O Valadouro	1	0	1
27064	O Vicedo	0	0	0
27065	Vilalba	5	1	4
27066	Viveiro	8	5	3
27901	Baralla	1	0	1
27902	Burela	0	0	0
	TOTAL GALICIA	771	310	461

DATOS:

Ourense:

codINE	concello	N° total de BIC (ano 2017)	N° de BIC con declaración específica (ano 2017)	N° de BIC con declaración xenérica (ano 2017)
32001	Allariz	5	5	0
32002	Amoeiro	0	0	0
32003	A Arnoia	0	0	0
32004	Avión	0	0	0
32005	Baltar	0	0	0
32006	Bande	2	2	0
32007	Baños de Molgas	1	1	0
32008	Barbadás	0	0	0
32009	O Barco de Valdeorras	1	0	1
32010	Beade	0	0	0
32011	Beariz	0	0	0
32012	Os Blancos	0	0	0
32013	Boborás	4	4	0
32014	A Bola	0	0	0
32015	O Bolo	1	1	0
32016	Calvos de Randín	0	0	0
32017	Carballeda de Valdeorras	0	0	0
32018	Carballeda de Avia	1	0	1
32019	O Carballiño	1	1	0
32020	Cartelle	1	0	1
32021	Castrelo do Val	0	0	0
32022	Castrelo de Miño	0	0	0
32023	Castro Caldelas	4	3	1
32024	Celanova	4	3	1
32025	Cenlle	0	0	0
32026	Coles	0	0	0
32027	Cortegada	0	0	0
32028	Cualedro	1	1	0
32029	Chandrexa de Queixa	0	0	0
32030	Entrimo	0	0	0
32031	Esgos	1	1	0
32032	Xinzo de Limia	1	0	1
32033	Gomesende	0	0	0
32034	A Gudiña	0	0	0
32035	O Irixo	0	0	0
32036	Xunqueira de Ambía	2	1	1
32037	Xunqueira de Espadanedo	1	1	0
32038	Larouco	0	0	0
32039	Laza	0	0	0
32040	Leiro	1	1	0
32041	Lobeira	2	1	1
32042	Lobios	0	0	0
32043	Maceda	1	0	1
32044	Manzaneda	2	1	1
32045	Maside	0	0	0
32046	Melón	1	1	0
32047	A Merca	1	1	0
32048	A Mezquita	0	0	0
32049	Montederramo	1	1	0
32050	Monterrei	2	2	0
32051	Muíños	2	1	1
32052	Nogueira de Ramuín	2	2	0
32053	Oímbra	0	0	0
32054	Ourense	12	10	2
32055	Paderne de Allariz	0	0	0
32056	Padrenda	0	0	0
32057	Parada de Sil	4	4	0
32058	O Pereiro de Aguiar	1	0	1
32059	A Peroxa	3	1	2
32060	Petín	0	0	0
32061	Piñor	0	0	0
32062	Porqueira	1	0	1
32063	A Pobra de Trives	2	2	0
32064	Pontedeva	0	0	0
32065	Punxín	0	0	0
32066	Quintela de Leirado	0	0	0
32067	Rairiz de Veiga	1	0	1
32068	Ramirás	0	0	0
32069	Ribadavia	4	3	1
32070	San Xoán de Río	0	0	0
32071	Riós	0	0	0
32072	A Rúa	0	0	0
32073	Rubiá	0	0	0
32074	San Amaro	0	0	0
32075	San Cibrao das Viñas	0	0	0
32076	San Cristovo de Cea	1	1	0
32077	Sandiás	1	0	1
32078	Sarreaus	1	0	1
32079	Taboadela	1	0	1
32080	A Teixeira	1	1	0
32081	Toén	0	0	0
32082	Trasmiras	0	0	0
32083	A Veiga	0	0	0
32084	Verea	1	0	1
32085	Verín	0	0	0
32086	Viana do Bolo	1	0	1
32087	Vilamarín	0	0	0
32088	Vilamartín de Valdeorras	0	0	0
32089	Vilar de Barrio	1	0	1
32090	Vilar de Santos	0	0	0
32091	Vilardevós	0	0	0
32092	Vilariño de Conso	0	0	0
	TOTAL GALICIA	771	310	461

DATOS:

Pontevedra:

codINE	concello	Nº total de BIC (ano 2017)	Nº de BIC con declaración específica (ano 2017)	Nº de BIC con declaración xenérica (ano 2017)
36001	Arbo	0	0	0
36002	Barro	0	0	0
36003	Baiona	1	1	0
36004	Bueu	1	0	1
36005	Caldas de Reis	2	1	1
36006	Cambados	4	3	1
36007	Campo Lameiro	28	1	27
36008	Cangas	10	1	9
36009	A Cañiza	0	0	0
36010	Catoira	5	1	4
36013	Covelo	2	0	2
36014	Crecente	0	0	0
36015	Cuntis	5	0	5
36016	Dozón	0	0	0
36017	A Estrada	3	2	1
36018	Forcarei	4	1	3
36019	Fornelos de Montes	1	0	1
36020	Agolada	8	1	7
36021	Gondomar	5	1	4
36022	O Grove	1	0	1
36023	A Guarda	4	2	2
36024	Lalín	3	1	2
36025	A Lama	1	0	1
36026	Marín	16	0	16
36027	Meaño	0	0	0
36028	Meis	3	1	2
36029	Moaña	6	0	6
36030	Mondariz	41	0	41
36031	Mondariz-Balneario	0	0	0
36032	Moraña	4	0	4
36033	Mos	1	0	1
36034	As Neves	8	0	8
36035	Nigrán	5	3	2
36036	Oia	7	1	6
36037	Pazos de Borbén	19	0	19
36038	Pontevedra	21	8	13
36039	O Porriño	2	1	1
36040	Portas	0	0	0
36041	Poio	12	2	10
36042	Ponteareas	3	1	2
36043	Ponte Caldelas	3	0	3
36044	Pontecesures	0	0	0
36045	Redondela	5	1	4
36046	Ribadumia	0	0	0
36047	Rodeiro	2	0	2
36048	O Rosal	1	1	0
36049	Salceda de Caselas	0	0	0
36050	Salvaterra de Miño	4	0	4
36051	Sanxenxo	2	1	1
36052	Silleda	4	1	3
36053	Soutomaior	2	0	2
36054	Tomiño	6	0	6
36055	Tui	5	3	2
36056	Valga	1	0	1
36057	Vigo	16	9	7
36058	Vilaboa	8	0	8
36059	Vila de Cruces	1	0	1
36060	Vilagarcía de Arousa	5	3	2
36061	Vilanova de Arousa	5	3	2
36901	A Illa de Arousa	0	0	0
36902	Cerdedo-Cotobade	29	0	29
	TOTAL GALICIA	771	310	461

GLOSARIO:

BIC: Ben de interese cultural

Decreto 3741 do 20.12.1974: Decreto 3741/1974, do 20 de decembro, polo que se declaran monumentos histórico-artísticos de carácter nacional os gravados rupestres existentes na provincia de Pontevedra.

DOT: Directrices de ordenación do territorio

DXPC: Dirección Xeral de Patrimonio cultural

IGE: Instituto Galego de Estatísitca

LPHE: Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español

LPCG: Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

MUNCYT: Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía

Mupega: Museo Pedagóxico de Galicia

Resolución do 15.03.2011: Resolución do 15 de marzo de 2011, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, pola que se acorda dar publicidade á relación de xacigos megalíticos con arte rupestre e se ordena o seu asento no Rexistro de Bens de Interese Cultural (DOG núm. 70 do 8 de abril de 2011).

Resolución do 11.06.2013: Resolución do 11 de xuño de 2013, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se dá publicidade á relación de petróglifos do concello de Mondariz e se ordena o seu asento no Rexistro de Bens de Interese Cultural (DOG núm. 130, do 10 de xuño de 2013).

ZPP baixa: zona pouco poboada baixa

Xunta de Galicia

PC.B.01

Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

Este indicador ten como obxectivo avaliar a evolución das accións directas ou indirectas sobre os bens patrimoniais galegos que teñen como obxectivo a súa conservación e/ou rehabilitación, como aproximación á intensidade do proceso de conservación e valorización do patrimonio.

Medidas do indicador:

1. Número de actuacións sobre bens patrimoniais (2017)
2. Conxuntos históricos con/sen plans especiais (2017)

Descrición do indicador:


Este indicador consta de dúas medidas.

Coa primeira preténdese contabilizar o número de autorizacións para actuar nos bens patrimoniais galegos que teñen como finalidade a súa conservación e rehabilitación e, polo tanto, a súa valorización. Estas autorizacións son concedidas ou ben pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural ou ben polos concellos que contan con plans especiais de protección dos seus conxuntos históricos.

En relación ás concedidas pola DXPC, os datos desagréganse diferenciando os departamentos territoriais, as comisións territoriais, a Comisión mixta Xunta-Igrexa, Arqueoloxía, o Comité do Camiño e as actuacións da propia DXPC.

A segunda medida procura afondar na segunda casuística, mostrando o panorama dos conxuntos históricos, xa que algúns concellos contan con plans especiais de protección aprobados -tal como marca a lei-, mais outros aínda teñen que facer un esforzo para adaptarse á lexislación vixente. De xeito máis pormenorizado, esta medida desagrega os datos diferenciando tres clases de conxuntos históricos: os cascos antigos, os espazos urbanos ou agrupacións de bens e os territorios.

Evolución do indicador:



Bloque	PATRIMONIO CULTURAL PC
Subbloque	VALORIZACIÓN B
Nome	Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais 01

Estado:

A serie temporal analizada amosa unha tendencia crecente do número de autorizacións concedidas para actuar sobre os bens patrimoniais dende que comezou este plan de seguimento, pero ao non conseguir totalizar a cantidade de autorizacións dos concellos que contan con plans especiais nos seus conxuntos históricos, non se pode contabilizar con exactitude este incremento. En 2013 computáronse 6.829 autorizacións e nos anos seguintes superáronse as cifras que figuran a continuación: 7.225 en 2014, 7.657 en 2015, 8.007 en 2016 e 8.933 en 2017, ás que habería que sumar as licencias municipais das que non se deu conta á Consellería de Cultura. En total, concedéronse máis de 38.651.

A maioría das autorizacións foron concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e principalmente polos departamentos e comisións territoriais. Continúan destacando, polo incremento que van experimentando ano tras ano, as do Comité do Camiño, que en 2017 xa se aproximan ás 2.000.

Xa se sinalara no informe anterior que, pola contra, as autorizacións para realizar actuacións arqueolóxicas (sondaxes, escavacións e posta en valor de bens arqueolóxicos) decaeron considerablemente en 2016 (ata as 135) e en 2017 non conseguiron recuperarse dun xeito significativo (176).

Polo que se refire á medida 2, Galicia conta con 33 conxuntos históricos no ano 2017: 11 na provincia da Coruña, 9 en Lugo, 7 en Pontevedra e 6 en Ourense. Hai, por tanto, un máis que o ano anterior, por mor da incoación dun espazo urbano, que aínda non conta cun plan especial, no concello de Quiroga. Trátase do poboado dos Covallos de Montefurado, que se erixiu a mediados do século XX para albergar o persoal de Iberdrola que traballaba nas centrais do Sil; contaba con vivendas e edificios de uso administrativo, educativo, comercial e relixioso. A disposición do conxunto ilustra a transformación paisaxística que se levou a cabo en diferentes lugares de Galicia co gallo da construcción dos grandes encoros.

No tocante á aprobación de plans especiais, non houbo novidades dende o informe anterior. Ao contrario, o recoñecemento do Poboado de Covallos como conxunto histórico supón o incremento do número de conxuntos que precisan redactar e aprobar este tipo de instrumentos de planeamento para salvagardar os seus valores culturais.

Coherencia co modelo territorial

Para manter a filosofía tanto da Estratexia E2020 como das DOT, é necesario valorizar o patrimonio cultural como un elemento identitario e un factor de desenvolvemento económico.

A integración dese obxectivo, tanto nas actuacións públicas como privadas, está asegurada coa tutela das Administracións encargadas de conceder as autorizacións preceptivas (Dirección Xeral de Protección Cultural e concellos). E segundo amosan os resultados da primeira medida deste indicador, o número destas autorizacións vai aumentando ano tras ano, a pesar de que a información está incompleta porque non se dispón dos datos completos relativos aos concellos das provincias da Coruña e Ourense que teñen conxuntos históricos con plans especiais de protección.


Precisamente este tipo de figuras de planeamento urbanístico –os plans especiais de protección– teñen unha incidencia trascendental na conservación e rehabilitación do patrimonio cultural e, ademais, a potenciación da súa imaxe ten consecuencias directas sobre a súa función residencial e a súa actividade económica. Pero, os resultados da segunda medida deste indicador, amosan que, durante o anos 2017, non se aprobou ningún plan especial novo, a pesar de que os planeamentos teñen que adaptarse á lexislación vixente. É preciso, por tanto, que se vaian aprobando os que están en vías de tramitación e que se inicie a redacción dos que aínda non iniciaron este procedemento.

Indicador: PC.B.01 Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais

Número de actuacións sobre bens patrimoniais

Caderno Medida 01


IET
Decembro 2017




Número de actuacións sobre bens patrimoniais (ano 2013)
(só datos con desagregación provincial)



- Departamentos territoriais
- Comisións territoriais
- Comisión mixta Xunta-Igrexa
- Arqueoloxía
- D. X. de Patrimonio Cultural



Número de actuacións sobre bens patrimoniais (ano 2017)
(só datos con desagregación provincial)



- Departamentos Territoriais
- Comisións Territoriais
- Comisión mixta Xunta-Igrexa
- Arqueoloxía
- D. X. Patrimonio Cultural

PC B 01 Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais

Medida: **01 Número de actuacións sobre bens patrimoniais**

Descrición:

Esta medida contabiliza o número de autorizacións concedidas para actuar en bens patrimoniais, diferenciando as concedidas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e as licenzas outorgadas polos concellos en virtude da aprobación dun plan especial de protección dun conxunto histórico.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.

- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha


Gráfico:



NOTA: Os resultados son incompletos porque falta o dato do control municipal relativo ás autorizacións que deron os concellos das provincias da Coruña e Ourense que contan con conxuntos históricos con plans especiais de protección aprobados.

PC.B.01 01 Número de actuacións sobre bens patrimoniais (2017)


Gráfico ámbito DOT:



NOTA: Os resultados son incompletos porque falta o dato do control municipal relativo ás autorizacións que deron os concellos das provincias da Coruña e Ourense para os conxuntos históricos con plans especiais de protección aprobados.

PC.B.01 01 Número de actuacións sobre bens patrimoniais (2017)

Gráfico ámbito DOT:




NOTA: Neste gráfico só se representan os datos dispoñibles a nivel provincial.

Indicador: PC.B.01 Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais

Conxuntos históricos con/sen plans especiais

Caderno Medida 02

IET
Decembro 2017




Conxuntos históricos con/sen plans especiais (2013)



Con plans especiais de protección

Sen plans especiais de protección



Conxuntos históricos con/sen plans especiais (2017)



Con plans especiais de protección

Sen plans especiais de protección

PC B 01 Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais

Medida: **02 Conxuntos históricos con/sen plans especiais**

Descrición:

Esta medida contabiliza os bens declarados BIC coa categoría de Conxunto histórico, diferenciando os que contan cun plan especial aprobado e os que non.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.


- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:




PC.B.01 02 Conxuntos históricos con/sen plans especiais (2017)

Gráfico A Coruña:




PC.B.01 02 Conxuntos históricos con/sen plans especiais (2017)

Gráfico Lugo:




PC.B.01 02 Conxuntos históricos con/sen plans especiais (2017)

Gráfico Ourense:



PC.B.01 01 Conxuntos históricos con/sen plans especiais (2017)

Gráfico Pontevedra:



Indicador: PC.B.01

Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais

Caderno Anexo

IET
Decembro 2017

Bloque	PATRIMONIO CULTURAL	PC
Subbloque	VALORIZACIÓN	B
Nome	Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais	01

NOTAS METODOLÓXICAS:

En relación á segunda medida (conxuntos históricos con/sen plans especiais), é preciso aclarar que o conxunto histórico é unha das nove categorías de bens inmobles declarados de interese cultural ou catalogados que establece a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, xunto coas de monumento, xardín histórico, sitio histórico, xacemento ou zona arqueolóxica, vías culturais, lugar de valor etnolóxico, paisaxe cultural e territorio histórico.

Un conxunto histórico é unha agrupación de bens que conforman unha unidade de asentamento, continua ou dispersa, cunha estrutura física representativa da evolución dunha comunidade que resulta un testemuño cultural significativo por interese artístico, histórico, arquitectónico, arqueolóxico, etnolóxico, industrial ou científico e técnico, aínda que individualmente os elementos que a conforman non teñan unha especial relevancia.

A declaración dun conxunto histórico determina a obriga para o Concello no que se atope de redactar un plan especial de protección da área afectada. Unha vez aprobado definitivamente o plan especial de protección, os concellos serán competentes para autorizar as obras que se soliciten, incluídas as dos contornos dos monumentos declarados, e deberanlle dar conta á Consellería de Cultura das licencias concedidas nun prazo máximo de dez días. En todo caso, as intervencións arqueolóxicas requirirán a autorización da Consellería de Cultura.

PROCESO DE CÁLCULO:

Os datos foron facilitados directamente polo departamento con competencias en materia de patrimonio cultural.

FONTES DE INFORMACIÓN:

Código	Descrición	Orixe datos	Data	Escala	Periodicidade	Natureza
	Número de autorizacións para actuar sobre bens patrimoniais desagregando o concesionario (DXPC e concellos)	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais)	31.12.2017	-	Anual	
	Número de conxuntos históricos con/sen plan especial aprobado segundo provincia e tipoloxía (cascos antigos, espazos urbanos ou agrupación de bens, territorios)	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais)	31.12.2017	-	Anual	

REFERENCIAS:

Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

DATOS: medida 1

codINE	provincia	Total	Autorizacións da Dirección xeral do Patrimonio Cultural (ano 2017)							Autorizacións dos concellos (ano 2017)
			Total DXPC	Dptos territoriais	Comisións territoriais	Comisión mixta Xunta-Igrexa	Arqueoloxía	Inversións da D. X.P.C.	Comité do Camiño	Concellos con conxunto histórico con Plan especial
15	A Coruña	..	..	1.189	995	150	52	33	..	..
27	Lugo	..	..	680	490	117	27	26	..	88
32	Ourense	..	..	588	423	74	25	30	..	69*
36	Pontevedra	..	..	625	936	94	72	24	..	170
	TOTAL GALICIA	8.933*	8.606	3.082	2.844	435	176	113	1.956	327*

* Resultados incompletos porque faltan algúns datos do control municipal que reflicte as autorizacións que están dando os concellos.

DATOS: medida 2

codINE	provincia	Conxuntos históricos (ano 2017)	Conxuntos históricos con plan especial aprobado (ano 2017)				Conxuntos históricos sen plan especial aprobado (ano 2017)			
			Total con plan	Cascos antigos	Espazos urbanos ou agrupación de bens	Territorios	Total sen plan	Cascos antigos	Espazos urbanos ou agrupación de bens	Territorios
15	A Coruña	11	8	8	0	0	3	0	3	0
27	Lugo	9	3	2	1	0	6	4	2	0
32	Ourense	6	4	4	0	0	2	1	1	0
36	Pontevedra	7	5	5	0	0	2	1	1	0
	TOTAL GALICIA	33	20	19	1	0	13	6	7	0

GLOSARIO:

DOT: Directrices de ordenación do territorio de Galicia

DXPC: Dirección Xeral de Patrimonio Cultural



Sustentabilidade Territorial

Plan de Seguimento das DOT

Anexo I:
Traballo desenvolvido polos GTT
Valoración e tendencia dos indicadores

Anexo II: Volume 2
Indicadores de Desenvolvemento e Implantación (IDI)

Indicadores de Sustentabilidade Territorial (IST)

Anexo III:
Indicador sintético

INFORME 2018

INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO

XUNTA DE GALICIA

RELACIÓN DE INDICADODRES DE SUSTENTABILIDADE TERRITORIAL (IST):

CÓDIGO	INDICADOR IST	MEDIDAS
SEA01	Variación da poboación (nº de habitantes)	1. Porcentaxe de variación da poboación nun intervalo de 10 anos
		2. Porcentaxe de variación da poboación nun intervalo de 5 anos
		3. Porcentaxe de variación da poboación respecto ao ano anterior
SEA02	Densidade de poboación	1. Habitantes por km2
		2. Densidade de poboación en ZPP superbaixa
SEA03	Evolución da poboación en áreas pouco poboadas	1. Porcentaxe de poboación en ZPP superbaixa
		2. Porcentaxe de poboación fóra do NET
SED01	Diversidade de actividades económicas	1. Índice de diversidade de Shannon
		2. Nº de establecementos empresariais por cada 1.000 habitantes
SED02	Actividade comercial	1. Número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes
SEE01	Poboación ocupada por ramas de actividade	1. Porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade
SEG01	Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais	1. Porcentaxe da poboación con cobertura de banda larga
		2. Porcentaxe de núcleos con cobertura de banda larga
SEH01	Agricultura ecolóxica	1. Superficie de agricultura ecolóxica
		2. Porcentaxe de superficie de agricultura ecolóxica respecto á superficie de cultivos, prados e pasteiros
		3. Superficie total de agricultura ecolóxica
		4. Operadores de agricultura ecolóxica
SEH02	Especialización gandeira	1. Porcentaxe de UG de cada especie
		2. Número de UG de cada especie
		3. Número de vacas
		4. Número de prazas de porcino
SEH03	Carga gandeira	1. Unidades gandeiras (UG) de bovino, ovino, caprino e equino con respecto da superficie de cultivos, prados e pasteiros
		2. Unidades gandeiras (UG) de bovino, ovino, caprino, equino, porcino e aves con respecto da superficie de cultivos, prados e pasteiros
		3. Unidades gandeiras (UG) de porcino e aves con respecto da superficie de cultivos, prados e pasteiros
SEH04	Especialización agrícola	1. Porcentaxe de superficie en hectáreas ocupadas por grupo de cultivo respecto da superficie de cultivo, prados e pasteiros (incluíndo cultivos asociados e sucesivos).
		2. Superficie en hectáreas ocupadas por grupo de cultivo (incluíndo cultivos asociados e sucesivos).
SEH06	Estrutura territorial agraria	1. Distribución relativa das coberturas nas zonas de concentración
		2. Variación relativa da SAU (2005 – 2014)
SEI01	Especialización acuícola	1. Porcentaxe en valor económico de cada especie, ou grupo de especies, na acuicultura respecto do total
		2. Porcentaxe en produción de cada especie, ou grupo de especies, na acuicultura respecto do total
		3. Valor económico de mexillón por distrito marítimo
		4. Produción de mexillón por distrito marítimo

Xunta de Galicia

SE.A.01

Variación da poboación (nº de habitantes)

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

O obxectivo deste indicador consiste en analizar a dinámica do crecemento ou decrecemento poboacional nos últimos 10 anos.

A poboación non se asenta sobre o territorio de modo uniforme, senón que tende a concentrarse e medrar nas áreas urbanas e litorais. Pola contra, o resto do territorio está en proceso de despoboación, o que ameaza a supervivencia dos asentamentos rurais e, con estes, os sectores produtivos agroforestais directamente responsables da paisaxe rural galega, un dos aspectos fundamentais e elemento catalizador das actuacións no territorio.

A natureza de valores tan dispares pon de manifesto dous fenómenos de gran relevancia, como son a presión antrópica sobre os ecosistemas naturais e a infrautilización dos recursos naturais na economía do país.

Medidas do indicador:

1. Variación relativa en tanto por cen en 10 anos (2007-2017) (1)
2. Variación relativa en tanto por cen en cinco anos (2012-2017) (2)
3. Variación relativa en tanto por cen nun ano (2016-2017) (3)

(1) Denominación inicial: Porcentaxe de variación da poboación nun intervalo de 10 anos

(2) Denominación inicial: Porcentaxe de variación da poboación nun intervalo de cinco anos

(3) Denominación inicial: Porcentaxe de variación da poboación respecto ao ano anterior


Descrición do indicador:

Este indicador cuantifica a evolución do tamaño poboacional dun ámbito territorial concreto durante un intervalo de tempo. A variación pode ser positiva (incremento) ou negativa (decrecemento), e exprésase en tantos por cen.

Para o cálculo deste indicador considérase unicamente a poboación empadroada, é dicir, a que figura nas Revisións anuais dos Padróns municipais, cuxa data de referencia é o 1 de xaneiro de cada ano. Cómpre aclarar que non se ten en conta á poboación flotante, é dicir, aquela que reside noutros concellos e que se pode desprazar ao concello de referencia por motivos diversos: traballo, estudos, turismo etc.

Este indicador mostra tres parámetros de expresión diferentes, atendendo a diferentes períodos de referencia dos datos, que sempre rematan no ano 2016. Os tres intervalos temporais contemplados son o último decenio, o último lustro e o último ano

Evolución do indicador:



Bloque	SOCIEDADE E ECONOMÍA SE
Subbloque	ESPECTRO SOCIAL A
Nome	Variación da poboación (nº de habitantes) 01

Estado:

As estatísticas confirman que se acentúa o declive demográfico en Galicia: o número de residentes decaeu ata os 2.708.339 no ano 2017.

Na última década (2007-2017) perdéronse 64.194 habitantes, o que supón unha variación relativa do -2,3%; no último lustro (2012-2017) a dita variación acadou o -2,6% e, no último ano (2016-2017), cifrouse en -0,4%.

A sangría afecta a todas as provincias pero con desigual intensidade. De feito, as orientais –Ourense e Lugo, por esta orde– amosan un comportamento peor cá media galega nos tres períodos analizados. Para simplificar, neste decenio só están a medrar algúns concellos da periferia urbana de Ourense (San Cibrao das Viñas, Barbadás, Allariz, O Pereiro de Aguiar) e O Carballiño. En Lugo, as únicas excepcións constitúenas a propia capital provincial e Outeiro de Rei –ao seu carón–, así como tres concellos da Mariña: Burela, Ribadeo e Foz.

Como se apuntou anteriormente, as provincias atlánticas perden poboación a un ritmo menor, especialmente Pontevedra, onde 21 concellos costeiros ou próximos ao litoral aínda rexistran unha variación poboacional positiva. Este dinamismo tamén se propaga pola franxa que se dispón dende o sueste da área urbana de Vigo ata o val do Miño (comarcas do Baixo Miño e O Condado).

Na Coruña, contabilizáronse 22 municipios cunha evolución positiva. Sitúanse, sobre todo, na área urbana de Santiago (Ames, Oroso, Brión, Cambre, Teo, Santiago de Compostela) e na periferia de rexión urbana da Coruña-Ferrol (Arteixo, Miño, Culleredo, Sada, Oleiros, Carral, Coirós, Narón, A Laracha, Cabanas, Bergondo, Ares). Fóra destas zonas, cabe destacar o incremento experimentado polos concellos de Negreira, Carballo, Boiro e Ordes.

De modo resumido, a porcentaxe de concellos con variación negativa ascende ao 83% no período interdecenal, o 91% no quinquenal e ao 85% no anual.

A comparativa municipal segue a manifestar a existencia de grandes desequilibrios territoriais pero parecen estar acurtándose, dado que hai 64,3 e 32,4 puntos porcentuais de diferenza entre os valores máximos e mínimos (no períodos decenal e quinquenal respectivamente) fronte aos 74,7 e os 48,2 rexistrados no informe anterior.

Coherencia co modelo territorial

Os resultados obtidos nos tres niveles do sistema de asentamentos con influencia supramunicIpal (grandes cidades, sistema urbano intermedio e nodos para o equilibrio do territorio) continúan reflectindo unha diminución poboacional.

Concretamente, no primeiro chanzo do sistema, a variación relativa foi do 0,2% (década), do -1,2% (lustro) e do -0,2% (ano); no segundo nivel descendeu algo máis: -1,7%, -2,8% e -0,4%; e, no terceiro, aínda foi máis desfavorable: -8,6%, -5,2% e -0,8%.

Cabe destacar que os valores correspondentes ás cidades e ao SUI empeoran lixeiramente respecto aos comentados no informe anterior pero melloran no caso dos NET. Que este nivel –o que peor se comporta de momento– suavice o seu ritmo de declive é especialmente interesante porque estes núcleos son os que lle proporcionan funcións urbanas básicas á poboación rural, moitas veces, nun contexto de despoboamento xeneralizado na súa contorna. Polo tanto, resultan imprescindibles para a ordenación equilibrada do territorio, en coherencia coa filosofía das DOT.

Como ven acontecendo durante o tempo de vixencia deste sistema de seguimento, unha análise máis pormenorizada da información permite detectar diferentes ritmos evolutivos, e mesmo distintas tendencias, dentro de cada un deses tres niveis do sistema de asentamentos.

Entre as grandes cidades, obsérvase que tanto Pontevedra como Santiago de Compostela continúan medrando (3,1% e 2,9%), mentres que Lugo –a urbe que máis creceu no último decenio (4,4%)– xa mostra indicios de decrecemento (medida 2 e 3), evocando o proceso que sufriron as restantes cidades.

Entre os nodos do SUI, o máis salientable, respecto ao anterior informe, é que o número de concellos que estiveron gañando poboación no último decenio descendeu de 15 a 8.


No chanzo dos NET os concellos dinámicos coinciden cos do último informe (Allariz, Negreira, Ordes e Caldas de Reis) pero detectouse un aumento do intervalo que abrangue os valores extremos, o que denota un incremento da desigualdade entre municipios e un decrecemento máis acusado nalgúns deles.

Indicador: SE.A.01 Variación da poboación (nº de habitantes)

Variación relativa en tanto por cen en 10 anos


Caderno Medida 01

IET
Decembro 2017



Variación relativa en tanto por cen en 10 anos (2001-2011)

- -32 - -15
- -14 - -7
- -6 - 0
- 1 - 7
- 8- 35
- 36 - 65



Variación relativa en tanto por cen en 10 anos (2007-2017)

- -39 - -32
- -31 - -15
- -14 - -7
- -6 - 0
- 1 - 7
- 8 - 25

SE A 01 Variación da poboación (nº de habitantes)


Medida: **01 Variación relativa en tanto por cen en 10 anos**

Descrición:

Variación relativa da poboación nun intervalo de 10 anos (2007-2017), expresada en tanto por cen.

Nota: Modificouse a denominación desta medida respecto ao informe nº 1, pero non o seu cálculo.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.


- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados.
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía.
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente.
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha.

Gráfico:




SE.A.01 01 Variación relativa en tanto por cen en 10 anos (2007-2017)

Gráfico A Coruña:




SE.A.01 01 Variación relativa en tanto por cen en 10 anos (2007-2017)

Gráfico Lugo:




SE.A.01 01 Variación relativa en tanto por cen en 10 anos (2007-2017)

Gráfico Ourense:



SE.A.01 01 Variación relativa en tanto por cen en 10 anos (2007-2017)

Gráfico Pontevedra:




Indicador: SE.A.01 Variación da poboación (nº de habitantes)

Variación relativa en tanto por cen en cinco anos


Caderno Medida 02

IET
Decembro 2017



Variación relativa en tanto por cen en cinco anos (2006-2011)

- -19 - -15
- -14 - -7
- -6 - 0
- 0 - 6
- 7 - 14
- 15 - 24



Variación relativa en tanto por cen en cinco anos (2012-2017)

- -23 - -20
- -19 - -15
- -14 - -7
- -6 - 0
- 0 - 6
- 7 - 9

SE A 01 Variación da poboación (nº de habitantes)


Medida: **02 Variación relativa en tanto por cen en cinco anos**

Descrición:

Variación relativa da poboación nun intervalo de cinco anos (2012-2017), expresada en tanto por cen.

Nota: Modificouse a denominación da medida respecto ao informe nº 1, pero non o seu cálculo.


Ámbitos territoriais:



Vivendas de uso turístico: vivendas cedidas a terceiras persoas, de forma reiterada e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración, amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características previstas no Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia. A cesión deste tipo de vivendas será da totalidade da vivenda, sen que se permita a cesión por estancias, de conformidade co disposto no artigo 5.e) da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos. As vivendas de uso turístico poderán ser comercializadas, ademais de polas empresas turísticas reguladas no artigo 33.1 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, polos/as seus/súas propietarios/as ou persoa física ou xurídica que os/as represente. Neste último suposto non se aplicará o disposto no artigo 33.2 da Lei 7/2011, do 27 de outubro.

Cómpre engadir que se consideran estadías de curta duración aquelas en que a cesión de uso é inferior a trinta días consecutivos e que se considera cesión reiterada cando a vivenda se ceda dúas ou máis veces dentro do período dun ano.

As persoas propietarias e/ou comercializadoras quedarán obrigadas fronte á Administración turística ao cumprimento das obrigas impostas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, e no Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, e responderán de maneira solidaria fronte a aquela. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade perante a Administración turística.

As vivendas de uso turístico estarán situadas en solo de uso residencial. Ademais, cando a normativa urbanística o permita, as vivendas de uso turístico poderán estar situadas en solos de uso distinto ao residencial. Os concellos poderán establecer limitacións no que respecta ao número máximo de vivendas de uso turístico por edificio ou por sector. No caso de que a vivenda estea situada en solo rústico de conformidade co establecido na normativa reguladora do réxime do solo de Galicia, unicamente poderán ter a condición de vivenda de uso turístico as edificacións legalmente existentes naquel.

Vivendas turísticas: establecementos unifamiliares illados nos cales se presta servizo de aloxamento turístico, cun número de prazas non superior a dez e que dispoñen, por estrutura e servizos, das instalacións e do mobiliario adecuado para a súa utilización inmediata, así como para a conservación, elaboración e consumo de alimentos dentro do establecemento. A comercialización da vivenda turística deberá consistir na cesión temporal do uso e desfrute da totalidade da vivenda, polo que non se permite a formalización de contratos por cuartos ou a coincidencia dentro da vivenda de usuarios que formalicen distintos contratos.

No caso de que o establecemento estea situado en solo rústico de conformidade co establecido na normativa reguladora do réxime do solo de Galicia, unicamente poderá ter a condición de vivenda turística cando se trate de rehabilitación, reconstrución ou, de ser o caso, ampliación de edificacións legalmente existentes naquel.

Xunta de Galicia

SE.L.01

Intensidade turística

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

O obxectivo deste indicador consiste en obter unha visión xeral sobre a oferta a demanda nos establecementos turísticos regrados existentes no territorio.

O turismo é unha actividade económica xeradora de ingresos e emprego, con repercusións directas e indirectas sobre a sustentabilidade do territorio, tanto dende a óptica medioambiental como dende unha perspectiva cultural.

O turismo está asociado ao descanso e ao lecer, constituíndo unha interesante fonte de enriquecemento cultural e persoal. Pero o sector turístico debe ter en conta as actividades que os turistas levan a cabo durante a súa estancia, e as infraestruturas e servizos que estas demandan, xestionándoas baixo criterios de sustentabilidade, co fin de preservar e potenciar os mesmos valores que xeran esta actividade, xa que o turismo inadecuadamente xestionado, especialmente cando mobiliza e acolle a grandes masas, pode constituír un factor de agresión medioambiental que, nos casos máis extremos, poderá ter efectos irreversibles.

Medidas do indicador:

1. Intensidade da oferta turística (2018)
2. Intensidade da demanda turística (2016)
3. Índice de poboación turística (2016)


Descrición do indicador:

Este indicador mostra a situación da oferta e a demanda do mercado turístico, circunscribíndoo aos establecementos turísticos regrados.

Dado que os números absolutos que se obteñen mediante un simple reconto das prazas (oferta) e das pernoctacións (demanda) dificultan a comparación dos resultados entre os distintos territorios (tanto dentro do mesmo nivel de agregación como entre diferentes niveis), optouse por normalizar os datos, poñendo en relación a oferta e a demanda existente nun determinado territorio coa súa superficie e coa súa poboación residente.

Deste modo, resulta máis útil para analizar o grao de presión que os turistas poden exercer sobre os recursos (ocupación do solo, alteracións paisaxísticas, consumo de auga e enerxía, xeración de residuos, emisións de gases invernadoiro, demanda de servizos e infraestruturas etc.).

Evolución do indicador:



Bloque	SOCIEDADE E ECONOMÍA SE
Subbloque	TURISMO L
Nome	Intensidade turística 01

Estado:

A 1 de xaneiro de 2018, os concellos que forman parte (total ou parcialmente) do ámbito de xestión do POL contan con 102.192 prazas en aloxamentos turísticos regrados (computando tamén as vivendas de uso turístico que se inclúen por primeira vez neste indicador). En comparación coa totalidade de Galicia, a oferta deste ámbito territorial representa o 64,7% (unha porcentaxe semellante á comentada no anterior informe, cando aínda non se incluíran as vivendas de uso turístico que existen na maioría dos concellos costeiros, a excepción de do xeodestino de Ferrolterra).

Tendo en conta estes datos, a intensidade da oferta turística en Galicia cífrase en 40,6 prazas de aloxamento por cada quilómetro de costa. Sanxenxo continúa sendo o concello con maior oferta, tanto en termos absolutos como relativos, e ademais vai aumentando a distancia con respecto aos demais municipios, xa que ten tamén a maior oferta de prazas en vivendas de uso turístico (5.719). A nova metodoloxía, máis axeitada á realidade e á lexislación vixente, confirma o que se viña dicindo nos informes anteriores.

Segundo os últimos datos definitivos (2016), a intensidade da demanda ascendeu ata as 2.418 pernoctacións por km de costa, 1.689 das cales corresponden a turistas que proveñen de fóra de Galicia. Ademais, dunha recuperación crecente da demanda, despois da caída detectada en 2013, destaca o feito de que está medrando máis o turismo receptor có interior. Unha vez máis, os subxeodestinos que inclúen as principais cidades costeiras (A Coruña e As Mariñas, Ría de Vigo e Baixo Miño), cun turismo máis desestacionalidado e diversificado, encabezan a clasificación, seguidos de Ría de Arousa, un xeodestino moi vinculado ao turismo de sol e praia. Cabe destacar que os maiores incrementos rexistráronse na Costa da Morte (74%) e ademais cunha evolución similar para ambos os dous tipos de turistas. O desenvolvemento deste subsector económico garda relación, entre outros motivos, coa prolongación do Camiño de Santiago ata Fisterra e Muxía, unha posibilidade que goza cada vez de máis aceptación.

Estas pernoctacións equivalen a 1,07 turistas visitando o ámbito de xestión do POL todos os días do ano por cada 100 residentes habituais. No caso, dos turistas foráneos este número cífrase en 0,75.

Coherencia co modelo territorial

Tanto a oferta como a demanda turística son maiores na actualidade que no momento de aprobación das DOT. Este desenvolvemento do subsector turístico –positivo dende o punto de vista económico– é un proceso simultáneo ao decrecemento da poboación residente (aínda que tímido, de momento). Esta conxuntura ten como consecuencia un aumento relativo da poboación turística equivalente (índice de poboación turística) que, ademais, podería acentuarse nos próximos anos.

Así mesmo, o fortalecemento do turismo en destinos nos que permanecía moi por debaixo da media do ámbito POL, como é o caso da Costa da Morte, Ría de Muros e Noia e Ferrolterra está a reflectir un mellor aproveitamento dos recursos endóxenos, que resulta especialmente proveitosa nas áreas rurais, nas menos desenvolvidas economicamente e/ou naquelas que contan cunha dinámica demográfica máis desfavorable.

A información reflicte que o turismo está contribuíndo á consecución dun desenvolvemento económico máis equilibrado e sostible, non só no conxunto de Galicia senón tamén no ámbito costeiro. Pero naquelas zonas onde hai unha intensidade da demanda máis elevada e/ou onde os recursos naturais son máis fráxiles é preciso velar por unha xestión respectuosa.

Por outra parte, o incremento do número de turistas procedentes de fóra da Comunidade indica que está aumentando a proxección de Galicia no exterior, un dos obxectivos das DOT.


Os cálculos realizados para os chanzos do sistema de asentamentos do modelo territorial reflicten que a intensidade da oferta turística toma valores moi diferentes en cada un deles, cunha clara gradación Así, nas grandes cidades existen 59,0 prazas en aloxamentos turísticos regrados/km de costa. Nos nodos do SUI a oferta descende ata os 37,0 prazas, é dicir, permanece por debaixo da media do ámbito do POL (40,6) Por último, nos NET redúcense considerablemente ata situarse en 8,4 prazas por km de costa. Á vista dos resultados, cómpre aclarar que no ámbito de xestión do POL só existen dous NET e ademais con realidades moi distintas (Vimianzo con 50,4 e Ortigueira con tan só 6,4 prazas/km de costa).

Indicador: SE.L.01 Intensidade turística

Intensidade da oferta turística

Caderno Medida 01


IET
Decembro 2017



Intensidade da oferta turística (ano 2018)

Prazas por km de costa

- 1 - 16
- 17 - 34
- 35 - 100
- 101 - 157
- 158 - 462



Vivendas de uso turístico (ano 2018)

Prazas

- 0 - 77
- 78 - 168
- 169 - 296
- 297 - 920
- 921 - 5.719

SE L 01 Intensidade turística

Medida: **01 Intensidade da oferta turística**

Descrición:

Esta medida informa sobre a capacidade receptiva do mercado turístico dos concellos do ámbito POL, poñendo en relación o número de prazas existentes nos establecementos turísticos regrados coa lonxitude costeira dun determinado territorio (prazas/km de costa).
As prazas equivalen ao número de camas fixas, polo tanto, non se teñen en conta as supletorias, e as de matrimonio computan como unha única praza.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.


- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:



SE.L.01 01 Intensidade da oferta turística (2018)

Gráfico ámbito POL:




Indicador: SE.L.01 Intensidade turística

Intensidade da demanda turística

Caderno Medida 02

IET
Decembro 2017




Intensidade da demanda turística (2011)

Pernoctacións por km de costa

- 447 - 2.000
- 2001 - 4.000
- 4001 - 5.883

- Pernoctacións de residentes en Galicia
- Pernoctacións de residentes fóra de Galicia



Intensidade da demanda turística (2016)

Pernoctacións por km de costa

- 709 - 2.000
- 2.001 - 4.000
- 4.001 - 5.883
- 5.884 - 6.385

- Pernoctacións de residentes en Galicia
- Pernoctacións de residentes fóra de Galicia

SE L 01 Intensidade turística

Medida: **02 Intensidade da demanda turística**

Descrición:

Esta medida proporciona información sobre o grao de ocupación dos establecementos turísticos regrados, relacionando o número de pernoctacións efectuadas polos turistas nun territorio determinado coa lonxitude da súa costa (pernoctacións/km de costa).


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Xeo (Xeodestino/Subxeodestino); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.


- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:



SE.L.01 02 Intensidade da demanda turística (2016)

Gráfico ámbito POL:




Indicador: SE.L.01 Intensidade turística

Índice de poboación turística

Caderno Medida 03

IET
Decembro 2017




Índice de poboación turística (2011)

Índice

- 0,48 - 1,00
- 1,01 - 2,00
- 2,01 - 2,49

- Pernoctacións de residentes en Galicia
- Pernoctacións de residentes fóra de Galicia



Índice de poboación turística (2016)

Índice

- 0,61 - 1,00
- 1,01 - 2,00
- 2,01 - 2,49
- 2,50 - 2,94

- Pernoctacións de residentes en Galicia
- Pernoctacións de residentes fóra de Galicia

SE L 01 Intensidade turística

Medida: **03 Índice de poboación turística**

Descrición:

Esta medida expresa, en porcentaxes, a equivalencia existente entre os turistas que pernoctan en establecementos turísticos regrados e a poboación residente nun territorio, anulando os efectos da estacionalidade das estancias.

A cifra resultante indica a cantos habitantes que residen durante todo un ano equivalen as pernoctacións rexistradas, sendo de grande utilidade para avaliar a presión que exerce o sector turístico sobre o territorio e os recursos.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Xeo (Xeodestino/Subxeodestino); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.


- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:



SE.L.01 03 Índice de poboación turística (2016)

Gráfico ámbito POL:



Indicador: SE.L.01

Índice de poboación turística

Caderno Anexo

IET
Decembro 2017

Bloque	SOCIEDADE E ECONOMÍA	SE
Subbloque	TURISMO	L
Nome	Intensidade turística	01

NOTAS METODOLÓXICAS:

ÁMBITOS TERRITORIAIS

No gráfico onde se representan os “Ámbitos territoriais” da medida 1 engadíuselle un asterisco ao territorio POL (POL*), porque o ámbito básico de expresión de resultados é o concello enteiro e, polo tanto, os datos globais atribuídos ao ámbito territorial POL superan a superficie comprendida dentro do ámbito de xestión do POL.

Nos gráficos onde se representan os “Ámbitos territoriais” das medidas 2 e 3 engadíuselle un asterisco ao territorio Xeo (Xeo*), porque as estimacións foron calculadas para unhas unidades territoriais creadas ex profeso para este indicador. Estas son o resultado da intersección das unidades territoriais inferiores da organización turística de Galicia (subxeodestinos e, nas zonas onde estes non existen, os xeodestinos) cos termos municipais completos da zona POL (os mesmos empregados na medida 1). Así mesmo, cómpre aclarar que non se tivo en consideración o xeodestino denominado Terras de Santiago, por ter unha liña de costa pouco significativa e un peso turístico moi importante, co fin de evitar unha distorsión dos resultados.

A continuación móstranse os subxeodestinos e xeodestinos da organización turística de Galicia, resaltándose en negriña as 18 áreas consideradas para realizar os cálculos e representacións gráficas:

SUBXEODESTINOS	XEODESTINOS
01A. FERROL TERRA 01B. A CORUÑA E AS MARIÑAS	01. RÍAS ALTAS *
13A. RÍA DE MUROS E NOIA 13B. RÍA DE AROUSA 13C. RÍA E TERRAS DE PONTEVEDRA 13D. RÍA DE VIGO E BAIXO MIÑO	13. RÍAS BAIXAS*

Co obxectivo de acadar o maior nivel de detalle posible, no caso dos xeodestinos denominados "Rías Altas" e "Rías Baixas", optouse por calcular e representar a información a nivel de subxeodestinos.

XEODESTINOS
02. COSTA DA MORTE
03. TERRAS DE SANTIAGO
04. MARIÑA LUCENSE
05. LUGO E A TERRA CHÁ
06. ANCARES-COUREL
07. RIBEIRA SACRA
08. O RIBEIRO
09. TERRAS DE OURENSE E ALLARIZ
10. CELANOVA-LIMIA
11. VERÍN-VIANA
12. MANZANEDA-TREVINCA
14. DEZA-TABEIRÓS

CÁLCULOS ESTATÍSTICOS

Para o cálculo deste indicador utilizouse a información relativa aos establecementos turísticos regrados, polo tanto, non se teñen en consideración os datos referidos a outro tipo de aloxamentos ou vivendas empregadas polos turistas, como poden ser as vivendas secundarias. Tamén cómpre aclarar que as vivendas turísticas comezaron a computarse a partir do cuarto informe e as vivendas de uso turístico a partir do quinto. Polo tanto, a serie temporal amosada no apartado "Evolución do indicador" só ten unha finalidade orientadora.

Na medida 1, o número de prazas equivale ao número de camas fixas dos establecementos turísticos. Están excluídas as camas supletorias e as de matrimonio só se computan como unha, aínda que poidan dar lugar a dúas prazas. No caso dos campamentos de turismo, o número de prazas coincide coa capacidade autorizada (número de persoas). Tampouco se teñen en conta os datos que non están asociados a concellos, así que neste indicador descende un pouco o número real de prazas turísticas.

Polo que respecta ao denominador das fórmulas das medidas 1 e 2 (km de costa), a lonxitude da mesma calculouse a partir da “liña de costa cartográfica” dixitalizada para o Plan de ordenación do litoral. Para o POL foron dixitalizadas dúas liñas de costa: unha incluíndo e outra excluíndo a rexión intermareal. Para realizar os cálculos deste indicador, empregouse a liña que non inclúe a rexión intermareal e recortouse para cada concello tomando como referencia os límites municipais do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA) a escala 1:25.000 (ano 2003), considerando que a liña de costa remata onde o fai o Dominio Público Marítimo-Terrestre.

Así mesmo, cómpre aclarar que algunhas das operacións estatísticas empregadas para calcular as medidas 2 e 3, como son a Encuesta de ocupación hotelera, a Encuesta de ocupación en campings, a Encuesta de ocupación en apartamentos turísticos e a Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural do INE, non foron deseñadas para difundir información a este nivel de desagregación, polo tanto, algúns dos resultados estimados para os xeodestinos e subxeodestinos poderían ter un erro de estimación grande ou podería producirse unha volatibilidade do dato en anos vindeiros.

CAMBIOS METODOLÓXICOS

Cómpre advertir que a fonte de información (IGE) introduciu pequenos cambios no método de cálculo das medidas 2 e 3 que alteraron os resultados da serie de datos e, polo tanto, afectaron aos datos publicados en anos anteriores. Estes cambios afectaron á metodoloxía empregada para calcular o número de turistas de fóra de Galicia e a poboación total. Esa é a razón pola que se mostra a serie temporal completa cos datos definitivos. Ademais, a análise e interpretación dos datos -incluídas as comparacións con anos anteriores- fixéronse coa serie actualizada.

PROCESO DE CÁLCULO:

Medida1:

A partir dunha táboa da Axencia de Turismo de Galicia, que contén o número de prazas nos albergues, apartamentos, campings, hoteis, pensións, turismo rural, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico, creouse unha nova para calcular o total de prazas para cada concello. Cómpre destacar que previamente se discriminaron os concellos que non pertencen ao ámbito POL e as prazas sen concello asignado. Complétase o proceso de cálculo cunha consulta combinada a esta táboa e á que contén os datos da lonxitude da liña de costa, aplicando esta fórmula: Nº de prazas / km de costa.

Medida 2:

A partir da información procedente de varias enquisas do INE (ocupación hoteleira, ocupación en campamentos turísticos, ocupación en apartamentos turísticos e ocupación en aloxamentos de turismo rural), deseñouse un modelo para estimar os datos de pernoctacións, tanto totais como correspondentes aos turistas procedentes de fóra de Galicia, para cada un dos xeodestinos/subxeodestinos costeiros recortados (ver metodoloxía). O cruce da información estimada por este medio, dos datos da táboa de xeodestinos codificados e da táboa da lonxitude da liña de costa deu lugar aos datos finais deste indicador, que se presentan desagregados por xeodestino/subxeodestino. A fórmula empregada foi: Nº de pernoctacións / km de costa.

Medida 3:

A partir da información procedente de varias enquisas do INE (ocupación hoteleira, ocupación en campamentos turísticos, ocupación en apartamentos turísticos e ocupación en aloxamentos de turismo rural), deseñouse un modelo para estimar os datos de pernoctacións, tanto totais como correspondentes aos turistas procedentes de fóra de Galicia, para cada un dos xeodestinos/subxeodestinos costeiros recortados (ver metodoloxía). O cruce da información estimada por este medio, dos datos da táboa de xeodestinos codificados e da táboa de poboación deu lugar aos datos finais deste indicador, que se presentan desagregados por xeodestino/subxeodestino. A fórmula empregada foi: (Número de pernoctacións / Nº de días no ano) / Poboación * 100.

FONTES DE INFORMACIÓN:

Código	Descrición	Orixe datos	Data	Escala	Periodicidade	Natureza
	Oferta de aloxamento turístico regrado por municipios	Axencia de Turismo de Galicia. Procesado polo IET.	01.01.2018	-	Anual	
	Límite de concellos de Galicia	CNIG (Centro de descargas)	..	1:25.000	..	
	Noites nos destinos costeiros	INE. Procesado polo IGE	2011 - 2016	-	Anual	
	Cifras de poboación resultantes da Revisión do Padrón municipal a 1 de xaneiro	INE (www.ine.es) Procesado polo IGE	2016	-	Anual	

REFERENCIAS:

Lei 7/2011, do 27 de outubro, e no Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia

DATOS: medida 1

Ámbito POL:

codINE	concello	Intensidade da oferta turística (Prazas por km de costa) 2018
36054	Tomiño	8,1
36023	A Guarda	51,1
36048	O Rosal	2,2
36036	Oia	58,0
36003	Baiona	138,3
36021	Gondomar	101,5
36035	Nigrán	121,3
36057	Vigo	67,6
36045	Redondela	32,7
36053	Soutomaior	33,1
36058	Vilaboa	22,7
36029	Moaña	23,6
36008	Cangas	40,7
36004	Bueu	16,2
36026	Marín	22,6
36038	Pontevedra	60,0
36041	Poio	109,6
36027	Meaño	312,3
36051	Sanxenxo	429,6
36022	O Grove	98,4
36046	Ribadumia	55,4
36006	Cambados	35,6
36901	A Illa de Arousa	21,7
36061	Vilanova de Arousa	71,2
36060	Vilagarcía de Arousa	39,7
36010	Catoira	19,2
36056	Valga	19,5
15033	Dodro	8,2
15072	Rianxo	14,0
15011	Boiro	18,8
15067	A Pobra do Caramiñal	50,3
15073	Ribeira	14,1
15071	Porto do Son	33,5
15057	Noia	17,4
15062	Outes	13,9
15053	Muros	26,6
15020	Carnota	8,7
15034	Dumbría	86,6
15028	Corcubión	9,3
15037	Fisterra	32,8
15023	Cee	59,7

codINE	concello	Intensidade da oferta turística (Prazas por km de costa) 2018
15052	Muxía	23,4
15016	Camariñas	7,3
15092	Vimianzo	50,4
15040	Laxe	17,2
15014	Cabana de Bergantiños	23,1
15068	Ponteceso	4,8
15043	Malpica de Bergantiños	18,5
15019	Carballo	45,9
15041	A Laracha	20,4
15005	Arteixo	21,1
15030	A Coruña	129,1
15031	Culleredo	147,6
15017	Cambre	82,4
15058	Oleiros	37,3
15075	Sada	45,6
15008	Bergondo	178,7
15009	Betanzos	16,6
15064	Paderne	6,6
15048	Miño	72,1
15069	Pontedeume	40,2
15015	Cabanas	52,1
15004	Ares	14,9
15051	Mugardos	0,7
15035	Fene	6,9
15055	Neda	7,9
15036	Ferrol	14,6
15054	Narón	39,2
15087	Valdoviño	12,8
15022	Cedeira	4,6
15901	Cariño	3,9
15061	Ortigueira	6,4
15044	Mañón	5,5
27064	O Vicedo	5,8
27066	Viveiro	40,9
27025	Xove	2,8
27013	Cervo	11,3
27902	Burela	39,1
27019	Foz	44,8
27005	Barreiros	120,1
27051	Ribadeo	25,9
27061	Trabada	68,2
	TOTAL	40,6

DATOS: medidas 2

Ámbito POL:

cod	xeodestinos/subxeodestinos*	Intensidade da demanda turística (2011)		Intensidade da demanda turística (2013)		Intensidade da demanda turística (2015)		Intensidade da demanda turística (2016)	
		Total	Turistas de fóra de Galicia	Total	Turistas de fóra de Galicia	Total	Turistas de fóra de Galicia	Total	Turistas de fóra de Galicia
13D	Ría de Vigo e Baixo Miño	3.517	2.514	3.085	2.304	3.554	2.567	4.352	3.224
13C	Ría e Terras de Pontevedra	2.488	1.525	2.197	1.455	2.052	1.405	2.220	1.416
13B	Ría de Arousa	3.432	2.401	3.084	2.039	3.617	2.371	3.994	2.688
13A	Ría de Muros e Noia	673	323	655	348	681	364	873	432
02	Costa da Morte	408	276	447	319	684	488	709	479
01B	A Coruña e As Mariñas	5.933	4.152	5.883	3.861	6.094	4.387	6.385	4.705
01A	Ferrolterra	757	477	696	481	763	554	804	541
04	Mariña Lucense	1.026	723	1.107	800	1.280	959	1.384	1.054
	TOTAL	2.090	1.431	1.948	1.326	2.185	1.519	2.418	1.689

Divulgáse a serie temporal cos datos definitivos.

DATOS: medida 3

Ámbito POL:

cod	xeodestinos/subxeodestinos*	Índice de pobación turística (2011)		Índice de pobación turística (2013)		Índice de pobación turística (2015)		Índice de pobación turística (2016)	
		Total	Turistas de fóra de Galicia	Total	Turistas de fóra de Galicia	Total	Turistas de fóra de Galicia	Total	Turistas de fóra de Galicia
13D	Ría de Vigo e Baixo Miño	0,66	0,47	0,58	0,44	0,67	0,49	0,82	0,61
13C	Ría e Terras de Pontevedra	0,77	0,47	0,67	0,45	0,63	0,43	0,68	0,43
13B	Ría de Arousa	2,49	1,74	2,25	1,48	2,66	1,74	2,94	1,98
13A	Ría de Muros e Noia	0,65	0,31	0,64	0,34	0,68	0,36	0,88	0,43
02	Costa da Morte	0,48	0,33	0,53	0,38	0,83	0,59	0,87	0,58
01B	A Coruña e As Mariñas	0,78	0,54	0,77	0,50	0,80	0,57	0,83	0,61
01A	Ferrolterra	0,56	0,35	0,52	0,36	0,58	0,42	0,61	0,41
04	Mariña Lucense	1,24	0,87	1,34	0,97	1,57	1,18	1,70	1,30
	TOTAL	0,92	0,63	0,86	0,59	0,97	0,67	1,07	0,75

Divulgáse a serie temporal cos datos definitivos.

GLOSARIO:

DOT: Directrices de ordenación do territorio

NET: Nodos para o equilibrio do territorio

SUI: Sistema urbano intermedio

Vivendas de uso turístico: vivendas cedidas a terceiras persoas, de forma reiterada e a cambio de contraprestación económica, para unha estadía de curta duración, amobladas e equipadas en condicións de inmediata dispoñibilidade e coas características previstas no Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia. A cesión deste tipo de vivendas será da totalidade da vivenda, sen que se permita a cesión por estancias, de conformidade co disposto no artigo 5.e) da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos. As vivendas de uso turístico poderán ser comercializadas, ademais de polas empresas turísticas reguladas no artigo 33.1 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, polos/as seus/súas propietarios/as ou persoa física ou xurídica que os/as represente. Neste último suposto non se aplicará o disposto no artigo 33.2 da Lei 7/2011, do 27 de outubro.

Cómpre engadir que se consideran estadías de curta duración aquelas en que a cesión de uso é inferior a trinta días consecutivos e que se considera cesión reiterada cando a vivenda se ceda dúas ou máis veces dentro do período dun ano.

As persoas propietarias e/ou comercializadoras quedarán obrigadas fronte á Administración turística ao cumprimento das obrigas impostas na Lei 7/2011, do 27 de outubro, e no Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia, e responderán de maneira solidaria fronte a aquela. As vivendas de uso turístico requiren da correspondente declaración previa de inicio de actividade perante a Administración turística.

As vivendas de uso turístico estarán situadas en solo de uso residencial. Ademais, cando a normativa urbanística o permita, as vivendas de uso turístico poderán estar situadas en solos de uso distinto ao residencial. Os concellos poderán establecer limitacións no que respecta ao número máximo de vivendas de uso turístico por edificio ou por sector. No caso de que a vivenda estea situada en solo rústico de conformidade co establecido na normativa reguladora do réxime do solo de Galicia, unicamente poderán ter a condición de vivenda de uso turístico as edificacións legalmente existentes naquel.

Vivendas turísticas: establecementos unifamiliares illados nos cales se presta servizo de aloxamento turístico, cun número de prazas non superior a dez e que dispoñen, por estrutura e servizos, das instalacións e do mobiliario adecuado para a súa utilización inmediata, así como para a conservación, elaboración e consumo de alimentos dentro do establecemento. A comercialización da vivenda turística deberá consistir na cesión temporal do uso e desfrute da totalidade da vivenda, polo que non se permite a formalización de contratos por cuartos ou a coincidencia dentro da vivenda de usuarios que formalicen distintos contratos.

No caso de que o establecemento estea situado en solo rústico de conformidade co establecido na normativa reguladora do réxime do solo de Galicia, unicamente poderá ter a condición de vivenda turística cando se trate de rehabilitación, reconstrución ou, de ser o caso, ampliación de edificacións legalmente existentes naquel.

Xunta de Galicia

SE.L.02
Estacionalidade turística

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

Este indicador serve para medir a distribución da afluencia turística ao longo do ano.

A demanda turística rexistra picos de actividade durante breves períodos (especialmente, nos meses de xullo e agosto), pero a ocupación decae drasticamente o resto do tempo.

Este desequilibrio temporal produce efectos adversos nos xeodestinos, tanto dende a perspectiva socioeconómica (subutilización dos recursos, ingresos inestables, subemprego, dificultade para manter a oferta e a calidade dos servizo en temporada baixa..) como dende a óptica territorial (a conxestión espazo-temporal produce maior degradación medioambiental). Por iso, a estacionalidade constitúe un dos retos máis difíciles aos que se ten que enfrontar o sector turístico galego, sobre todo, tendo en conta que a selección dos destinos está moi vinculado ás características climáticas e a elección dos períodos vacacionais depende de condicionantes laborais, escolares, culturais e relixiosos.

Medidas do indicador [1]:

1. Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa (2016)[1]

[1] Neste informe modificouse a metodoloxía da primeira medida, antes denominada Porcentaxe de pernoctacións en xullo e agosto, para amosar unha maior desagregación temporal da informacion. Pola súa parte, a segunda medida deste indicador, que medía a variación da estacionalidade respecto ao ano anterior, eliminouse a partir cuarto informe.


Descrición do indicador:

A longo prazo, o futuro da actividade turística depende da explotación respectuosa do territorio, que é a matriz biofísica que lle dá soporte, e do mantemento da calidade dos servizos que se prestan aos visitantes.

Cando a afluencia de turistas se reparte homoxeneamente ao longo de todo o ano, existen máis probabilidades de desenvolver unha actividade sustentable, pero o comportamento actual do turismo en Galicia amosa unha clara estacionalidade.

Co cambio metodolóxido introducido neste quinto informe, o indicador cuantifica o grao de concentración temporal da demanda turística durante as temporadas alta (xullo e agosto), media (maio, xuño, setembro e outubro) e baixa (xaneiro, febreiro, marzo, abril, novembro e decembro). Como se viña facendo anteriormente, ademais dos datos globais, tamén se achegan os relativos aos visitantes que proceden doutros lugares de fóra da Comunidade.

Evolución do indicador:



Bloque	SOCIEDADE E ECONOMÍA SE
Subbloque	TURISMO L
Nome	Estacionalidade turística 02

Estado:

En Galicia, o turismo continúa experimentando unha demanda irregular ao longo do ano. Esta circunstancia contribúe a incrementar a ocupación irracional do territorio e supón un inconveniente para un desenvolvemento económico equilibrado, o que se manifesta nunha rendibilidade das instalacións por debaixo das posibilidades potenciais, nunha contratación laboral flutuante e incluso nun uso ineficiente dalgunhas infraestruturas, equipamentos e servizos públicos.

Resulta ilustrativo que a porcentaxe de pernoctacións que se concentran na temporada alta, que se viña cifrando no 38,2% dende 2013, acadou o 38.7% no ano 2016. Esta diferenza, que non é moi significativa de momento, parece indicar que a estacionalidade está intensificándose, de aí a necesidade de seguir avaliando o comportamento desta variable nos anos vindeiros.

Durante a temporada media, que abrangue os meses de maio, xuño, setembro e outubro, a concentración estímase nun 36,1% e, por último, na temporada baixa, que comprende os seis meses restantes, decae ata o 25,2%.

Cómpre engadir que a estacionalidade se manifesta en todos os destinos en maior ou menor medida. En xeral, continúa sendo máis extrema nos subxeodestinos costeiros e especialmente nalgúns deles, como Ría de Muros e Noia ou Ría de Arousa, onde máis da metade das pernoctacións teñen lugar en xullo e agosto (60,5% e 56,1 respectivamente). Pola contra, as pernoctacións repártense máis homoxeneamente tanto nos xeodestinos urbanos –na Coruña e As Mariñas a estacionalidade descende ata o 32,2% (t. alta), o 33,2% (t. media) e o 34,6% (t. baixa)– como no interior, en especial en Celanova-Limia (34,4% en tempada alta, 34,1% na media e 31,5% na baixa). Alén diso, chama a atención que nalgúns destinos, como Manzaneda-Trevinca, O Ribeiro e os dous urbanos do interior, rexístrase unha demanda maior en temporada baixa ca na baixa.

Ao contrario do que se comentou para a totalidade dos turistas, a estacionalidade dos non residentes diminuíu respecto á dos anos anteriores ata situarse, en 2016, por debaixo da estacionalidade total durante a temporada alta (37,1%).Tamén é menor na temporada media (32,6%) pero non é así no caso da temporada baixa (30,2% fronte a 25,2%). Agora ben, este patrón de comportamento atribuído ao territorio autonómico non se repite en todos os xeodestinos.

Coherencia co modelo territorial

O feito de que a maior parte dos destinos urbanos amosen un reparto das pernoctacións máis equilibrado ao longo do ano denota que as cidades actúan como centros de atracción de iniciativas xeradoras de procesos de cambio, en coherencia co modelo territorial das DOT.

Igual que se dixo para o indicador de Diversidade de actividades económicas, tamén no caso do turismo, a diversificación da oferta aporta solidez e resiliencia á economía. A diversificación da actividade turística debe recorrer ao aproveitamento dos recursos naturais e/ou culturais que poidan ser desfrutados fóra da tempada alta ou en diferentes estacións e sempre baixo a premisa dunha explotación respectuosa co patrimonio. Na medida do posible, esta aposta debe contrarrestar ou alonxarse, polo menos, da dependencia existente respecto dos condicionantes climatolóxicos e meteorolóxicos, tan determinantes para a elección dos destinos de sol e praia.


Unha oferta diversificada leva consigo unha diversificación da demanda turística, que mitiga a estacionalidade das estadías, unha situación ideal que a priori parece máis sustentable que a actual tanto para as economías locais como para os territorios nos que se desenvolven. Deste xeito evitaríase ou, polo menos, diminuiría a posibilidade de poñer en risco a capacidade de carga daqueles destinos que reciben un elevado número de visitantes en períodos puntuais.

Indicador: SE.L.02 Estacionalidade turística

Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa

Caderno Medida 01

IET
Decembro 2017




Porcentaxe de pernoctacións en xullo e agosto (2013)

Total

- 21 - 25
- 26 - 30
- 31 - 35
- 36 - 45
- 46 - 64

De fóra

- 24 - 25
- 26 - 30
- 31 - 35
- 36 - 45
- 46 - 64



Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa (2016)

Todos

- Temporada alta
- Temporada media
- Temporada baixa

De fóra

- Temporada alta
- Temporada media
- Temporada baixa


SE L 02 Estacionalidade turística

Medida: **01 Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa (2016)**

Descrición:

Con esta medida trátase de medir a concentración temporal da demanda turística, poñendo en relación o número de pernoctacións rexistradas nas temporadas alta, media e baixa co total anual.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.


- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados.
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía.
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente.
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha.

Gráfico:



SE.L.02 01 Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa (2016)

Gráfico ámbito DOT



Indicador: SE.L.02

Estacionalidade turística

Caderno Anexo

IET
Decembro 2017

Bloque	SOCIEDADE E ECONOMÍA SE
Subbloque	TURISMO L
Nome	Intensidade turística 01

NOTAS METODOLÓXICAS:

CÁLCULOS ESTATÍSTICOS:

Para o cálculo deste indicador utilizouse e a información relativa aos establecementos turísticos regrados, polo tanto, non se teñen en consideración os datos referidos a outro tipo de aloxamentos ou vivendas empregadas polos turistas, como poden ser as vivendas secundarias.

As operacións estatísticas empregadas para calcular este indicador, como son a Encuesta de ocupación hotelera, a Encuesta de ocupación en campings, a Encuesta de ocupación en apartamentos turísticos e a Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural do INE, non foron deseñadas para difundir información a este nivel de desagregación, polo tanto, algún dos resultados estimados para o ámbito territorial de expresión de resultados poderían ter un erro de estimación grande ou podería producirse unha volatilidade do dato en anos vindeiros.

Outro aspecto que precisa aclaración é que o INE non facilita a distribución porcentual dos viaxeiros procedentes de Galicia con destino nos cámpings galegos para cada un dos meses do ano, por iso os cálculos foron realizados supoñendo que a porcentae anual é común para todos os meses.

ÁMBITOS TERRITORIAIS:

SUBXEODESTINOS	XEODESTINOS
01A. FERROLTERRA	01. RÍAS ALTAS *
01B. A CORUÑA E AS MARIÑAS	
13A. RÍA DE MUROS E NOIA	13. RÍAS BAIXAS*
13B. RÍA DE AROUSA	
13C. RÍA E TERRAS DE PONTEVEDRA	
13D. RÍA DE VIGO E BAIXO MIÑO	

*Co obxectivo de acadar o maior nivel de detalle posible, no caso dos xeodestinos denominados "Rías Altas" e "Rías Baixas", optouse por empregar a área dos subxeodestinos para realizar as intersección*s cos concellos.

XEODESTINOS
02. COSTA DA MORTE
03. TERRAS DE SANTIAGO
04. MARIÑA LUCENSE
05. LUGO E A TERRA CHÁ
06. ANCARES-COUREL
07. RIBEIRA SACRA
08. O RIBEIRO
09. TERRAS DE OURENSE E ALLARIZ
10. CELANOVA-LIMIA
11. VERÍN-VIANA
12. MANZANEDA-TREVINCA
14. DEZA-TABEIRÓS

PROCESO DE CÁLCULO:

No IET houbo que seleccionar e xuntar os campos de información correspondentes a este indicador, que foran calculadas no IGE a partir da información procedente de varias enquisas do INE (ocupación hoteleira, ocupación en campamentos turísticos, ocupación en apartamentos turísticos e ocupación en aloxamentos de turismo rural), deseñando un modelo para estimar os datos de pernoctacións, tanto totais como correspondentes aos turistas procedentes de fóra de Galicia, para cada un dos xeodestinos/subxeodestinos de Galicia.

Fórmula de cálculo da medida 1: Nº de pernoctación nos meses incluídos en cada temporada / Nº total de pernoctacións anuais * 100

FONTES DE INFORMACIÓN:

Código	Descrición	Orixe datos	Data	Escala	Periodicidade	Natureza
	Límites de concellos de Galicia	CNIG (Centro de descargas)	-	1:25.000	Anual	
	Indicador de noites por destinos: . Indicador Estacional. Todos	IGE a partir de datos do INE	2013, 2016	-	Anual	
	Indicador de noites por destinos. Indicador Estacional. Fóra de Galicia	IGE a partir de datos do INE	2013, 2016	-	Anual	

REFERENCIAS:

Artigo 23. Xeodestinos turísticos da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia (DOG núm. 216 do 11.11.2011)

DATOS: medida 1

código	xeodestinos/subxeodestinos	Porcentaxe de pernoctacións segundo a temporada (2016)					
		Todos os turistas			Turistas de fóra de Galicia		
		T. alta	T. media	T. baixa	T. alta	T. media	T. baixa
01B	A Coruña e As Mariñas	32,2	33,2	34,6	29,6	28,0	42,4
06	Ancares - Courel	32,8	46,8	20,4	32,3	50,6	17,0
10	Celanova - Limia	34,4	34,1	31,5	36,1	26,8	37,1
02	Costa da Morte	48,5	34,1	17,5	52,8	32,5	14,7
14	Deza - Tabeirós	33,9	35,9	30,2	37,6	30,2	32,2
01A	Ferrolterra	45,4	32,4	22,2	40,4	30,1	29,4
05	Lugo e a Terra Chá	26,8	42,5	30,8	28,8	37,2	34,0
12	Manzaneda - Trevinca	23,8	34,4	41,8	25,5	24,5	50,0
04	Mariña Lucense	49,9	30,7	19,4	51,4	27,3	21,3
08	O Ribeiro	24,7	37,8	37,5	22,4	26,4	51,2
13B	Ría de Arousa	56,1	32,3	11,6	53,5	32,1	14,5
13A	Ría de Muros e Noia	60,5	24,9	14,6	54,9	31,6	13,6
13D	Ría de Vigo e Baixo Miño	37,4	33,5	29,2	37,3	28,2	34,5
13C	Ría e Terras de Pontevedra	41,9	34,0	24,1	40,2	30,7	29,1
07	Ribeira Sacra	29,4	40,4	30,2	31,8	38,4	29,9
09	Terras de Ourense e Allariz	23,3	34,9	41,8	24,6	27,5	47,9
03	Terras de Santiago	28,4	44,6	26,9	27,9	39,1	33,1
11	Verín - Viana	25,9	36,0	38,1	26,8	28,0	45,2
	TOTAL GALICIA	38,7	36,1	25,2	37,1	32,6	30,2

GLOSARIO:

DOT: Directrices de ordenación do Territorio

Temporada alta: meses de xullo e agosto

Temporada media: meses de maio, xuño, setembro e outubro

Temporada baixa: meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, novembro e decembro

Xunta de Galicia

SE.L.02
Estacionalidade turística

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

Este indicador serve para medir a concentración temporal da afluencia turística.

A demanda turística rexistra picos de actividade durante breves períodos (especialmente, nos meses de xullo e agosto), pero a ocupación decae drasticamente o resto do tempo.

Este desequilibrio temporal produce efectos adversos nos xeodestinos, tanto dende a perspectiva socioeconómica (subutilización dos recursos, ingresos inestables, subemprego, dificultade para manter a oferta e a calidade dos servizo en temporada baixa..) como dende a óptica territorial (a conxestión espazo-temporal produce maior degradación medioambiental). Por iso, a estacionalidade constitúe un dos retos máis difíciles aos que se ten que enfrontar o sector turístico galego, sobre todo, tendo en conta que a selección dos destinos está moi vinculado ás características climáticas e a elección dos períodos vacacionais depende de condicionantes laborais, escolares, culturais e relixiosos.

Medidas do indicador [1]:

1. Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa (2016)[1]

[1] Neste informe modificouse a metodoloxía da primeira medida, antes denominada Porcentaxe de pernoctacións en xullo e agosto, para amosar unha maior desagregación temporal da informacion. Pola súa parte, a segunda medida deste indicador, que medía a variación da estacionalidade respecto ao ano anterior, eliminouse a partir cuarto informe.


Descrición do indicador:

A longo prazo, o futuro da actividade turística depende da explotación respectuosa do territorio, que é a matriz biofísica que lle dá soporte, e do mantemento da calidade dos servizos que se prestan aos visitantes.

Cando a afluencia de turistas se reparte ao longo de todo o ano, existen máis probabilidades de conseguilo, pero o comportamento actual do turismo en Galicia amosa unha clara estacionalidade.

Co cambio metodolóxido introducido neste quinto informe, o indicador cuantifica o grao de concentración temporal da demanda turística durante as temporadas alta (xullo e agosto), media (maio, xuño, setembro e outubro) e baixa (xaneiro, febreiro, marzo, abril, novembro e decembro). Como se viña facendo anteriormente, ademais dos datos globais, tamén se achegan os relativos aos visitantes que proceden doutros lugares de fóra da Comunidade.

Evolución do indicador:



Bloque	SOCIEDADE E ECONOMÍA SE
Subbloque	TURISMO L
Nome	Estacionalidade turística 02

Estado:

A estacionalidade turística é un desequilibrio temporal que afecta á maior parte dos destinos do mundo e Galicia non constitúe unha excepción. É máis, a información dispoñible manifesta que este problema se intensifica no ámbito costeiro porque é o escenario onde se desenvolven actividades altamente dependentes dos condicionantes climatolóxicos e mesmo das condicións metereolóxicas, como sucede na Ría de Arousa ou na de Muros e Noia, por nomear os casos máis destacados. Agora ben, nos xeodestinos nos que están enclavadas as grandes cidades (A Coruña e As Mariñas así como Ría de Vigo e Baixo Miño) redúcese a estacionalidade, manifestándose nuns resultados máis equilibrados.

Os datos son elocuentes: durante a temporada alta, que abrangue só dous meses –xullo e agosto–-, rexístranse case a metade das pernoctacións anuais, concretamente o 45,6%. Na temporada media, que abarca catro meses –-maio, xuño, setembro e outubro– esa porcentaxe descende ao 32,8%. Por último, a temporada baixa, que se prolonga durante os outros seis meses –de novembro a abril– só concentra o 21,6% das totais.

Cando se trata da demanda dos turistas procedentes de fóra de Galicia, as cifras son inferiores ás mencionadas para todos os turistas, repartíndose deste xeito: o 42,8% na temporada alta e o 29,9% na media. En cambio, a porcentaxe atribuída á temporada baixa (27,3%) é superior á da temporalidade de todos os turistas. Este padrón de comportamento coincide co que observou no ámbito DOT.

No tocante á serie temporal, é preciso aclarar que só se poden establecer comparacións para a porcentaxe de pernoctacións en xullo e agosto, porque non se dispón de información para os outros períodos. De xeito resumido, dedúcese que a estacionalidade de todos os turistas en temporada alta mantense nas mesmas cotas que ao comenzo da serie (datos de 2013), por mor do incremento da estacionalidade no sector noroccidental do ámbito POL. Simultaneamente, obsérvase unha lixeira atenuación deste fenómeno ao longo do tempo cando se contabilizan unicamente as pernoctacións dos turistas non residentes (45,3 en 2013; 45,1 en 2015; e 42,8% en 2016).

Coherencia co modelo territorial

A información analizada continúa mostrando que o litoral é menos coherente co modelo territorial que o conxunto de Galicia porque as pernoctacións están máis concentradas temporalmente. Esta distribución desigual da demanda turística ten impactos negativos diversos sobre o emprego, a actividade comercial, as infraestruturas e mesmo sobre o medio ambiente.

Así, durante a temporada alta, podería superarse a capacidade de carga nalgúns sectores puntuais daqueles xeodestinos onde se combinan unha demanda turística elevada (concentración espacial) e unha estacionalidade alta (concentración temporal), como ven sendo habitual na Ría de Arousa.

Así e todo, hai que valorar positivamente que dous xeodestinos con elevada estacionalidade nos meses de xullo e agosto, como son Ría de Muros e Noia, e Mariña Lucense, están a reducir significativamente este fenómeno, perdendo ao redor de 5 ou 10 puntos porcentuais entre 2013 e 2016, segundo se trate da demanda total ou da dos turistas procedentes do exterior.

Como se comentou no apartado anterior, a demanda turística nos xeodestinos das grandes cidades amósase máis desestacionalizada que nos demais ata tal punto que na Coruña e As Mariñas as porcentaxes chegan a inverterse. Así, o 34,3% das pernoctacións teñen lugar en temporada baixa, o 33,5% na media e o 32,2% na alta. En canto aos turistas non residentes, as súas pernoctacións acadan o 42,4% na temporada baixa, o 28,3 na media e o 29,5 na alta.

Sen chegar a estes extremos, na Ría de Vigo e Baixo Miño, as pernoctacións dos visitantes procedentes de fóra de Galicia durante a tempada baixa, que representan o 34,1% das totais, tamén superan o 28,3% da temporada media e aproxímanse ao 37,5% da alta.

Indicador: SE.L.02 Estacionalidade turística

Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa

Caderno Medida 01

IET
Decembro 2017



Porcentaxe de pernoctacións en xullo e agosto (anos 2013 e 2016)


Todos

2013 2016

De fóra

2013 2016

A altura da barra maior da lenda representa o valor mínimo do indicador, que é 32%, atribuído Á Coruña e As Mariñas.



Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa (ano 2016)

Todos

Temporada alta
Temporada media
Temporada baixa

De fóra

Temporada alta
Temporada media
Temporada baixa


SE L 02 Estacionalidade turística

Medida: **01 Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa (2016)**

Descrición:

Con esta medida trátase de medir a concentración temporal da demanda turística, poñendo en relación o número de pernoctacións rexistradas na temporada alta, media e baixa co total anual.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Xeo (Xeodestino/Subxeodestino); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.


- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:



SE.L.02 01 Porcentaxe de pernoctacións en temporada alta, media e baixa (2016)

Gráfico ámbito POL:



Indicador: SE.L.02

Estacionalidade turística

Caderno Anexo

IET
Decembro 2017

Bloque	SOCIEDADE E ECONOMÍA	SE
Subbloque	TURISMO	L
Nome	Estacionalidade turística	02

NOTAS METODOLÓXICAS:

CÁLCULOS ESTATÍSTICOS:

Para o cálculo deste indicador utilizouse e a información relativa aos establecementos turísticos regrados, polo tanto, non se teñen en consideración os datos referidos a outro tipo de aloxamentos ou vivendas empregadas polos turistas, como poden ser as vivendas secundarias.

É preciso aclarar que as operacións estatísticas empregadas para calcular as medidas deste indicador, como son a Encuesta de ocupación hotelera, a Encuesta de ocupación en campings, a Encuesta de ocupación en apartamentos turísticos e a Encuesta de ocupación en alojamientos de turismo rural do INE, non foron deseñadas para difundir información a este nivel de desagregación, polo tanto, algún dos resultados estimados para o ámbito territorial de expresión de resultados poderían ter un erro de estimación grande ou podería producirse unha volatilidade do dato en anos vindeiros.

Outro aspecto que precisa aclaración é que o INE non facilita a distribución porcentual dos viaxeiros procedentes de Galicia con destino nos cámpings galegos para cada un dos meses do ano, por iso os cálculos foron realizados supoñendo que a porcentae anual é común para todos os meses.

ÁMBITOS TERRITORIAIS:

* No gráfico onde se representan os "Ámbitos territoriais" da medida 1 engadíuselle un asterisco ao territorio Xeo (Xeo*) porque as estimacións foron calculadas para unhas unidades territoriais creadas ex profeso para este indicador. Estas son o resultado da intersección das unidades territoriais inferiores da organización turística de Galicia (subxeodestinos e, nas zonas onde estes non existen, os xeodestinos) cos termos municipais completos da zona POL. Así mesmo, cómpre aclarar que non se tivo en consideración o xeodestino denominado Terras de Santiago, por ter unha liña de costa pouco significativa e un peso turístico moi importante, co fin de evitar unha distorsión dos resultados.

SUBXEODESTINOS	XEODESTINOS
01A. FERROLTERRA	01. RÍAS ALTAS *
01B. A CORUÑA E AS MARIÑAS	
13A. RÍA DE MUROS E NOIA	13. RÍAS BAIXAS*
13B. RÍA DE AROUSA	
13C. RÍA E TERRAS DE PONTEVEDRA	
13D. RÍA DE VIGO E BAIXO MIÑO	

*Co obxectivo de acadar o maior nivel de detalle posible, no caso dos xeodestinos denominados "Rías Altas" e "Rías Baixas", optouse por empregar a área dos subxeodestinos para realizar as intersección*s cos concellos.

XEODESTINOS
02. COSTA DA MORTE
03. TERRAS DE SANTIAGO
04. MARIÑA LUCENSE
05. LUGO E A TERRA CHÁ
06. ANCARES-COUREL
07. RIBEIRA SACRA
08. O RIBEIRO
09. TERRAS DE OURENSE E ALLARIZ
10. CELANOVA-LIMIA
11. VERÍN-VIANA
12. MANZANEDA-TREVINCA
14. DEZA-TABEIRÓS

Non se considerou "Terras de Santiago" por ter unha liña de costa pouco significativa (menos de 1,5 km).

Como consecuencia da elección do ámbito territorial básico de expresión de resultados arriba mencionado, o dato global atribuído á cobertura territorial completa non coincide estritamente co ámbito de xestión do POL, razón pola que se lle engadiu un asterisco ao territorio POL (POL*) no gráfico onde se representan os "Ámbitos territoriais" nas fichas correspondentes ás medidas.

PROCESO DE CÁLCULO:

As cifras relativas a cada un dos xeodestinos/subxeodestinos de Galicia foron calculadas no IGE a partir da información procedente de varias enquisas do INE (ocupación hoteleira, ocupación en campamentos turísticos, ocupación en apartamentos turísticos e ocupación en aloxamentos de turismo rural), deseñando un modelo para estimar tanto as pernoctacións totais como as correspondentes só aos turistas procedentes do exterior.

Posteriormente, no IET calculouse o total do ámbito POL recortado (intersección de concellos enteiros co ámbito de xestión do POL) partindo das cifras brutas de pernoctacións enviadas polo IGE para cada un dos xeoestinos/subxeodestinos.

Fórmula de cálculo da medida 1: Nº de pernoctación nos meses incluídos en cada temporada / Nº total de pernoctacións anuais * 100

FONTES DE INFORMACIÓN:

Código	Descrición	Orixe datos	Data	Escala	Periodicidade	Natureza
	Límites de concellos de Galicia	CNIG (Centro de descargas)	-	1:25.000	-	
	Cartografía POL (límites)	IET	2011	-	Esporádica	
	Indicadores de noites por destinos nos concellos costeiros: indicador estacional, total	INE. Procesado polo IGE	2016	-	Anual	
	Indicadores de noites por destinos nos concellos costeiros: indicador estacional, fóra de Galicia	INE. Procesado polo IGE	2016	-	Anual	

REFERENCIAS:

Artigo 23. Xeodestinos turísticos da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia (DOG núm. 216 do 11.11.2011)

DATOS: medida 1

Ámbito POL:

código	xeodestinos/subxeodestinos	Porcentaxe de pernoctacións segundo a temporada (2016)					
		Todos os turistas			Turistas de fóra de Galicia		
		T. alta	T. media	T. baixa	T. alta	T. media	T. baixa
13D	Ría de Vigo e Baixo Miño	39,2	33,4	27,4	37,5	28,3	34,1
13C	Ría e Terras de Pontevedra	44,1	32,8	23,0	42,4	29,2	28,4
13B	Ría de Arousa	56,0	32,5	11,5	53,4	32,3	14,3
13A	Ría de Muros e Noia	59,3	25,8	14,8	53,7	32,6	13,8
02	Costa da Morte	48,7	34,6	16,7	52,2	33,1	14,6
01B	A Coruña e As Mariñas	32,2	33,5	34,3	29,5	28,3	42,2
01A	Ferrolterra	45,6	32,6	21,8	40,1	30,3	29,6
04	Mariña Lucense	49,7	31,0	19,3	50,7	27,3	22,0
	TOTAL	45,6	32,8	21,6	42,8	29,9	27,3

GLOSARIO:

DOT: Directrices de ordenación do territorio

POL: Plan de ordenación do litoral

Temporada alta: meses de xullo e agosto

Temporada media: meses de maio, xuño, setembro e outubro

Temporada baixa: meses de xaneiro, febreiro, marzo, abril, novembro e decembro

Xunta de Galicia

MET.A.01

Intensidade enerxética final

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

Este indicador mide o custo en termos enerxéticos que precisa a economía para crear riqueza.

Nun escenario como o actual de encarecemento e potencial escasez de enerxía, a eficiencia enerxética constitúe un valor fundamental cara a sostibilidade e competividade económica a medio prazo dun territorio.

As estratexías sectorias orientadas cara a competividade, neste escenario, teñen que encamiñarse cara producir con calidade e a menor custo.

O consumo de enerxía, especialmente aquela enerxía que é preciso importar, como son os derivados do petróleo, amosa ser un dos factores clave no eido empresarial.

Consecuencia deste axuste enerxético, aspectos como a calidade da auga e do aire poderán verse mellorados repercutindo positivamente na calidade de vida dos cidadáns.

O obxectivo marcado para este índice é a diminución do 1% anual.

Medidas do indicador:

Medida 1.- Intensidade enerxética final.

Medida 2.- Consumo enerxético final.

Descrición do indicador:

A intensidade enerxética é a relación entre o consumo enerxético final que unha economía precisa para funcionar e a produción en termos de renda acadada ou produto interior bruto (PIB).


Para o cálculo do consumo final enerxético tense en conta o consumo de electricidade, o dos combustibles que van a ter un uso térmico e o de biocombustibles e produtos petrolíferos en todos os sectores.

Dada a relevancia do concepto de “consumo enerxético”, engádese este como unha segundo parámetro do indicador (medida 2) ao da intensidade enerxética final (medida 1).

A unidade de medida empregada no consumo enerxético final son as kilo toneladas equivalentes de petróleo (ktep), a cal permite equiparar consumos de diferentes tipos de combustibles.

Para achegarnos o produto interior bruto (PIB), e que este sexa comparable nunha serie temporal, este é valorado en moeda constante. Neste caso faise en euros e empregando como ano base para o cálculo en termos reais, o ano 2010.

Evolución do indicador:



Bloque	METABOLISMO MET
Subbloque	ENERXÍA A
Nome	Intensidade enerxética final 01

Estado:

En 2017, a intensidade enerxética final diminuíu con respecto a 2016 acadando 0,102 ktep/millón de € mentres que o consumo enerxético final foi de 6.084 ktep, maior que en 2016; datos que apuntan a un incremento da eficiencia enerxética.

No intervalo temporal analizado —2.005 a 2017— aprécianse flutuacións interanuais leves nun marco xeral descendente, máis acusado no ano 2009, probablemente como consecuencia da ralentización da economía e do consumo enerxético. No ano 2010 produciuse un repunte, neste caso influenciado polo cambio da fonte de datos de produción e consumo de biomasa. No período 2011 - 2017, a maior eficiencia no emprego dos recursos fai que novamente descenda a intensidade enerxética final, instalándose nos niveis máis baixos da serie temporal.

Respecto ao consumo enerxético final, rexístranse análogas flutuacións. A tendencia desta medida a nivel galego desde 2010, en liñas xerais, é descendente, aínda que se dan algunhas diferencias en función da provincia. A nivel galego, a liña descendente pode atribuírse á mellora da eficiencia na utilización dos recursos aínda que tamén á ralentización da economía, o que provocou a redución do consumo enerxético ata 2013 estabilizándose nos anos posteriores.

Coherencia co modelo territorial

A intensidade enerxética é un indicador da eficiencia enerxética dun país, aínda que se ve afectada por factores externos como o da climatoloxía, o que pode distorcer o seu valor.

En termos de sostibilidade, a intensidade enerxética determina a eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos para producir o crecemento económico do país.

En Galicia, a intensidade enerxética final supera os valores do Estado polo feito de ter situadas na Comunidade Autónoma varias plantas con procesos produtivos moi intensivos en relación ao consumo de enerxía

As determinacións das DOT (Det. 4.7) orientan as actuacións da Xunta de Galicia de cara a deseñar estratexias que favorezan a eficiencia e o aforro enerxético.

Poñen énfase na compatibilización e preservación dos valores e da calidade do ambiente cos principios de eficiencia, seguridade e diversificación das actividades de produción, transformación, transporte e usos da enerxía.

Unha tendencia coherente cos obxectivos a alcanzar, tanto no que se refire á Estratexia da Unión Europea como aos propios do Estado español. O PANER 2011-2020 fixa para 2020 uha porcentaxe do 22,7% do consumo final bruto de enerxía prcedente de fontes renovables.

Indicador: MET.A.01 Intensidade enerxética final

Intensidade enerxética final

Caderno Medida 01

IET
Decembro 2017

MET A 01 Intensidade enerxética final

Medida: **01 Intensidade enerxética final**


Descrición:

É o custe enerxético que ten a produción de riqueza. Obtense dividindo o consumo enerxético entre o PIB.

Este consumo enerxético mídese en kilo toneladas equivalentes de petróleo (ktep)

A creación de riqueza mídese a través do produto interior bruto (PIB) en euros constantes do ano 2010.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.

- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados.
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía.
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente.
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha.

Gráfico:




Indicador: MET.A.01 Intensidade enerxética final

Consumo enerxético final

Caderno Medida 02

IET
Decembro 2016



Evolución do consumo enerxético en Galicia e España



Galicia

Consumo enerxético en ktep:
Galicia 2016: 6.037 ktep
España 2016: 83.875 ktep


MET A 01 Intensidade enerxética final

Medida: **02 Consumo enerxético final**

Descrición:

Esta medida reflicte a cantidade de enerxía consumida en Galicia.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.

- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados.
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía.
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente.
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha.

Gráfico:



Indicador: MET.A.01

Intensidade enerxética final

Caderno Anexo

IET
Decembro 2017

Bloque	METABOLISIMO MET
Subbloque	ENERXÍA A
Nome	Intensidade enerxética final 01

NOTAS METODOLÓXICAS:

A partir do segundo informe, neste indicador inclúense dúas medidas. Como medida 1 a que xa se recolleu no primeiro informe (Consumo de enerxía final por unidade de PIB) e como medida 2, o consumo enerxético final.

Como xa se indicara no informe anterior, a intensidade enerxética é un indicador da eficiencia enerxética dunha economía. Calcúlase como a relación entre o consumo enerxético (E) e o produto interior bruto (PIB) dun país: I=E/PIB. É a cantidade media de enerxía necesaria para producir unha unidade de riqueza. Respecto ao numerador da fórmula (que coincide coa segunda medida), cómpre matizar o seguinte: no cálculo do consumo de enerxía final (E), os datos presentados na publicación do Inega "Balance Enerxético de Galicia" seguen, na medida do posible, as recomendacións do "Manual de Estatísticas Enerxéticas" publicado pola Axencia Internacional da Enerxía (AIE) en colaboración coa Oficina de Estatística das Comunidades Europeas (Eurostat) e a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).O consumo final enerxético é aquel que cubre o consumo de electricidade, o consumo dos combustibles que van a ter un uso térmico, e o consumo de biocombustibles e produtos petrolíferos en todos os sectores. A unidade empregada de medida son as kilotoneladas equivalentes de petróleo (ktep).

Cálculo do PIB: O PIB que se utiliza para o cálculo da intensidade enerxética debe ser o PIB valorado en moeda constante. Debido o canbio da base de cáculo do PIB recalculouse a intensidade enerxética final de toda a serie de estudo en base o PIB de cada, pero referido a base de 2010.

A recollida da información necesaria para a elaboración do balance levouse a cabo tratando separadamente as empresas xeradoras inscritas no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica (instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxías renovables, residuos e coxeración) do resto de operadores enerxéticos.

Nas empresas inscritas no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica, a información utilizada procede do anexo que estas centrais teñen a obriga de presentar anualmente na Consellería de Economía, Emprego e Industria, da facilitada pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) e tamén da facilitada polo Sicapde (Sistema Informático de Captación e Procesamento dos Datos de Produción Enerxética de Galicia).

A información enerxética das centrais en réxime ordinario é recollida directamente polo Inega a partir dos titulares das centrais que figuran no Registro Administrativo de productores de electricidad en Régimen Ordinario da Secretaría de Estado de Energía do Ministerio para la Transición Ecológica.

Ademais, utilízase información procedente doutras fontes para completar os movementos enerxéticos en Galicia. Estas fontes son: Os datos de intercambios de enerxía eléctrica (importacións e exportacións) que son subministrados por Red Eléctrica de España, SA (REE).

Ata o ano 2005, a información de vendas de gas natural canalizado e gas licuado (GNL) obtíñase directamente dos distribuidores. A liberalización do mercado enerxético establecido na Lei 12/2007, de 2 de xullo, fai que na actualidade a fonte de información sexa a CNMC. Ata o ano 2006, a información de vendas de electricidade obtíñase directamente dos distribuidores. A liberalización do mercado eléctrico establecido na Lei 17/2007, de 4 de xullo, fai que na actualidade a fonte de información sexa a CNMC. A partir do ano 2010, o consumo de biomasa para uso térmico nos distintos sectores, obtense en base aos datos do estudo "Análise da viabilidade do mercado de biomasa en Galicia e norte de Portugal" realizado polo Inega dentro do proxecto europeo Esol (Enerxía Sostible nas Entidades Locais). Este estudo actualizarase cos datos das novas caldeiras instaladas cada ano en Galicia. En setembro do ano 2017, modifícanse as fontes de datos das novas caldeiras de biomasa instaladas cada ano, polo que varía a potencia térmica das caldeiras e o consumo de biomasa en Galicia. En marzo de 2018, modifícase o consumo de enerxía primaria procedente de fontes renovables debido a que agora o Ministerio para la Transición Ecológica considera que os residuos sólidos urbanos (R.S.U.) son un 50% biodegradable e por tanto renovable, e o outro 50% non renovable. Isto tamén afecta á electricidade xerada con RSU, que xa non se considera o 100% renovable como nos Balances Enerxéticos anteriores. Dende o ano 2007 ata o ano 2014 os datos das bombas de calor xeotérmicas foron facilitadas por Acluxega (Asociación Cluster da Xeotermia Galega). A partir do ano 2015 actualizarase cos datos das novas bombas de calor instaladas cada ano en Galicia.

NOTAS METODOLÓXICAS:

A cantidade de cru e produtos petrolíferos importados, xerados e consumidos obtense mediante cuestionario ás empresas. O directorio que serve de base para a identificación das empresas é a Lista de Operadores al por Mayor de Productos Petrolíferos da Secretaría de Estado de Energía do Ministerio para la Transición Ecológica.

Medida 1: Calcúlase o consumo final enerxético tendo en conta o consumo de electricidade, o consumo de calor xerado nas centrais de coxeración, o consumo dos combustibles que van a ter un uso térmico e o consumo de biocombustibles e produtos petrolíferos en todos os sectores, en quilo toneladas equivalentes de petróleo (ktep). No denominador, neste informe emprégase o produto interior bruto a valores constantes do ano 2010, obtendo finalmente a ratio do consumo enerxético final entre o produto interior bruto.

Medida 2: Os valores coinciden cos datos da fonte orixinal e reflicten as quilotoneladas equivalentes de petróleo (ktep) totais consumidas en Galicia desde 2005, considerando a enerxía destinada a xeración de electricidade, os combustibles destinados a uso térmico, así como os empregados para transporte, pesca, agricultura, minas e construción. É o numerador da medida 1.

NOTA: Cálculos foron realizados polo INEGA e o IGE. Neste cuarto informe os datos non se desagregan a nivel provincial debido a que a súa lectura non ten relevancia a niver territorial e as dificultades que a súa publicación poden ocasionar en termos de segredo estatístico.

FONTES DE INFORMACIÓN:

Descrición	Orixe datos	Data	Escala	Periodicidade
Consumo de enerxía final: consumo final dos diferentes tipos de enerxía	Instituto enerxético	2017	Galicia	Anual
Produto interior bruto a prezos constantes do ano 2010	Instituto galego de estatística, IGE	2017	Galicia	Anual

REFERENCIAS:

Balances enerxéticos do INEGA

DATOS:

Ano	codINE	Territorio	Consumo Enerxía Final (ktep)	PIB prezos ctes 2010 (millóns euros)	Intensidade Enerxética (ktep / millóns euros)
2005	12	Galicia	6.453	52.998	0,122
2006	12	Galicia	6.569	55.367	0,119
2007	12	Galicia	6.652	57.752	0,115
2008	12	Galicia	6.783	58.974	0,115
2009	12	Galicia	6.173	56.866	0,109
2010	12	Galicia	6.804	57.025	0,119
2011	12	Galicia	6.520	55.812	0,117
2012	12	Galicia	6.274	54.264	0,116
2013	12	Galicia	6.116	53.387	0,115
2014	12	Galicia	6.115	53.721	0,114
2015	12	Galicia	6.102	55.962	0,109
2016	12	Galicia	6.037	57.967	0,104
2017	12	Galicia	6.084	59.760	0,102

GLOSARIO:

IGN: Instituto Geográfico Nacional

DOT: Directrices de ordenación del territorio

POL: Plan de ordenación del territorio

Xunta de Galicia

MET.A.02

Consumo final bruto de enerxía renovable

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

A Unión Europea (1) fixa como obxectivos xerais, para o ano 2020, conseguir unha cota do 20% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo final bruto de enerxía da Unión Europea e unha cota do 10% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo de enerxía no sector do transporte en cada Estado membro.

A súa vez, España marca como obxectivo, no PANER 2011-2020, que o consumo final de enerxía procedente de fontes renovables sexa do 17,4% no ano 2015 e do 22,7% no ano 2020.

O sector da enerxía enfréntase a dous grandes retos, o incremento da demanda prevista de enerxía e a maior sustentabilidade ambiental esixida a este. A pesares de ter aumentado a produción global de enerxías renovables mentres que a das fósiles e nuclear diminuíu; sen embargo, os combustibles fósiles aínda son a fonte dominante de enerxía.

(1) Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e derrogan as Directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE,

Medidas do indicador:

Medida 1.- Consumo final bruto de enerxía renovable

Descrición do indicador:


O consumo final bruto de enerxía procedente de fontes renovables calcúlase como a suma dos seguintes consumos: a) consumo final bruto de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables; b) consumo de enerxía final bruto de enerxía procedente de fontes renovables para a calefacción e a refrixeración, e c) consumo de enerxía final procedente de fontes renovables no sector do transporte.

Esta porcentaxe calcúlase como a proporción entre o consumo final bruto de enerxía procedente de fontes renovables e o consumo final bruto de enerxía.

Enténdese por consumo final bruto de enerxía procedente de fontes renovables a suma do consumo final bruto de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables, o consumo de enerxía final bruto de enerxía procedente de fontes renovables para a calefacción e a refrixeración e o consumo de enerxía final procedente de fontes renovables no sector do transporte.

Enténdese por consumo final bruto de enerxía a suma do consumo de electricidade bruto, o consumo en transporte segundo o artigo 3.4.a) e o consumo en calefacción e refrixeración.

Evolución do indicador:



Bloque	METABOLISMO MET
Subbloque	ENERXÍA A
Nome	Consumo final bruto de enerxía renovable 02

Estado:

O consumo final de enerxía, obtida a partir de fontes renovables, presenta unha tendencia crecente ata o ano 2014. A partir do 2014, no que se acadou o 40,1%, invértese esa tendencia acadando en 2017 un 35,2% debido principalmente á menor xeración de electricidade con fontes renovables como consecuencia da menor pluviosidade; non obstante moi superior ao obxectivo fixado do 20% para 2020.

Canto maior sexa o indicador, tendo en conta que o consumo final bruto de enerxía non aumenta moito, maior será a enerxía consumida procedente de fontes renovables e, polo tanto, menor a dependencia enerxética de Galicia do exterior e de fontes contaminantes.

Coherencia co modelo territorial

As determinacións das DOT (Det. 4.7) orientan as actuacións da Xunta de Galicia de cara a deseñar estratexias que favorezan a eficiencia e o aforro enerxético. Poñen énfase na compatibilización e preservación dos valores e da calidade do ambiente cos principios de eficiencia, seguridade e diversificación das actividades de produción, transformación, transporte e usos da enerxía.

No período estudado, 2005 2017, o consumo final de enerxía a partir de fontes renovables sinala unha evolución positiva en coherencia coas metas europeas e nacionais fixadas cara ao 2020. Os resultados positivos redundarán nunha menor emisión de gases de efecto invernadoiro.

Indicador: MET.A.02 Consumo final bruto de enerxía renovable

Consumo final bruto de enerxía renovable

Caderno Medida 01

IET
Decembro 2017

MET A 02 Consumo final bruto de enerxía renovable


Medida: **01 Consumo final bruto de enerxía renovable**

Descrición:

Defínese o consumo final bruto de enerxía como os produtos enerxéticos subministrados con fins enerxéticos á industria, ao transporte, aos fogares, aos servizos, incluídos os servizos públicos, á agricultura, á silvicultura e á pesca, incluído o consumo de electricidade e calor na rama da enerxía para a produción de electricidade e calor, e incluídas as perdas de electricidade e calor na distribución e o transporte. Segundo indica a Directiva 2009/28/CE no seu artigo 5, o consumo final bruto de enerxía procedente de fontes renovables en cada Estado membro calcularase como a suma de:

a) o consumo final bruto de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables. b) o consumo de enerxía final bruto de enerxía procedente de fontes renovables para a calefacción e a refrixeración. c) o consumo de enerxía final procedente de fontes renovables no sector do transporte.


Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); POL (Ámbito do POL); Mu (municipios); Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.

- Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados.
- Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía.
- Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente.
- Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha.

Gráfico:



Indicador: MET.A.02

Consumo final bruto de enerxía renovable

Caderno Anexo

IET
Decembro 2017

Bloque	METABOLISIMO MET
Subbloque	ENERXÍA A
Nome	Consumo final bruto de enerxía renovable 02

NOTAS METODOLÓXICAS:

A Directiva 2009/28/CE está trasposta en España na Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable, que establece no seu artigo 78 un obxectivo nacional mínimo de participación das enerxías renovables no consumo de enerxía final bruta do 20% en 2020. En España, para responder os requirimentos da directiva, elaborouse o Plan de Acción Nacional de Energías Renovables 2011-2020 (PANER), que se axusta ao modelo e metodoloxía adoptada pola Comisión Europea.

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables

Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable

Plan de Acción Nacional de Energías Renovables 2011-2020 (PANER)

O valor do "consumo final bruto de enerxía" NON ten porqué coincidir en cada ano coa suma do consumo en calefacción e refrixeración, electricidade e transporte, xa que, o gas, a electricidade e o hidróxeno, débense contabilizar unha soa vez no total. A título de exemplo, unha parte da electricidade pode aparecer tanto en "electricidade" como na "transporte", xa que se consome tamén no transporte. Así, para evitar a dobre contabilización, habería que subtraela, unha vez, do total (consumo final bruto de enerxía).

A recollida da información necesaria para a elaboración do balance levouse a cabo tratando separadamente as empresas xeradoras inscritas no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica (instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxías renovables, residuos e coxeración) do resto de operadores enerxéticos.

Nas empresas inscritas no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica, a información utilizada procede do anexo que estas centrais teñen a obriga de presentar anualmente na Consellería de Economía, Emprego e Industria, da facilitada pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) e tamén da facilitada polo Sicapde (Sistema Informático de Captación e Procesamento dos Datos de Produción Enerxética de Galicia).

A información enerxética das centrais en réxime ordinario é recollida directamente polo Inega a partir dos titulares das centrais que figuran no Registro Administrativo de productores de electricidad en Régimen Ordinario da Secretaría de Estado de Energía do Ministerio para la Transición Ecológica.

Ademais, utilízase información procedente doutras fontes para completar os movementos enerxéticos en Galicia. Estas fontes son: Os datos de intercambios de enerxía eléctrica (importacións e exportacións) que son subministrados por Red Eléctrica de España, SA (REE).

Ata o ano 2005, a información de vendas de gas natural canalizado e gas licuado (GNL) obtíñase directamente dos distribuidores. A liberalización do mercado enerxético establecido na Lei 12/2007, de 2 de xullo, fai que na actualidade a fonte de información sexa a CNMC. Ata o ano 2006, a información de vendas de electricidade obtíñase directamente dos distribuidores. A liberalización do mercado eléctrico establecido na Lei 17/2007, de 4 de xullo, fai que na actualidade a fonte de información sexa a CNMC. A partir do ano 2010, o consumo de biomasa para uso térmico nos distintos sectores, obtense en base aos datos do estudo “Análise da viabilidade do mercado de biomasa en Galicia e norte de Portugal” realizado polo Inega dentro do proxecto europeo Esol (Enerxía Sostible nas Entidades Locais). Este estudo actualizarase cos datos das novas caldeiras instaladas cada ano en Galicia. En setembro do ano 2017, modifícanse as fontes de datos das novas caldeiras de biomasa instaladas cada ano, polo que varía a potencia térmica das caldeiras e o consumo de biomasa en Galicia.

NOTAS METODOLÓXICAS:

En marzo de 2018, modifícase o consumo de enerxía primaria procedente de fontes renovables debido a que agora o Ministerio para la Transición Ecológica considera que os residuos sólidos urbanos (R.S.U.) son un 50% biodegradable e por tanto renovable, e o outro 50% non renovable. Isto tamén afecta á electricidade xerada con RSU, que xa non se considera o 100% renovable como nos Balances Enerxéticos anteriores. Dende o ano 2007 ata o ano 2014 os datos das bombas de calor xeotérmicas foron facilitadas por Acluxega (Asociación Cluster da Xeotermia Galega). A partir do ano 2015 actualizarase cos datos das novas bombas de calor instaladas cada ano en Galicia.

A cantidade de cru e produtos petrolíferos importados, xerados e consumidos obtense mediante cuestionario ás empresas. O directorio que serve de base para a identificación das empresas é a Lista de Operadores al por Mayor de Productos Petrolíferos da Secretaría de Estado de Energía do Ministerio para la Transición Ecológica.

PROCESO DE CÁLCULO:

Realizado `polo INEGA

Consumo final bruto de enerxía renovable (%) = 100*consumo final bruto de enerxía procedente de fontes renovables / consumo final bruto de enerxía.

FONTES DE INFORMACIÓN:

	Descrición	Orixe datos	Data	Escala	Periodicidade	
	Consumo final bruto de enerxía renovable	Instituto enerxético de Galicia, INEGA	2017	Galicia	Anual	

REFERENCIAS:

Balances enerxéticos do INEGA

DATOS:

Consumo final bruto de enerxía procedente de fontes de enerxía renovables (GWh)

codINE	provincia	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
12	Galicia	20,3%	26,2%	26,2%	26,4%	30,3%	35,2%	34,5%	35,7%	38,8%	40,1%	38,2%	39,3%	35,2%
	España	8,4%	9,2%	9,7%	10,8%	13,0%	13,8%	13,2%	14,3%	15,3%	16,1%	16,2%		

GLOSARIO:

IGN: Instituto Geográfico Nacional

DOT: Directrices de ordenación del territorio

POL: Plan de ordenación del territorio

Xunta de Galicia

MET.A.03

Consumo final bruto de electricidade renovable

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

Estudar o grao de aproximación de Galicia aos obxectivos que, en coherencia con España, se marca como obxectivo no eido do consumo final de electricidade procedente de renovables.

A loita contra o cambio climático e polo tanto contra o incremento da temperatura no planeta está directamente relacionada coa redución das emisións de gases de efecto invernadoiro. Un dos factores que inciden na redución de GEI é a substitución de fontes de enerxía fósiles por enerxías renovables.

O PANER 2011-2020 fixa para un consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables do 40% no ano 2020.


Medidas do indicador:

Medida 1.- Consumo final bruto de electricidade renovable

Descrición do indicador:

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e derrogan as Directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE, fixa como obxectivos xerais conseguir unha cota do 20% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo final bruto de enerxía da Unión Europea (UE) e unha cota do 10% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo de enerxía no sector do transporte en cada Estado membro para o ano 2020.O consumo final bruto de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables, calcularase como a cantidade de electricidade xerada nun Estado membro a partir de fontes de enerxía renovables, excluída a electricidade producida por unidades de acumulación por bombeo que utilizan auga que se bombeou. A cantidade de electricidade xerada nun Estado debe ser calculada segundo o indicado no Anexo II da Directiva 2009/28/CE coas fórmulas de normalización para calcular a electricidade xerada en centrais hidroeléctricas e instalacións eólicas. O consumo de electricidade bruto é a produción nacional bruta de electricidade, calculada segundo o Anexo II da Directiva 2009/28/CE, incluída a autoprodución, máis as importacións, menos as exportacións.Esta porcentaxe calcúlase como a proporción entre o consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables e o consumo de electricidade bruto.

Evolución do indicador:



Bloque	METABOLISMO MET
Subbloque	ENERXÍA A
Nome	Consumo final bruto de electricidade renovable 03

Estado:

O consumo final bruto de electricidade obtida a partir de fontes renovables foi, no ano 2017 de 16.123 GW/ano, un 4,7% menos que o ano anterior e o segundo no que se reduce.

Este indicador presenta unha tendencia crecente desde 2005 ata o ano 2015, no que acadou 17.297 GWh/ano. Nos anos posteriores 2016 e 2017 experiméntase un decrecemento, moi relacionado coa menor pluviosidade rexistrada dende que existen rexistros hidráulicos.

En Galicia, a porcentaxe de consumo final bruto de electricidade obtida a partir de fontes renovables con respecto o consumo de electricidade bruto, amosa moitas variacións ao depender en gran medida da climatoloxía, da xeración hidráulica e da eólica; así baixa no ano 2015, volve a subir no 2016 e baixa ata o 62,6% no ano 2017, moi por riba do obxectivo fixado.

Tamén se acusa moitas variacións entre as distintas provincias no consumo final bruto de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables (electricidade xerada a partir de fontes de enerxía renovables, excluída a electricidade producida por unidades de acumulación por bombeo que utilizan auga que se bombeou).

Coherencia co modelo territorial

As determinacións das DOT (Det. 4.7) orientan as actuacións da Xunta de Galicia de cara a deseñar estratexias que favorezan a eficiencia e o aforro enerxético. Poñen énfase na compatibilización e preservación dos valores e da calidade do ambiente cos principios de eficiencia, seguridade e diversificación das actividades de produción, transformación, transporte e usos da enerxía.

O obxectivo é aumentar o consumo final bruto de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables. O estado español marca como obxectivo no Plan de Enerxías Renovables (PANER) 2011-2020, que a porcentaxe do consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables sexa do 33,8% no ano 2015 e do 40% no ano 2020.


Os valores de Galicia dende o ano 2006 mantense por riba do obxectivo do 40% para España no ano 2020. O incremento dos valores deste indicador indicará unha maior utilización de fontes de enerxía renovables o que redundará nunha cantidade menor de emisións de GEI e nunha menor dependencia enerxética de Galicia do exterior e de fontes contaminantes.

Indicador: MET.A.03 Consumo final bruto de electricidade renovable

Consumo final bruto de electricidade renovable

Caderno Medida 01


IET
Decembro 2017



Evolución do consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables

Consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables en 2017:

Galicia: 16.123 ktep



Evolución do consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables

Consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables en 2017:

A Coruña: 3.939 ktep
Lugo: 5.268 ktep
Ourense: 5.088 ktep
Pontevedra: 1.778 ktep


MET A 03 Consumo final bruto de electricidade renovable

Medida: **01 Consumo final bruto de electricidade renovable**

Descrición:

Consumo final bruto de electricidade renovable (%) = 100 * Consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables / consumo de electricidade bruto.

Gráfico:



Ámbitos territoriais:



Indicador: MET.A.03

Consumo final bruto de electricidade renovable

Caderno Anexo

IET
Decembro 2017

Bloque	METABOLISIMO MET
Subbloque	ENERXÍA A
Nome	Consumo final bruto de electricidade renovable 03

NOTAS METODOLÓXICAS:

É unha medida da xeración de electricidade renovable.

O consumo final bruto de electricidade obtida a partir de fontes renovables, varía dun ano a outro, xa que dependendo das condicións climatolóxicas, a xeración hidráulica e eólica pode variar moito.

A recollida da información necesaria para a elaboración do balance levouse a cabo tratando separadamente as empresas xeradoras inscritas no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica (instalacións abastecidas por recursos ou fontes de enerxías renovables, residuos e coxeración) do resto de operadores enerxéticos.

Nas empresas inscritas no Rexistro de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica, a información utilizada procede do anexo que estas centrais teñen a obriga de presentar anualmente na Consellería de Economía, Emprego e Industria, da facilitada pola Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia (CNMC) e tamén da facilitada polo Sicapde (Sistema Informático de Captación e Procesamento dos Datos de Produción Enerxética de Galicia).

A información enerxética das centrais en réxime ordinario é recollida directamente polo Inega a partir dos titulares das centrais que figuran no Registro Administrativo de productores de electricidad en Régimen Ordinario da Secretaría de Estado de Energía do Ministerio para la Transición Ecológica.

Ademais, utilízase información procedente doutras fontes para completar os movementos enerxéticos en Galicia. Estas fontes son: Os datos de intercambios de enerxía eléctrica (importacións e exportacións) que son subministrados por Red Eléctrica de España, SA (REE).

Ata o ano 2005, a información de vendas de gas natural canalizado e gas licuado (GNL) obtíñase directamente dos distribuidores. A liberalización do mercado enerxético establecido na Lei 12/2007, de 2 de xullo, fai que na actualidade a fonte de información sexa a CNMC. Ata o ano 2006, a información de vendas de electricidade obtíñase directamente dos distribuidores. A liberalización do mercado eléctrico establecido na Lei 17/2007, de 4 de xullo, fai que na actualidade a fonte de información sexa a CNMC. A partir do ano 2010, o consumo de biomasa para uso térmico nos distintos sectores, obtense en base aos datos do estudo “Análise da viabilidade do mercado de biomasa en Galicia e norte de Portugal” realizado polo Inega dentro do proxecto europeo Esol (Enerxía Sostible nas Entidades Locais). Este estudo actualizarase cos datos das novas caldeiras instaladas cada ano en Galicia. En setembro do ano 2017, modifícanse as fontes de datos das novas caldeiras de biomasa instaladas cada ano, polo que varía a potencia térmica das caldeiras e o consumo de biomasa en Galicia. En marzo de 2018, modifícase o consumo de enerxía primaria procedente de fontes renovables debido a que agora o Ministerio para la Transición Ecológica considera que os residuos sólidos urbanos (R.S.U.) son un 50% biodegradable e por tanto renovable, e o outro 50% non renovable. Isto tamén afecta á electricidade xerada con RSU, que xa non se considera o 100% renovable como nos Balances Enerxéticos anteriores. Dende o ano 2007 ata o ano 2014 os datos das bombas de calor xeotérmicas foron facilitadas por Acluxega (Asociación Cluster da Xeotermia Galega). A partir do ano 2015 actualizarase cos datos das novas bombas de calor instaladas cada ano en Galicia.

A cantidade de cru e produtos petrolíferos importados, xerados e consumidos obtense mediante cuestionario ás empresas. O directorio que serve de base para a identificación das empresas é a Lista de Operadores al por Mayor de Productos Petrolíferos da Secretaría de Estado de Energía do Ministerio para la Transición Ecológica.

PROCESO DE CÁLCULO:

Realizado `polo INEGA

Esta porcentaxe calcúlase como a proporción entre o consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables e o consumo de electricidade bruto.

Enténdese por consumo final bruto de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables, a electricidade xerada a partir de fontes de enerxía renovables, excluída a electricidade producida por unidades de acumulación por bombeo que utilizan auga que se bombeou

Enténdese por consumo de electricidade bruto, a produción bruta de electricidade calculada segundo o Anexo II da Directiva 2009/28/CE, incluída a autoprodución, máis as importacións e menos as exportacións.

Como fontes de enerxía renovables contabilízanse a grande hidráulica e minihidráulica excluído o bombeo, o vento, a solar fotovoltaica, a biomasa, o biogás e os residuos urbanos.

FONTES DE INFORMACIÓN:

Descrición	Orixe datos	Data	Escala	Periodicidade
Consumo final bruto de electricidade renovable	Instituto enerxético de Galicia, INEGA	2017	Provincial	Anual

REFERENCIAS:

Balances enerxéticos do INEGA

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables

Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sustentable

Plan de Acción Nacional de Energías Renovables 2011-2020 (PANER)

DATOS:

Consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables (GWh)

codINE	provincia	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
15	A Coruña	3.287	3.589	3.784	3.843	3.872	3.988	3.980	4.040	4.203	4.180	4.274	4.208	3.939
27	Lugo	2.884	4.147	4.511	4.715	4.919	5.056	5.001	5.136	5.430	5.605	5.746	5.581	5.268
32	Ourense	2.252	4.396	4.499	4.440	4.457	4.746	4.751	4.959	5.073	5.269	5.266	5.201	5.088
36	Pontevedra	1.221	1.513	1.610	1.797	1.761	1.799	1.800	1.824	1.905	1.901	1.937	1.878	1.778
12	Galicia	9.644	13.692	14.447	14.840	15.079	15.664	15.601	16.113	16.742	17.086	17.297	16.924	16.123

Consumo final bruto de electricidade renovable (%)

12	Galicia	46,14 %	64,34 %	61,80 %	63,11 %	74,52 %	88,67 %	69,05 %	66,28 %	92,15 %	89,38 %	76,44 %	83,11 %	62,62 %

GLOSARIO:

DOT: Directrices de ordenación del territorio

Xunta de Galicia

MET.A.04

Consumo de enerxía primaria

Caderno indicador

IET
Decembro 2017

Obxectivo e relevancia:

Galicia é responsable da transformación de aproximadamente un 10% da enerxía primaria en enerxía dispoñible para o consumo final do Estado.

Esta enerxía xenérase a partir de recursos primarios autóctonos ou importados e expórtase a outras rexións ou países.

Por todo iso, as perspectivas de evolución da demanda de enerxía primaria dependerán da variación da demanda de enerxía final prevista para Galicia, así como tamén das variacións previstas no resto do Estado e noutros países, xa que é a onde se dirixe aproximadamente o 37% dos produtos transformados na nosa Comunidade.

No Libro Branco para unha Estratexia e un Plan de Acción Comunitarios, a Unión Europea marcou como obxectivo para o ano 2010 a obtención dun 12% de enerxía primaria total mediante fontes de enerxía renovables.

España, no seu Plan de Enerxías Renovables 2005-2010, marcou como obxectivo que o 12,1% do consumo de enerxía primaria no ano 2010 proceda das enerxías renovables.

Medidas do indicador:

Medida 1.- Consumo enerxía primaria


Medida 2.- Consumo enerxía primaria renovable

Descrición do indicador:

Considéranse como fontes de enerxía primarias ás que se obteñen directamente da natureza ou ben despois dun proceso de extracción

O indicador amosa, en termos porcentuais, o consumo de enerxía das distintas fontes facendo unha desagregación daquelas que son renovables.

Evolución do indicador:



Bloque	METABOLISMO MET
Subbloque	ENERXÍA A
Nome	Consumo de enerxía primaria 04

Estado:

En Galicia, a porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes de enerxías renovables acadou no ano 2010 o 21 %, superior ao obxectivo do 12% marcado. Aínda que o obxectivo xa está derrogado, séguese actualizando para estudar a súa evolución.

No ano 2017 Galicia, cun 16%, superou tamén amplamente esta porcentaxe do 12% de consumo de enerxía primaria procedente de fontes de enerxías renovables. Deste 16% no ano 2017 o 52% procede da biomasa, o 30% é eólica, o 15% hidráulica e o 3% procede de outras fontes de enerxía renovable. Obsérvase un incremento do peso da enerxía procedente de biomasa e unha diminución do peso da hidráulica nesta mestura enerxética xa que foi o ano coa menor pluviosidade dende que existen rexistros hidráulicos.

No ano 2017 e no que se refire ao consumo de enerxía primaria, é dicir, a aquelas que se obteñen directamente da natureza ou ben despois dun proceso de extracción, Galicia ten como principais fontes de enerxía o petróleo (52%), seguido do carbón (20%), as enerxías renovables (16%) e o gas natural (12%).

O peso do consumo de enerxía primaria procedente de fontes renovables presenta unha tendencia crecente ata o ano 2014 no que representaba o 23%, no ano 2017 esta porcentaxe se reduciu ata o 16% xa que a baixada da enerxía da auga e do vento debido ás condicións meteorolóxicas, incrementou o consumo de gas natural, carbón e produtos petrolíferos.

Coherencia co modelo territorial

As determinacións das DOT (Det. 4.7) orientan as actuacións da Xunta de Galicia de cara a deseñar estratexias que favorezan a eficiencia e o aforro enerxético. Poñen énfase na compatibilización e preservación dos valores e da calidade do ambiente cos principios de eficiencia, seguridade e diversificación das actividades de produción, transformación, transporte e usos da enerxía.

Este indicador amosa o grado de abastecemento de enerxía primaria mediante fontes renovables o que rebaixa a dependencia doutros combustibles máis contaminantes.

Indicador: MET.A.04 Consumo de enerxía primaria

Consumo de enerxía primaria

Caderno Medida 01


IET
Decembro 2017



Porcentaxe do consumo da enerxía primaria

Porcentaxe do consumo de enerxía primaria renovable en 2017:

A Coruña: 8%
Lugo: 48%
Ourense: 70%
Pontevedra: 57%



Porcentaxe do consumo da enerxía primaria

Porcentaxe do consumo de enerxía primaria renovable en 2017:

Galicia: 16%

MET A 04 Consumo de enerxía primaria

Medida: **01 Consumo de enerxía primaria**


Descrición:

Desagréganse as distintas fontes de enerxía que interveñen no consumo de enerxía primaria a partir dun dato extraído directamente da fonte (INEGA)

Ámbitos territoriais:



Gráfico:



Indicador: MET.A.04 Consumo de enerxía primaria

Consumo de enerxía primaria renovable

Caderno Medida 02


IET
Decembro 2017



Evolución do consumo de enerxía primaria renovable

Porcentaxe do consumo de enerxía primaria con biomasa en 2017:

A Coruña: 52%
Lugo: 25%
Ourense: 35%
Pontevedra: 69%



Evolución do consumo de enerxía primaria renovable

Porcentaxe do consumo de enerxía primaria con biomasa en 2017:

Galicia: 52%

MET A 04 Consumo de enerxía primaria

Medida: **02 Consumo de enerxía primaria renovable**

Descrición:

Desagregánse as distintas fontes de enerxía consideradas renovables: hidráulica (grande hidráulica e minihidráulica), biomasa, eólica e outras (solar térmica, solar fotovoltaica, centrais de RSU, biogas, biocarburantes, os residuos que non son RSU e a enerxía térmica xerada coas bombas de calor xeotérmicas, aerotérmicas e hidrotérmicas, corresponde coa cantidade de enerxía renovable das bombas de calor, calculada tendo en conta a eficiencia do sistema marcada pola lexislación vixente).

Os valores obtense directamente dos datos do INEGA

Ámbitos territoriais:



O gráfico representa o ámbito de estudo do indicador e a súa relación e posibles lecturas comparadas con outros espazos territoriais: UE (Unión Europea); EuroR (Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal); Es (España); Ga (Galicia); Mu (municipios Pa (parroquias); * Ámbito con modificacións reflectido no anexo de metodoloxía.


Ámbito territorial máis desagregado de expresión de resultados

Ámbito territorial calculado coa mesma metodoloxía

Ámbito territorial calculado cunha metodoloxía semellante ou equivalente.

Ámbito territorial sen resultados ou non obxecto desta ficha

Gráfico:



Indicador: MET.A.04

Consumo de enerxía primaria

Caderno Anexo

IET
Decembro 2017

Bloque	METABOLISIMO MET
Subbloque	ENERXÍA A
Nome	Consumo de enerxía primaria 04

parte, seguida case doutro terzo de mato, mentres que os cultivos ocupan un 16% e un 7% os pastos. Non so é unha distribución desigual senón que a tendencia que sinala a variación destas coberturas ao longo da serie temporal analizada indica un aumentos das áreas arboradas, singularmente no interior de Lugo e das zonas de matogueira, principalmente no eixo atlántico. As zonas agrícolas, menos concentradas e con manchas de dimensións moi variables, conforman preferentemente zonas de mosaico na contorna dos asentamentos rurais.

As variacións nas superficies de usos do solo no período 2005-2014 indican que a maior variación se rexistra no incremento de frondosas caducifolias, cun 8,6%, de coníferas cun 8,3% e doutras perennifolias e cultivos leñosos cun 7,6% e 7,4% respectivamente, mentres que as coberturas que perden máis presenza en termos relativos son a matogueira (7,8%) e os prados e pasteiros (5,1%). As coberturas agrícolas apuntan tendencias dispares; mentres que os cultivos leñosos se expanden, os herbáceos, prados e pasitizais e o viñedo diminúe. Por ultimo, cabe destacar o incremento da cobertura artificial cun 4,7%.




Ilustración 1. Variación de coberturas 2005-2014, SIOSE

A partir da análise da adxacencia entre coberturas artificiais e naturais ou seminaturais pódese facer unha aproximación á maior ou menor facilidade que a matriz biofísica ofrece ás especies para a súa dispersión e mantemento no territorio. Este análise, nas distintas comarcas paisaxísticas, indica que esta adxacencia e baixa, o cal favorece a conectividade ecolóxica entre hábitats e especies. Neste senso, as comarcas paisaxísticas orientais, principalmente nos sistemas montañosos, presentan os maiores índices de conectividade; as comarcas que inclúen a rexión urbana da Coruña, Ferrol, Santiago e Vigo e as Rías Baixas representan as zonas con menor índice (Ilustración 2).

A conservación da biodiversidade vese apoiada pola declaración dos Espazos naturais protexidos, sometidos a distintas cautelas para a preservación dos valores naturais e dos servizos ecosistémicos que proporcionan á sociedade. En Galicia estes espazos representan o 12% da superficie galega (Ilustración 3).




Ilustración 2. Índice de contaxio (conectividade) por comarca paisaxística



Ilustración 3. Zonificación do Plan director da Rede Natura 2000

Os espazos de maior valor natural están tutelados principalmente polo corpo normativo constituído pola las leis de conservación da natureza, o Plan director de Rede Natura 2000 ou as declaracións das Reservas da biosfera, normas que as DOT incorporan como principios de actuación en relación ao patrimonio natural. Para isto establecen como obxectivos o desenvolvemento sostible das áreas protexidas, a protección e valorización doutros elementos con valores naturais, promover a conectividade ecolóxica entre hábitats e de especies evitando ou eliminando o efecto barreira; a restauración ecolóxica e a prevención de impactos de carácter ambiental, visual e paisaxística ou a promoción de medidas de mitigación do cambio climático.

Neste senso, as DOT propoñen as Áreas estratéxicas de conservación, enclaves de especial valor ecolóxico que se corresponden coas áreas protexidas identificadas e delimitadas na normativa estatal e autonómica de conservación da biodiversidade e do patrimonio natural; e complementadas con outras áreas ou formacións que poidan presentar valores de calquera tipo, físico ou natural, interese local ou supramunicipal.

O obxectivo é constituír unha densa rede de áreas con valores ecolóxicos, establecendo ou restablecendo corredores ecolóxicos, cando menos, entre as áreas estratéxicas de conservación. Para a identificación destes corredores ecolóxicos considéranse os cursos fluviais, as áreas de montaña e outros posibles elementos lineais que individualmente ou en conxunción poidan actuar de elementos de conexión entre formacións de interese ecolóxicos, tal e como recolle a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.

Para isto, establecen que os instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos incorporarán unha análise específica, de carácter supramunicipal, acerca da conectividade dos ecosistemas e biotopos, integrando valores produtivos e a compoñente paisaxística, co fin de evitar o fraccionamento do solo rústico.

Nesta liña, a Unión Europea, sabedora de que a rede de espazos naturais protexidos non é suficiente para acadar un estado de conservación da biodiversidade axeitado, impulsa a creación dunha infraestrutura verde concibida como unha rede de zonas naturais e seminaturais, coa orixe nestes espazos protexidos, planificada de forma estratéxica, deseñada e xestionada para a prestación dunha extensa gama de servizos ecosistémicos, que incorpora espazos verdes (ou azuis no caso dos ecosistemas acuáticos) e outros elementos físicos de espazos terrestres (incluídas as zonas costeiras) e mariños. A infraestrutura verde é, polo tanto, unha ferramenta para prover beneficios ecolóxicos, económicos e sociais a través de solucións naturais, axudándonos a entender as vantaxes que a natureza ofrece á sociedade humana e a mobilizar investimentos que sosteñan ou melloren os citados beneficios. Así mesmo, contribúe a evitar a dependencia de infraestruturas custosas cando a miúdo a natureza pode aportar solucións máis económicas e duradeiras, moitas das cales crean oportunidades de emprego. Galicia está a deseñar unha estratexia propia, coordinada co Estado e o resto das comunidades autónomas mediante un convenio entre Xunta de Galicia e Universidade que prevé a participación pública dende o seu inicio, a través de mesas comarcais e sectoriais propositivas para a configuración desta infraestrutura.

Na práctica, unha das formas máis eficaces de crear unha infraestrutura verde é adoptar un enfoque máis integrado da xestión do solo. Isto

conséguese, á súa vez, cunha planificación do territorio de nivel estratéxico que permita investigar as interaccións espaciais entre distintos usos do solo nunha extensa zona xeográfica. A planificación estratéxica supón tamén incorporar a gobernanza participativa para que diferentes sectores poidan decidir conxuntamente as prioridades locais de uso do solo dun modo transparente, integrado e cooperador.

Os espazos naturais protexidos son a base da infraestrutura verde, non só porque supoñen unha importante reserva de biodiversidade e ecosistemas saudables, senón porque tamén ofrecen numerosos servizos ecosistémicos á sociedade. Así mesmo, a necesidade de asegurar a conectividade ecolóxica e a funcionalidade dos ecosistemas da infraestrutura verde, vai máis aló das zonas protexidas e reforza a coherencia da propia rede Natura 2000. As zonas neurálxicas da infraestrutura verde vólvense máis resilientes e créanse barreiras que preveñen os impactos que poden afectar a estes espazos, de tal forma que se xeran beneficios socioeconómicos múltiples para a poboación e para a natureza. Por tanto, a infraestrutura verde está en clara consonancia co obxectivo establecido no Plan Director de Rede Natura 2000.




Ilustración 4. Superficie terrestre de espazos naturais protexidos e porcentaxes segundo categoría

Os asentamentos e a dinámica de poboamento

Sobre este escenario, máis de 30.000 asentamentos humanos configuran o modo intrínseco de ocupar o territorio galego coas máis altas taxas de densidade de poboamento no conxunto do Estado, aínda que isto non leva consigo unha maior densidade de poboación. Na actualidade, a distribución do poboamento continúa debuxando numerosos pequenos asentamentos de poboación deshabitados e espallados por toda Galicia, e moitos outros cunha poboación moi minguada ata por en risco a viabilidade de seren aptos para residir neles cun nivel de servizos axeitado (Ilustración 5). A dinámica poboacional leva décadas debuxando unha dobre confluencia: nos núcleos máis urbanos e nas zonas litorais en detrimento das zonas rurais do interior. Como consecuencia deste despoboamento, a paisaxe transfórmase e o patrimonio construído engrosa as porcentaxes de vivendas e construcións baleiras e, polo tanto, en risco de ruína. A economía ligada ao sector primario, con taxas, moitas veces, testemuñais precisa dunha redefinición dos modelos de negocio que permita a creación e mantemento de modos de vida no rural en condicións equiparables a moitas economías do ámbito urbano.




Ilustración 5. Número de asentamentos abandonados. Nomenclator 2015

O modelo proposto para Galicia deseña un sistema policéntrico e xerarquizado de asentamentos que favorece un nivel de servizos e equipamentos homoxéneo en todo o territorio a partir dunha gradación destes en función do tipo de demanda (diaria, obrigada, circunstancial) e do carácter local, supramunicipal ou rexional. Así, as rexións urbanas de Vigo-Pontevedra e A Coruña-Ferrol e as áreas urbanas (as catro capitais provinciais, Ferrol, Santiago de Compostela e Vigo) integrarán as infraestruturas de carácter rexional; un sistema urbano intermedio (SUI) composto por 19 vilas dotan dos servizos supramunicipais de carácter comarcal en zonas afastadas destas áreas urbanas e, no último chanzo do sistema, os denominados nodos para o equilibrio do territorio (NET) que constitúen o nivel básico de equipamentos e servizos con capacidade para prestar servizos adecuados a poboación e impulsar un nivel básico de actividades económicas á poboación rural do seu contorno inmediato.

Parece, pois, de vital importancia, promover políticas públicas que fomenten a ocupación destes nodos intermedios de equilibrio territorial, particularmente nas zonas do leste e do interior de Galicia para que sexan quen, nalgunha medida, de evitar a perda de poboación e mesmo atraer novos residentes.

A paisaxe

Unha cuestión transversal na sustentabilidade territorial e a cohesión social é a paisaxe, entendido como o resultado de todas as interaccións que tiveron e teñen lugar no territorio; o marco idóneo, na súa concepción holística, para abordar a comprensión e a análise do territorio, das políticas de desenvolvemento sustentable necesarias e dos procesos ecolóxicos, socio-económicos e culturais que nel acontecen.

A paisaxe é o resultado dos factores físicos e bióticos que conforman un territorio e a súa estrutura actual responde á interrelación destes factores coas sociedades humanas, a súa historia e a súa tecnoloxía. Medio natural e actividade humana caracterizan as paisaxes galegas como un territorio profundamente antropizado, no cal, a perda de poboación no rural modifica necesariamente a paisaxe que ata hai décadas reflectían o manexo propio dos homes e das mulleres do medio rural e que hoxe acusan o abandono da terra e dos aproveitamentos agroforestais.

A diversidade galega da orografía, climatoloxía, vexetación, poboamento dan como resultado unha alta diversidade paisaxística que precisa conservarse e xestionarse como un dos aspectos clave deste elemento estratéxico. A paisaxe debe configurarse como elemento integrador das políticas de ordenación territorial e urbanística e de protección ambiental.

A protección dos elementos máis significativos e característicos das diferentes paisaxes galegas, a ordenación a través de accións tendentes a mellorar, restaurar ou rexenerar as paisaxes e a xestión dende unha perspectiva de uso sostible do territorio son os piares nos que asentar a acción pública en materia de paisaxe enmarcado nas transformacións que introducen os procesos sociais, económicos e ambientais.

A estratexia da paisaxe galega desenvólvese a través de tres tipos fundamentais de accións: a protección, ordenación e xestión das paisaxes, as estratexias de integración paisaxística e a sensibilización, formación e divulgación da paisaxe. A primeira delas céntrase na aprobación dos distintos instrumentos que a Lei da paisaxe galega establece con estes fins; o Catálogo das paisaxes de Galicia e as Directrices de paisaxe, así como os Plans de acción da paisaxe son as tres figuras previstas. As paisaxes galegas abranguen 12 grandes áreas e 50 comarcas paisaxísticas (Ilustración 6)




Ilustración 6. Mapa das grandes áreas e comarcas paisaxísticas

Planificación en fervenza

As Directrices de ordenación do territorio desenvolven unha visión de carácter estratéxico e constitúen o marco de referencia dos restantes instrumentos de ordenación territorial, establecendo as pautas para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais.

Definen un modelo de organización territorial para Galicia no que identifican os elementos máis característicos do territorio e aqueles outros que deben ser referencia na acción da Administración: o sistema de asentamento e as infraestruturas básicas territoriais; o patrimonio natural, cultural e paisaxístico; o desenvolvemento do rural, as áreas de actividade económica.

Sobre estes elementos enumera oito liñas que considera estratéxicas para acadar os obxectivos socioeconómicos e ambientais a avaliar polo plan de seguimento PSST: a) favorecer a compactidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa; b) fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e valorizar o territorio; c) mellorar a accesibilidade, a mobilidade e as comunicacións no territorio; d) frear o despoboamento rural e favorecer o reequilibrio territorial; e) potenciar o sector primario como parte esencial do medio rural; f) protexer o patrimonio natural e cultural; g) incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental e h) afianzar o protagonismo exterior de Galicia.

Por outra banda, as DOT establecen as relacións xerárquicas entre os diferentes instrumentos de ordenación territorial e urbanística, tanto sexan de carácter integrado ou sectorial, atribuíndo distinto carácter — estratéxico e operativo— segundo a escala e ás atribucións que a normativa lles atribúe. Así, lles confire un marcado carácter estratéxico aos plans territoriais integrados e aos plans sectoriais mentres que os plans xerais ou os proxectos sectoriais comparten esta natureza con outra de carácter máis operativo.

Dese xeito, prevé que o modelo territorial proposto gañe concreción co desenvolvemento da planificación en cascada, conforme a escala rexional dea paso ás áreas con influencia supramunicipal ata chegar ao ámbito municipal.

O instrumento de ordenación do territorio de segundo nivel, despois das DOT e anterior a un plan municipal, é o plan territorial integrado, dirixido á organización de áreas xeográficas supramunicipais de características homoxéneas ou daquelas que, polo seu tamaño e relacións funcionais, precisen dunha planificación infraestrutural, de equipamentos e recursos de ámbito comarcal, e de carácter integrado. A Xunta de Galicia ten elaborado dous ata hoxe, o Plan de ordenación do litoral —POL, aprobado en 2011— e o Plan da bacía hidrográfica do río Eume, en tramitación.

O POL incide na protección e conservación dos recursos naturais do litoral mediante determinacións que formulan os criterios para o mantemento e custodia dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral e a identificación daqueles ecosistemas litorais e das unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais xustifiquen a súa conservación e protección. Este modelo de ordenación litoral sinala a importancia de protexer e potenciar non só aqueles espazos de recoñecido valor ambiental, senón tamén aqueles outros que garanten a conectividade entre estes.

O Plan de ordenación do litoral supuxo un achega multiescalar ao territorio integrando os distintos niveis de análise territorial de xeito que se tiveran en conta a funcionalidade dos ecosistemas naturais, así como os valores identitarios do litoral como referencias para abordar as distintas escalas de actuación.

Por outra banda e no eido da planificación sectorial, no seo da Estratexia da paisaxe de Galicia aprobouse o Catálogo das paisaxes galegas e se atopan en tramitación as Directrices de paisaxe; dous dos instrumentos previstos na lei galega en materia de paisaxe. Estes instrumentos abarcan a totalidade do territorio e recollen os obxectivos e criterios para que as actuacións se integren na paisaxe, se preserven os valores paisaxísticos — naturais ou ecolóxicos, culturais ou patrimoniais e panorámicos ou estéticos— das distintas comarcas paisaxísticas nas que aborda o estudo da paisaxe galega. Tamén, identifica áreas de especial interese —AEIP— nas que concorren simultaneamente diversos e notables valores paisaxísticos e nas que é preciso asegurar que dispoñan da protección precisa que permita a preservación dos seus valores; ou tamén zonas que precisan dunha atención particularizada por ter sufrido a degradación destes valores.

A proposta da Estratexia é a de utilizar a paisaxe como ferramenta de xestión aplicada á protección e a ordenación do territorio, e por conseguinte, na consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable fronte aos enfoques metodolóxicos que pasen polas análises separadas de cada compoñente do territorio, o cal supón, tratar ao territorio como unha realidade afastada das poboacións e da súa cultura.

O Plan director da Rede Natura, o Plan hidrolóxico, o Plan sectorial de áreas empresariais ou o Plan de transporte público, entre outros plans de

natureza sectorial son pezas desta planificación en fervenza na que se despregan os efectos das DOT (Ilustración 7).




Ilustración 7. Relacións en cascada da planificación. Fonte DOT

Os Plans xerais de ordenación municipal

O modelo territorial de Galicia, segundo se define nas DOT desenvólvese a través da "planificación en fervenza" cos restantes instrumentos de ordenación do territorio e de urbanismo, onde os plans xerais municipais ocupan o último nivel xerárquico entre os de natureza estratéxica.

Os PXOM, como instrumento urbanístico de ordenación integral que abrangue o termo municipal completo, desenvolven o modelo territorial definido nas DOT e, polo tanto, atenden ao marco xeral de referencia para a formulación do mesmo. Os plans xerais municipais son o instrumento de maior concreción de carácter estratéxico ao tempo que comparten natureza operativa.

Estes plans deben integrar na escala municipal os criterios plasmados nas DOT sobre aqueles elementos que configuran o territorio a fin de garantir un desenvolvemento compatible coa defensa do medio natural, o crecemento sostible e equilibrado compatible cunha sociedade cohesionada.

Á vista do exposto ata agora, o desenvolvemento das DOT incorpora a esta planificación xerarquizada, o plan de ordenación do litoral, no segundo nivel despois das directrices, de escala territorial, así como o Catálogo das paisaxes de Galicia e demais plans sectoriais enunciados, todos eles son documentos aos que deben atender os plans urbanísticos.

Ao PSST lle cómpre analizar en que medida os plans municipais desenvolven o modelo territorial das DOT e incorporan os seus criterios e determinacións.

Unha destas determinacións, vinculada ao carácter do solo como recurso escaso e non renovable é aquela que establece que é a 3.1.4 que establece *a necesidade, cando un plan prevexa o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial, de fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación que, para tal efecto, deberá fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia.*

Deste xeito, debe preservarse o solo, especialmente o de maior valor produtivo e ambiental como soporte de servizos ecosistémicos fundamentais.

Ligado ao anterior está a determinación 3.1.5 das DOT establece que os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico "priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior. Ademais, evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación".

Esta determinación incide así na aposta pola sustentabilidade territorial a través da adopción de solucións de reforma e rehabilitación dos inmobles existentes, a edificación dos solares baleiros ou a mestura de usos complementarios, que redundan nunhas mellores condicións para unha mobilidade eficiente.

Así, os Plans xerais posteriores a aprobación das DOT, entre outras cuestións, deben establecer un réxime xurídico do solo e unha estrutura xeral da ordenación urbanística que garantan un desenvolvemento compatible coa defensa do medio natural na procura dun crecemento sostible e equilibrado nunha sociedade cada vez máis cohesionada.

A fin de avaliar en que medida isto se estaba realmente a producir, xa no último informe, decidiuse incluír un novo indicador denominado Dinámica Urbanística. Na edición anterior, na que xa foi posible extraer interesantes conclusións, o ámbito de estudo cinguiuse a 92 concellos: os dos tres

primeiros niveis do Sistema de asentamentos das DOT e a aqueles outros que presentaban unha taxa de crecemento composto continuo positivo no ano 2014. Na presente edición decidiuse ampliar o estudo ao resto dos concellos galegos que a 1 de xaneiro de 2017 contaran con planeamento que tivera identificado ámbitos de solo urbanizable, apto para urbanizar o rústico apto para o desenvolvemento urbanístico. Na Ilustración 8 móstrase a situación do planeamento municipal xeral adaptado ás DOT.




Ilustración 8. Concellos con PXOM adaptado, en elaboración e non adaptado ás DOT 2018

Dinámica Urbanística



Ilustración 9. Ámbito de solo transformado en Santiago de Compostela

Este indicador deséñase co obxectivo de avaliar a intensidade coa que se ten producido a transformación urbanística do solo en Galicia nos últimos anos. Os resultados permitirán avanzar no coñecemento do grao de axuste do planeamento urbanístico e o seu desenvolvemento ao modelo territorial definido nas DOT.

Preténdese aportar unha información que revele como se está a producir o consumo de solo e en que medida este se axusta aos parámetros de contención, eficiencia e racionalidade establecidos no modelo territorial galego no marco da política territorial da Unión Europea.

No pasado, os movementos inmobiliarios especulativos produciron fenómenos de desenvolvemento territorial moi afastados dos principios básicos sobre os que se asenta o modelo territorial de Galicia definido nas DOT. Algúns instrumentos de planeamento urbanístico, amparados por un marco legal menos restritivo e impulsados por expectativas de crecemento económico e demográfico non sempre xustificadas, deseñaron escenarios de futuro ás veces non moi afortunados e, en moitos casos, pouco realistas nas súas previsións.

O novo modelo territorial, definido nas DOT en coherencia coa política territorial europea, establece unha estratexia que atende á preservación do solo como un recurso esencial e limitado, que debe preservarse, especialmente o de maior valor produtivo e ambiental, que constitúe o soporte de servizos ecosistémicos fundamentais. As DOT recollen expresamente que "Os instrumentos de ordenación territorial e o planeamento urbanístico que prevexan o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial deberán fundamentar as súas previsións nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación ..." (Det. 3.1 .4).

Por outra banda, as DOT tamén determinan que os instrumentos de ordenación territorial e a planificación urbanística "Priorizarán a compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á súa expansión sobre terreos en estado natural, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior. Ademais, evitaranse os crecementos ao longo das vías de comunicación". (Det. 3.1 .5.d). É dicir, debe preservarse o solo, especialmente o de maior valor produtivo e ambiental como soporte de servizos ecosistémicos fundamentais.

Para comprender e avaliar máis axustadamente os resultados obtidos, procede en primeiro lugar expoñer o significado de "transformación urbanística". A efectos deste indicador, e interpretado dun xeito restrinxido, defínese como o fenómeno de desenvolvemento do solo clasificado como urbanizable (a través de planeamento de desenvolvemento) ou rústico (mediante un proxecto sectorial) a solo urbano consolidado. Nesta análise desbotouse intencionadamente o solo urbano non consolidado debido a que moitos plans aínda non o distinguen no ámbito do solo urbano e delimitalo excedía dos obxectivos do indicador.

No cadro da Ilustración 10 reflíctese o número de concellos analizados (atendendo ao Sistema de asentamentos das DOT) en cada medida e tamén o de non analizados por non estar aínda incorporada a información do plan no SIOTUGA, non contar con plan xeral ou normas subsidiarias, non contar con solo urbanizable ou ter o seu documento anulado ou suspendido.

Concellos de Galicia* Sistema de asentamentos (DOT)		Analizados		Non analizados						
		Medidas 1-2	Medidas 3-4	Ausentes SIOTUGA	Anulados	Suspendidos	Sen Planeamento	Sen urbanizable	Con DSU	Con POMR
AU	3	2	2			1				
AU-RU	4	3	2		1					
SUI-C	20	17	14		1	1		1		
SUI-sC	11	10	7			1				
NET	26	22	21				1	3		
Outros	251	182	161	1	6	2	30	6	18	6
Total	315	236	207	1	8	5	31	10	18	6

* Contabilízanse os concellos sen considerar as últimas fusións de Cesuras - Oza dos Ríos e Cerdedo - Cotobade

Ilustración 10. Concellos analizados e non analizados nas medidas 1-2 e 3-4 do indicador segundo o seu encadre no Sistema de asentamentos das DOT

Para analizar se esta transformación se ten producido realizase a verificación da efectiva execución das obras de urbanización do ámbito a través da observación da última ortofoto dispoñible con cobertura para toda Galicia; debido a esta cuestión de metodoloxía, a actualización deste indicador resultaba singularmente oportuna, non só pola necesidade de ampliar o ámbito de análise á todo o territorio galego, senón porque permite ademais a revisión das observacións a partir da nova Ortofoto dixital do voo PNOA 2017, que determina a nova data de referencia da análise: 1 de xaneiro de 2017.

Por outra parte, cabe sinalar que para a elaboración do indicador, dado o excepcional desta situación, exclúense aqueles concellos, que á data de referencia tiñan o seu planeamento anulado ou suspendido. En concreto, e por este motivo, nesta edición excluíronse: Abegondo, Ares, Sada, Rábade, Viveiro, Melón, Monterrei, Ourense, Verín, O Grove, Gondomar, Ponteareas e de xeito nomeado Vigo.

Por outra banda, no ano 2016 Galicia dotouse dun novo marco legal no eido urbanístico mediante a aprobación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento. Esta circunstancia incide directamente nos resultados do indicador.

Na nova Lei, o solo urbanizable non ten o carácter residual que tradicionalmente se lle viña atribuíndo. Neste sentido, defínese como o relativo aos terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística. O novo texto suprime a tradicional categorización do solo urbanizable en solo urbanizable delimitado ou inmediato e solo urbanizable non delimitado ou diferido. O lexislador non estima apropiado outorgar estaa clasificación a uns terreos e non establecer prazos para a súa execución nin para a delimitación de sectores, así que se suprime a categoría de solo urbanizable non delimitado.

No caso de plans aprobados definitivamente con anterioridade á súa entrada en vigor e non adaptados á anterior Lei 9/2002, a D.T. 1ª da nova Lei establece: "... ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".

Segundo isto, unha parte do solo identificado anteriormente como urbanizable, deixa de contabilizarse no proceso de cálculo ao pasar a ser considerado no novo marco legal como solo rústico.




Ilustración 11. Diferenza de superficie de solo urbanizable inicial tras a aprobación da Lei 2/2016 respecto da considerada no marco da Lei 9/2002 (ha)

No desenvolvemento do indicador, e mediante a implementación das correspondentes medidas, analízase a incidencia deste cambio en termos cuantitativos (Ilustración 11).




Ilustración 12. Superficie de solo urbanizable (ha). s/ Lei 9/2002




Ilustración 13. Superficie de solo urbanizable (ha). s/ Lei 2/2016

Tal e como pode observarse nos mapas das Ilustración 13, resultan significativos os casos dalgúns concellos como o de Forcarei, Moraña ou Narón, nos que se reduce significativamente o solo inicialmente considerado urbanizable segundo os criterios aplicados no informe anterior ao amparo do marco legal vixente no ano 2014. Polo contrario, tamén hai numerosos concellos con planeamentos máis recentes, onde a incidencia da modificación do marco legal non é significativa e ademais existe unha importante superficie de solo urbanizable aínda por desenvolver; este sería por exemplo o caso de Lugo.

A expresión de resultados do indicador, concretada mediante as medidas definidas, pretende aportar unha información que permita poñer en contraste ambos contextos legais e avaliar, non só a magnitude de solo transformado, senón tamén a relación entre a superficie planificada para este fin, a velocidade dos fenómenos de transformación e o teórico axuste aos tempos de vixencia do planeamento. Deste xeito poderase realizar unha análise máis axustada de como se leva desenvolvido o solo en Galicia nos derradeiros anos e a súa previsible evolución.

Medidas do indicador:

1. Superficie transformada en valor absoluto
2. Porcentaxe de superficie transformada respecto á prevista no Plan
   a. Opción 1
   b. Opción 2
3. Velocidade ou ritmo da dinámica urbanística
4. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística
   a. Opción 1
   b. Opción 2

Opcións:
1. Contabibilizando todo o urbanizable non delimitado inicial (s/LOUGA)
2. Desbotando o solo que a nova Lei 2/201 6 (D.T.1 ª) considera rústico

MEDIDA 1: A primeira das medidas definidas aporta información sobre á magnitude do solo transformado en cada concello. Como pode comprobarse no mapa (Ilustración 15). Moitos son os concellos que non teñen transformado nin unha soa hectárea de solo urbanizable do previsto nos seus planeamentos, e na meirande parte dos concellos nos que si se ten producido transformación efectiva do solo, as cifras non deixan de ser, agás casos singulares, moi modestas.

A maior superficie de solo transformado (2.550 ha) localízase nos concellos pertencentes ao último nivel do Sistema de asentamentos das DOT; porén a mediana dos valores de superficie de solo transformado no conxunto deses concellos non pasa de 0, fronte ás 120.2 ha no sistema de cidades.




Ilustración 14. Valores das medianas de solo urbanizable transformado (ha)




Ilustración 15. Superficie de solo urbanizable transformado (ha)

Obviamente, isto explícase debido a que o número de pequenos concellos analizados en Galicia é moi superior ao das cidades, onde, con carácter xeral, a dinámica de transformación de solo é moi superior.

Este dato das cidades destaca, non só en relación ao destes pequenos concellos, senón tamén fronte ao resto dos municipios do SUI (7.8 ha) ou fronte ao correspondente aos NET (6.5 ha). (Ilustración 14).




Ilustración 16. Superficie de solo urbanizable transformado por provincias (ha)

Por provincias destaca a superficie transformada na Coruña, con máis de 2.500 ha, fronte a acadada polas outras tres provincias, que non supera as 1.800 ha. Porén, hai que ter en conta que existen concellos como Vigo ou Ourense, que debido ás incidencias de carácter xurídico sufridas polos seus planeamentos, foron excluídos do calculo do indicador (Ilustración 16).




Ilustración 17. Superficie de solo urbanizable transformado por usos e segundo o Sistema de asentamentos das DOT (ha)

Atendendo ao uso definido para estes ámbitos de desenvolvemento, globalmente, só nas cidades a superficie de solo transformada non industrial é superior á industrial; nos outros tres niveis sucede o contrario, moi especialmente nos solos urbanizables non delimitados, onde as diferenzas son máis acusadas (Ilustración 17 e Ilustración 18).



Ilustración 18. Mapas de superficie de solo urbanizable transformada segundo o uso establecido polo planeamento (ha)




Ilustración 19. Porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado no marco da Lei 9/2002




Ilustración 20. Porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado segundo a nova Lei 2/2016

MEDIDA 2: A segunda medida do indicador analiza a porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformada respecto da inicialmente considerada polo planeamento. Nesta medida, como na cuarta, decidiuse realizar unha dobre análise atendendo ao marco legal anterior e posterior á entrada en vigor da Lei 2/2016. Comparando as Ilustración 19 e Ilustración 20 pode observarse como as porcentaxes de solo transformado increméntanse notablemente e, incluso en non poucos concellos, deixa de contabilizarse solo urbanizable como consecuencia do disposto na D.T. 1ª da Lei.

Cabe destacar por exemplo, que no marco da anterior lexislación urbanística, só un concello tería todo o seu solo urbanizable transformado, mentres que o número ascende a 47 tras a entrada en vigor da nova Lei. De xeito semellante, dos 130 concellos que non tiñan desenvolvido nada do seu solo urbanizable, pásase ata os 94 aplicando o disposto no novo marco lexislativo. Esta nova situación, aínda que segue a reflectir un desaxuste entre as necesidades previstas no planeamento e a realidade, parece establecer certa corrección cara ao previsto no Modelo territorial das DOT.

Calculando a mediana dos valores de porcentaxe en cada grupo de asentamentos atendendo á caracterización establecida nas DOT, obsérvase (Ilustración 21) como, antes da modificación lexislativa, as cidades presentarían unha cifra por riba do 22% afastada do 4,4% dos NET que sería a segunda máis alta. En todo caso, porcentaxes moi baixas todas.




Ilustración 21. Valores das medianas de porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado no marco da Lei 9/2002

Estes valores varían substancialmente á alza aplicando ao disposto na nova lexislación; ademais, de xeito singular, o valor máis alto non é xa neste caso o correspondente ás cidades, senón aos NET (Ilustración 22).




Ilustración 22. Valores das medianas de porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado segundo a nova Lei 2/2016

Segundo o visto, na metade destes concellos NET, máis do 90% do solo urbanizable estaría xa transformado, no canto do 4,4% anterior. Isto está xustificado pola importancia cuantitativa que ten nestes municipios o solo asimilable ao urbanizable non delimitado procedente de plans moi antigos.




Ilustración 23. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable non delimitado transformado por usos no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016

Os gráficos anteriores da Ilustración 23 mostran a comparativa entre as situacións previa e posterior á Lei 2/2016 en relación a como se distribúen as porcentaxes de solo urbanizable non delimitado transformado por niveis do Sistema de Asentamentos segundo sexa o seu uso. As variacións son significativas e pode observarse como, agás nas cidades, as porcentaxes de solo transformado industrial supera amplamente ás do resto de usos.

Especialmente significativo é o dato de solo industrial transformado nos concellos do SUI tras a aprobación da Lei, que case acada o 90% do total.

No caso do solo delimitado (Ilustración 24), as porcentaxes por usos en cada nivel son moito máis parellas; resulta salientable a situación dos concellos do derradeiro nivel, xa que estes acadan porcentaxes non moi inferiores ás das cidades e claramente superiores ás dos concellos dos outros dous niveis. Con todo, todas elas seguen a ser escasas, non pasando ningunha do 35%.




Ilustración 24. Porcentaxes de superficie de solo urbanizable delimitado transformado por usos e niveis do Sistema de Asentamentos das DOT

Para finalizar esta análise de como se ten producido a transformación do solo urbanizable atendendo a usos e á caracterización dos asentamentos, xúntase un novo gráfico coa comparativa das porcentaxes de solo urbanizable total transformado en cada nivel do Sistema antes e despois do cambio do texto legal. Como pode comprobarse, en todos os casos e situacións, as porcentaxes son sempre superiores para o solo destinado a usos industriais, aínda que moi parellas nas cidades (Ilustración 25)




Ilustración 25. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable total transformado por usos e niveis do Sistema de Asentamentos das DOT no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016

Para analizar a distribución xeográfica das porcentaxes en función dos usos e do marco lexislativo, elaboráronse diferentes mapas (Ilustración 26 e Ilustración 27).




Ilustración 26. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado no marco da Lei 9/2002

Estes mapas reflicten como se distribúen no territorio as porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado calculado atendendo ao marco da anterior e da vixente lexislación. Pode observarse como na segunda hipótese se incrementan as porcentaxes e como numerosos concellos mesmo deixan de contabilizar solo urbanizable.




Ilustración 27. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado no marco da Lei 2/2016

Advírtese como na zona máis occidental da comunidade as porcentaxes tenden a ser máis altas e sobre todo a baixa dinámica de transformación nos concellos da zona oriental e especialmente suroriental de Galicia, onde a transformación urbanística é practicamente nula.




Ilustración 28. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado no marco da Lei 9/2002




Ilustración 29. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado no marco da Lei 2/2016

De xeito semellante ao caso precedente, os mapas das Ilustración 28 e Ilustración 29 reflicten esta vez como se distribúen no territorio as porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado calculado atendendo ao marco da anterior e da vixente lexislación. Pode observarse como, tamén para este uso, na segunda hipótese se incrementan significativamente as porcentaxes e como numerosos concellos deixan de contabilizar solo urbanizable.

Para este uso a distribución de porcentaxes non ten unha tendencia tan definida en canto á concentración dos maiores valores, aínda que se mantén a baixa dinámica de transformación nos concellos da zona suroriental de Galicia, onde é practicamente nula, agás casos puntuais como o do Barco de Valdeorras, que acada unha transformación próxima ao 50% do total do seu solo urbanizable de uso industrial.



Ilustración 30. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable total transformado por provincias no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016

Nunha análise provincial, conclúese que en todos os casos A Coruña acada a máis alta porcentaxe (Ilustración 30). Os datos parciais desta provincia seguen a ser superiores se a análise é feita discriminando o solo urbanizable delimitado e non delimitado, aínda que as diferenzas son máis notables no primeiro caso. Con todo, ata 50 concellos da provincia, atendendo ao marco legal anterior, e 37 segundo o actual, terían todo o seu solo aínda por transformar. No caso do solo urbanizable delimitado, A Coruña acada case o 30% de solo transformado, mentres que Pontevedra apenas supera o 18% e Lugo e Ourense están na contorna do 15%.




Ilustración 31. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable non delimitado transformado por provincias no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016

Como xa se ten comentado, e pode comprobarse no gráfico da Ilustración 31, a aprobación da nova Lei 2/2016, incide de xeito moi significativo nos resultados desta medida, polo que implica en canto ao cómputo do solo urbanizable non delimitado sobre o que se calcula a porcentaxe de transformación.

Novamente, e para unha correcta interpretación dos resultados, cabe advertir da non inclusión no cálculo do indicador (por motivos que se desenvolven no Anexo) de concellos tan dinámicos como o de Vigo ou Ourense, que poderían incidir significativamente nestes resultados.

MEDIDA 3: esta medida do indicador aporta datos en relación a como se está a producir no tempo a transformación urbanística nos concellos galegos; é dicir, non só resulta importante coñecer canto solo se está a transformar senón tamén a que ritmo.

Para a execución efectiva da transformación do solo é preciso levar adiante un proceso regulado que precisa de tempo, por isto non se computan, no cálculo deste indicador, os catro primeiros anos de vixencia do plan. No GTT acordouse este prazo como razoable para o inicio, desenvolvemento e aprobación dos primeiros instrumentos de desenvolvemento que permitirían a efectiva transformación dos solos definidos no planeamento xeral.

Consecuentemente, aqueles plans aprobados nos 4 anos anteriores ao 1 de xaneiro de 2017 (data de referencia para o indicador) non se tomaron en consideración a efectos desta medida. Aplicando este filtro aos 235 concellos con planeamento (236 sen considerar as fusións), resulta que 206 contan a esa data con planeamento aprobado con máis de catro anos de vixencia. Por esta razón, nesta medida 3 e na seguinte 4 só se aportan datos sobre estes concellos, aínda que se recollen 207 rexistros, xa que se contabilizan os datos de Cesuras e Oza dos Ríos de xeito independente ao non ter aínda un documento de planeamento redactado para o novo ámbito municipal.

Unha simple observación del mapa de resultados da Ilustración 32 permite concluír que, como cabía esperar, as cidades e as súas área de influencia son os ámbitos nos que a transformación urbanística rexistra unha maior velocidade.

Entre todos os concellos analizados destaca o dato de Santiago de Compostela, que supera as 70 ha/ano, moi lonxe das 27 ha/ano de Lugo ou das 21 ha/ano de Oleiros. Hai que ter en conta á hora de analizar estes resultados a incidencia dos "ámbitos de planeamento incorporado": ámbitos xa clasificados en planeamentos anteriores como urbanizables, que non foron desenvolvidos e que os documentos aprobados posteriormente e agora en vigor recollen de novo para a súa transformación.

En sentido contrario destaca a situación dos concellos máis afastados das cidades e a zona oriental de Galicia, onde o ritmo de transformación urbanística é practicamente inexistente. Só O Barco de Valdeorras rexistra un valor lixeiramente superior ás 2 ha/ano entre todos estes. De todos modos, con carácter xeral, resulta significativo que 103 concellos de Galicia, a metade dos analizados, amosen resultados que revelan nula actividade de transformación urbanística e 157 (tres de cada catro) non acaden nin unha ha/ano de valor medio de superficie transformada.




Ilustración 32. Valor medio da superficie total de solo urbanizable transformado por ano(ha/ano)

Como xa se ten comentado anteriormente, antes de extraer calquera conclusión a partir destes resultados, debe lembrarse que algúns concellos con dinámicas previsiblemente importantes, ben polo recente da aprobación do seu planeamento, como é o caso da Coruña, ben por outros motivos de carácter xurídico, como Vigo ou Ourense, non foron obxecto de análise nesta medida.




Ilustración 33. Valor medio da superficie de solo urbanizable delimitado transformado por ano(ha/ano)

No mapa da Ilustración 33 reflíctense os resultados desta medida atendendo só o solo urbanizable delimitado. Pode comprobarse como, para estes solos, a influencia dos nodos principais do Sistema de asentamentos resulta evidente, xa que os valores máis altos localízanse nas súas áreas de influencia. Un caso particular a destacar é o de Sanxenxo, que ten rexistrado unha notable dinámica de transformación nestes anos e que como máis adiante poderá confirmarse obedece á súa puxanza turística.




Ilustración 34. Valor medio da superficie de solo urbanizable non delimitado transformado por ano(ha/ano)

No caso do solo urbanizable non delimitado, o máis salientable son as cifras rexistradas de actividade media de transformación anual no conxunto do territorio galego; aínda máis baixas que no caso anterior. Como pode observarse no mapa da Ilustración 34, neste caso, tamén se intúe unha certa tendencia á alza na contorna das cidades, menos marcada quizais que no caso do solo delimitado.

Nesta medida do indicador abordouse tamén o estudo en función dos usos que o planeamento asignaba aos ámbitos a desenvolver, distinguindo o uso industrial dos residenciais, terciarios e outros.




Ilustración 35. Suma dos valores medios de superficie de solo urbanizable total transformado por ano en función do uso (ha/ano)

A primeira das cuestións a salientar é que, agás nas cidades, a suma dos valores correspondentes ás medias de superficies de solo de uso industrial transformado nos concellos supera ostensiblemente á do resto de usos. Isto é especialmente acusado, en termos porcentuais, nos NET, onde a diferenza é do 600%. Porén, nas cidades preséntase unha distribución de resultados inversa e a actividade de transformación do solo residencial ou terciario supera amplamente á do industrial (Ilustración 35).

Tamén resulta significativo que a suma dos valores medios de superficie de solo urbanizable total transformada por ano só nas cidades de Ferrol, Santiago, Lugo e Pontevedra acade un valor que supera moi lixeiramente o correspondente ao dos 161 concellos analizados do derradeiro nivel do Sistema de Asentamentos das DOT.

Distinguindo entre solo delimitado e non delimitado, non se atopan cambios importantes na distribución de resultados: o valor correspondente ao solo urbanizable delimitado non industrial transformado nos concellos SUI supera lixeiramente neste caso ao do uso industrial e as diferenzas entre os valores correspondentes ao sistema de cidades e os dos pequenos concellos son maiores e máis altos nestes últimos (Ilustración 36).




Ilustración 36. Suma dos valores medios de superficie de solo urbanizable delimitado e non delimitado transformado por ano en función do uso (ha/ano)

Atendendo á distribución de resultados por provincias, resulta moi significativa a diferenza que se rexistra entre os valores da Coruña e os das outras tres, especialmente no caso do solo urbanizable delimitado, onde a suma das medias da superficie transformada anual dos concellos desta provincia (124 ha/ano) case que cuadriplica á da seguinte: Lugo (32 ha/ano) (Ilustración 37 e Ilustración 38)




Ilustración 37. Comparativa da distribución provincial de resultados da suma dos valores medios de superficie de solo urbanizable delimitado e non delimitado transformado por ano (ha/ano)

Nesta medida, como no resto, analizáronse un número de concellos diferente en cada provincia e a poboación e superficie tamén difería entre ámbitos, o que debe considerarse a hora de extraer conclusións. O cadro adxunto (Ilustración 39) mostra os datos relativos a cada unha.




Ilustración 38. Mapa de resultados da media de solo urbanizable total transformado por ano nos concellos da provincia da Coruña (ha/ano)

	Concellos	Superficie	Poboación	SC	SUI	NET	Outros
AC	75	6.267	737.333	2	7	9	57
LU	39	6.360	250.273	1	5	6	27
OU	46	3.719	136.930	0	3	5	38
PO	47	3.289	522.181	1	6	1	39

Ilustración 39. Táboa de datos por provincias relativos aos concellos analizados nas medidas 3 e 4 do indicador. A superficie está expresada en km^2



Ilustración 40. Valores medios das superficies transformadas por ano de solo urbanizable de usos non industriais e industriais (ha/ano)




Ilustración 41. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística no marco da Lei 9/2002




Ilustración 42. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística no marco da Lei 2/2016

MEDIDA 4: partindo de que o obxectivo de todo planeamento sería acadar a total transformación dos solos previstos por este no prazo de tempo da súa vixencia; esta medida pretende analizar como se axusta o desenvolvemento efectivo de cada instrumento municipal a un ritmo teoricamente ideal. O GTT estimou en 16 anos o período de vixencia teórico dun plan ou normas subsidiarias aos efectos do cálculo do desenvolvemento do instrumento.

Por outra parte, como sucede coa medida 3, e por razóns semellantes, non se computan a efectos de cálculo os catro primeiros anos de vixencia do plan; consecuentemente tampouco se tomarán en consideración, a efectos desta medida, aqueles plans aprobados no período de tempo correspondente aos 4 anos anteriores ao 1 de xaneiro de 2017 (data de referencia para o indicador).

Esta medida é o cociente de dúas fraccións: unha de superficie de solo transformado respecto á total prevista e unha segunda de tempo, correspondente á relación entre o prazo establecido de vixencia ideal do planeamento e o realmente transcorrido desde a súa aprobación definitiva. Polo tanto, o Grao reflicte non só información en relación a canta superficie resta por transformar, senón que permite analizar se ás dinámicas resultan axustadas en tempo ao establecido como referencia. O resultado é un valor que idealmente debe tender a "1 "; iso significaría que as porcentaxes de tempo de desenvolvemento do plan e a de superficie transformada coinciden, o que permitiría deducir un teórico desenvolvemento en prazo das previsións do planeamento. Canto máis se afaste o resultado deste valor, maior será a desviación da situación real respecto da ideal e isto pode producirse ben polo factor superficie, ben polo factor tempo.

Por outra banda, quedan tamén penalizadas as situacións nas que o instrumento de planeamento vixente fora aprobado en data anterior aos 16 anos establecidos, acadando o indicador nestes casos, valores máis distantes de 1 canto máis sexa o tempo de exceso sobre eses anos; así, mesmo municipio con todo o seu solo transformado, poden obter graos inferiores ao 1 , se o seu planeamento é moi antigo. Polo contrario, valores superiores a 1 indican desenvolvementos de solo por riba do previsto, o que podería indicar unha xestión moi eficiente do plan, aínda que tamén unha previsión insuficiente das necesidades reais de solo para un concello concreto.

O Grao de axuste temporal na dinámica urbanística, en xeral, presenta valores afastados do 1 , aínda que concellos como As Somozas (1,1) ou Cortegada (1) están nunha situación teoricamente axeitada. Estes índices, como sucede coa medida 2, melloran notablemente cando a análise faise atendendo á situación xerada a partir da entrada en vigor da nova Lei 2/2016 (Ilustración 41 e Ilustración 42). Moitos plans antigos non adaptados á Lei 9/2002, aínda que vixentes, e que definían grandes bolsas de solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, melloran o seu Grao como consecuencia da modificación á alza da fracción de solo transformado ou deixan de ser avaliados por ter a consideración de solo rústico todo o solo anteriormente contabilizado como urbanizable. Neste último caso atopamos 36 concellos e, entre os que melloran significativamente o seu grao pódense destacar casos como os de Barbadás ou Carballeda de Avia, nos que o incremento de Grao supera a unidade. Estas diferenzas quedan recollidas no mapa adxunto, que aparentemente non revela unha determinada regra da súa distribución xeográfica; tan só confirma a xa comentada debilidade de pulso da dinámica de transformación urbanística na zona oriental de Galicia (Ilustración 43).




Ilustración 43. Diferenza de Grao de axuste temporal na dinámica urbanística atendendo ao disposto na DT 1ª da Lei 2/2016 respecto ao considerado segundo a anterior Lei 9/2002

Se se analizan os resultados atendendo á caracterización dos concellos segundo o Sistema de asentamentos das DOT, compróbase que os valores máis altos, aínda que modestos, rexístranse nos concellos correspondentes ao sistema de cidades. Para estes concellos, e na hipótese de aplicación da lexislación urbanística anterior, a mediana dos valores acadados sería de 0,2, que chega ao 0,5 se se considera o novo marco lexislativo vixente.




Ilustración 44. Comparativa das medianas dos valores de Grao de axuste temporal na dinámica urbanística en cada nivel do Sistema de asentamentos segundo o disposto na Lei 9/2002 e na vixente Lei 2/2016




Ilustración 45. Comparativa das medianas dos valores de Grao de axuste temporal na dinámica urbanística por provincias segundo o disposto na Lei 9/2002 e na vixente Lei 2/2016

Nesta comparativa tamén resulta salientable o Grao que acadan os NET na segunda hipótese, onde a mediana deses valores coincide co das cidades (Ilustración 44).

Se, no canto de analizar os resultados por niveis do Sistema de asentamentos abórdase por provincias (Ilustración 45), resulta que a mediana dos valores de Grao de Lugo é superior á do resto dos territorios

En todo caso, tanto se a análise se realiza por niveis de asentamentos, como se concreta por ámbitos territoriais, todos os valores distan moito do un. Isto reflicte, con carácter xeral, unha situación de desenvolvemento do planeamento pouco axustada aos tempos establecidos como referencia ou unhas previsións en relación ao solo a desenvolver pouco axustadas ás necesidades reais ou aos recursos necesarios para materializalas.




Ilustración 46. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable non delimitado no marco da Lei 9/2002

Nos mapas anteriores (Ilustración 46 e Ilustración 47) é posible analizar a distribución xeográfica dos valores de Grao só para o solo urbanizable non delimitado atendendo ás dúas situacións legais que se veñen confrontando ao longo desta parte do informe.

Pode comprobarse non só o importante número de concellos nos que deixa de contabilizarse solo urbanizable non delimitado á entrada en vigor da nova lexislación, senón unha importante corrección xeral en positivo do índice.




Ilustración 47. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable non delimitado no marco da Lei 2/2016

Resulta destacable o incremento no Grao de axuste temporal na dinámica urbanística acadado por determinados concellos como o do Barco de Valdeorras para este solo cando a análise responde ao novo marco legal.

No seguinte mapa recolleranse os valores desta medida atendendo só ao solo urbanizable delimitado. A contabilización de superficie deste solo non sofre variación algunha como consecuencia das modificacións lexislativas no eido urbanístico.




Ilustración 48. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable delimitado

No caso do solo urbanizable delimitado (Ilustración 48) obsérvase, ademais duns valores de grao máis altos, sobre todo se os comparamos cos da opción 1 do solo non delimitado, unha distribución na que resulta evidente a incidencia da proximidade dos nodos máis urbanos. Os valores máis altos acádanse nas cidades e nas súas contornas. Esta característica non era apreciable nos solo urbanizables non delimitados.



Ilustración 49. Ámbitos contabilizados como solo urbanizable do concello de Forcarei en aplicación da Lei 9/2002, que pasan a ter a consideración de solo rústico segundo a DT 1ª da Lei 2/2016




Ilustración 50. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial no marco da Lei 9/2002




Ilustración 51. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable de uso industrial no marco da Lei 9/2002

Esta medida tamén aporta resultados atendendo ao tipo de uso establecido polo planeamento para o solo e nos dous escenarios legais que se veñen analizando.

Na opción 1 (Ilustración 50 e Ilustración 51) resulta significativa a diferenza entre os graos acadados polos concellos para os usos non residenciais e terciarios fronte aos industriais. Outro aspecto salientable é a distribución xeográfica dos diferentes valores:

mentres no uso industrial é moi heteroxénea e resulta difícil identificar algún tipo de clave de carácter territorial, para o resto de usos, aínda que con algunha excepción, parece intuírse unha certa concentración dos valores máis altos na contorna dos concellos do primeiro nivel do Sistema de asentamentos das DOT.

Os resultados da opción 2 (Ilustración 52 e Ilustración 53) mostran tendencia




Ilustración 52. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial no marco da Lei 2/2016




Ilustración 53. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable de uso industrial no marco da Lei 9/2002

xeneralizada á alza. Moitos dos concellos analizados obteñen valores de grao moito máis altos como consecuencia da no contabilización dunha boa parte do solo urbanizable considerado na opción 1.

Outra cuestión significativa que pode observarse para este uso nesta segunda opción é a importante redución no número de concellos nos que se contabiliza solo urbanizable de uso residencial: de 166 pásase a 109.

Por outra parte, segue a observarse unha certa concentración dos valores máis altos na contorna dos concellos urbanos e, como tamén xa se ten comentado, unha zona ao sur leste da comunidade na que a maioría dos concellos non conta con solo clasificado polo planeamento para ser transformado.

Respecto ao solo industrial, pouco hai que engadir ao xa comentado para a opción1; confírmase un incremento xeneralizado nos valores do grao e

unha certa heteroxeneidade na súa distribución territorial. A zona sur leste segue a ser facilmente recoñecible coma un ámbito no que boa parte dos concellos carecen de resultado ao non contabilizarse tampouco neles superficie algunha de solo urbanizable deste uso.

CONCLUSIÓNS:

Con carácter xeral, e agás determinados concellos, pode afirmarse que os documentos de planeamento teñen establecido previsións de superficie de solo para ser obxecto de transformación urbanística, que se revelan como pouco axustadas á realidade. Aínda que, pola magnitude do desaxuste, pode aventurarse que a causa principal desta anomalía sexa unha demanda moi inferior á prevista, tamén cabe pensar que a ausencia de recursos axeitados para levar adiante os sempre complexos procesos de desenvolvemento urbanístico puidera contribuír a agravar esta situación.

Por outra parte, como cabía supoñer, a maior actividade de transformación urbanística ten lugar nos concellos do primeiro nivel do Sistema de asentamentos das DOT e na súa contorna. Porén, a aplicación da DT 1ª da nova Lei 2/2016 (que ten unha incidencia notable nos resultados deste indicador como xa se ten sinalado e como se reflicte na serie de gráficos incluídos neste apartado final) provoca un notable incremento da porcentaxe de solo transformado nos NET. En concreto a mediana dos valores obtidos para este nivel de asentamentos pasa do 4,4% (contabilizando o urbanizable segundo o disposto na Lei 9/2002) ata o 92,4%; unha porcentaxe que supera amplamente incluso o das cidades (44%). Lémbrase a ausencia na análise de cidades como Vigo e Ourense.

Outra das conclusións que se poden destacar é o diferente comportamento da actividade de transformación segundo o uso definido polo planeamento para o ámbito. Con carácter xeral, e atendendo novamente á caracterización do Sistema de asentamentos, agás nas cidades onde sucede o contrario, a superficie de solo urbanizable de uso industrial transformada é sempre superior á doutros usos e acada tamén maiores porcentaxes de transformación respecto da prevista inicialmente. que nos casos de solos de usos residenciais ou terciarios. Estas porcentaxes acadan valores moi relevantes en determinados casos, como por exemplo, e para a opción 2, nos concellos do SUI onde case o 90% deste solo atópase xa transformado ou nos NET, onde supera o 50%.

Por último, e segundo se trate de solo delimitado ou non delimitado, tamén se poden identificar dinámicas de transformación lixeiramente diferentes. En valor absoluto a superficie total de solo delimitado transformado (2.211 ha) supera moi lixeiramente á do non delimitado (2.069 ha). Aquí resulta destacable a diferente distribución das superficies en cada caso: mentres o peso do solo delimitado transformado nas cidades resulta maioritario e acada case o 30% fronte ao resto de concellos, para os solos non delimitados non supera o 14%.

Por outra parte, cando a análise de resultados realízase sobre as porcentaxes de solo transformado (delimitado e non delimitado) respecto do inicialmente previsto, e a efectos de contabilización do solo inicialmente previsto para ser transformado, o marco legal de aplicación resulta moi relevante, o que motivou que se desenvolvera o cálculo das medidas 2 e 4 segundo dúas opcións (escenarios legais) diferentes. Se o marco legal de cálculo é a Lei 9/2002, o solo urbanizable delimitado presenta unha porcentaxe de transformación (23%) moi superior á correspondente ao non delimitado (4,6%) e as cidades son, en todo caso, os territorios que presentan valores mais altos.

Se polo contrario, o marco legal considerado é o vixente tras a aprobación da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do Solo de Galicia e posteriormente o Decreto 1 43/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, a porcentaxe de solo non delimitado medra ata máis do 31%, superando as cifras do delimitado; abundando sobre isto, resulta destacable que a maior porcentaxe de solo transformado atópase no ámbito conformado polos concellos do SUI, onde case o 64% do solo urbanizable non delimitado estaría xa transformado, moi por riba do 34,5% das cidades ou do 38,4% dos NET.

Estas diferenzas parecían suficientemente relevantes como para reflectir dun xeito máis gráfico o que significou para o cálculo do indicador a modificación do marco lexislativo no eido urbanístico, así que decidiuse incluír finalmente catro parellas de gráficos de ámbito provincial (Ilustración 54 a Ilustración 57) nos que se recollen diferentes datos, en porcentaxe e en valor absoluto, relativos a estas diferenzas no computo do solo urbanizable.

Aqueles concellos nos que, como consecuencia da aplicación da D.T. 1 ª da Lei 2/2016, xa non se computa solo urbanizable, figuran no primeiro gráfico cun único circulo de cor máis claro, de superficie proporcional á do solo urbanizable segundo a LOUGA, e co seu centro situado na coordenada 100 do eixo de ordenadas. Neste eixo represéntanse os valores das porcentaxes do solo transformado respecto do inicial clasificado no planeamento. O resto figuran representados de xeito semellante, pero cun segundo circulo concéntrico de cor máis escura e de superficie proporcional á do solo urbanizable xa transformado (representado á mesma escala que o exterior):




Ilustración 54. Gráficos relativos ás diferenzas de resultados do indicador na provincia da Coruña en función da aplicación da Lei 9/2002 ou a Lei 2/2016




Ilustración 55. Gráficos relativos ás diferenzas de resultados do indicador na provincia de Lugo en función da aplicación da Lei 9/2002 ou a Lei 2/2016




Ilustración 56. Gráficos relativos ás diferenzas de resultados do indicador na provincia de Ourense en función da aplicación da Lei 9/2002 ou a Lei 2/2016




Ilustración 57. Gráficos relativos ás diferenzas de resultados do indicador na provincia de Pontevedra en función da aplicación da Lei 9/2002 ou a Lei 2/2016

1. Cumprimento e Eficacia das Directrices de ordenación do territorio

O grao de cumprimento das DOT vese reflectido nos resultados obtidos polos indicadores de desenvolvemento e implantación, que cuantifica o número de instrumentos de ordenación territorial, de carácter integrado e sectorial, así como os de planificación urbanística que se teñen desenvolvido en cumprimento das determinacións 10.1 das DOT.

A eficacia das directrices abórdase tanto dende a análise dos indicadores de sustentabilidade territorial (IST) como dende os datos que achega[2] a Enquisa de percepción territorial e urbanística (EPTU), a cal é quen de aproximar á visión da cidadanía sobre os efectos que se están a producir, tanto no seu contexto vital como na súa calidade de vida.

Os IST permiten relacionar os valores obtidos cos obxectivos que marcaron as DOT para as variables e aspectos clave da sustentabilidade. Organízanse en sete bloques: Ocupación do territorio, Paisaxe, Patrimonio cultural, Patrimonio natural, Sociedade e economía, Metabolismo e Mobilidade.

2.1. Indicadores de desenvolvemento e implantación (IDI)

Actualízanse os indicadores referidos aos instrumentos de ordenación territorial e urbanística, que avalían o grao de desenvolvemento das DOT a través deses instrumentos ao incorporar estes os criterios de sustentabilidade.

No que se refire aos instrumentos de ordenación do territorio, a Xunta de Galicia aprobou un plan territorial integrado, o Plan de ordenación do litoral, que abrangue máis de 215.000 hectáreas e ao 57% da poboación galega.

Un segundo plan territorial integrado, o da bacía hidrográfica do río Eume, pendente de tramitar segundo o regulado nos apartados 2 e seguintes do artigo 15 da Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia, desenvolve o modelo territorial proposto polas DOT para unha cunca hidrográfica (determinación 10.1.2.c).

Así mesmo, aprobáronse catro plans sectoriais de incidencia supramunicipal e outros catro atópanse en elaboración. Estes plans teñen diferentes ámbitos territoriais en función da súa natureza ou sector ao que responden. Os Plans sectoriais da rede viaria atenden a distintas provincias, o Plan de acuicultura litoral esténdese no ámbito litoral, mentres que o Plan sectorial de ordenación das áreas empresariais abrangue a totalidade da Comunidade Autónoma.

Na táboa 1 recóllese o estado de desenvolvemento dos instrumentos de ordenación do territorio, que non varía con respecto ao informe anterior, e na táboa 2 o dos instrumentos de planificación urbanística.

[2] A EPTU ten periodicidade quinquenal. Os últimos datos son de data 2015 polo que non se aportan datos neste informe

Táboa 1. Indicadores IDI do bloque Ordenación do territorio

Indicador	Nome	Estado	Superficie	Poboación*
Plans territoriais integrados	Plan de ordenación do Litoral (POL)	Aprobado	2.153,62 km^2	1.556.131
	PTI da bacía hidrográfica do río Eume	En trámite	470,06 km^2	55.395
Plans sectoriais	PS. de ordenación territorial do campus científico-tecnolóxico "Cidade do Mar"	Aprobado	109,06 km^2	-
	PS de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Xunta de Galicia xestionadas por RETEGAL	Aprobado	200.000 m^2	2.708.339
	Plan director de acuicultura do litoral	En trámite	-	-
	PS da rede viaria de Lugo e a súa área de influencia	En trámite	464 km^2	-
	PS da rede viaria de Ourense e a súa área de influencia	Aprobado	432.03 km^2	-
	PS de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia	Aprobado	5.218,46 ha.	-
Programa coordinado de actuación	Plan forestal de Galicia	En trámite		-

* Decembro 2017.Concellos completos

Táboa 2. Indicadores IDI do Bloque Planificación urbanística

Código	Indicador	Medidas
PA1	Número de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	Núm. PXOM aprobado
		Núm. PXOM en tramitación
PA2	Porcentaxe de PXOM adaptados ás DOT aprobados ou en elaboración	% aprobados
		% en tramitación
PA3	Porcentaxe de superficie con PXOM adaptado ás DOT aprobado ou en elaboración	% superficie con PXOM aprobado
		% superficie con PXOM en tramitación
PB1	Desenvolvemento urbanístico	Núm. concellos

O número de Plans Xerais de Ordenación Municipal avalía, no terceiro nivel da planificación en fervenza, o grao de desenvolvemento e de implantación destes instrumentos de planeamento, computando tanto os aprobados e adaptados ao modelo territorial definido nas DOT como aqueles que se atopan en elaboración. No período 2011-2018 aprobáronse 43 Planes Xerais de Ordenación Municipal e outros 173 atópase en elaboración (Ilustración 58).

Os PXOM son instrumentos urbanísticos de ordenación integral nos que se contemplan as operacións de transformación urbanística do solo segundo as determinacións, de carácter xeral, establecidas pola planificación de rango superior. Neles establécese un réxime xurídico do solo e unha estrutura xeral da ordenación urbanística que fai compatible un desenvolvemento socioeconómico coa defensa e preservación dos ecosistemas.

Neste último ano aprobáronse 5 novos PXOM, tres na provincia da Coruña, un en Lugo e Outro en Ourense, o que supón acadar un 13,69% dos concellos adaptados ás DOT, un 10,84% máis que no 2013. Se engadimos os 173 que están en elaboración acádase o 68,79% dos concellos galegos adaptados ou en proceso de adaptación, o que en termos de poboación supón un 63,74% e, en termos de superficie, un 68,53% da superficie galega.

No ámbito do Plan de ordenación do litoral, a porcentaxe de superficie con plan adaptado ou en elaboración é do 74,60% o que supón o 69,50% da poboación residente neste ámbito.

Os seguintes gráficos e mapas reflicten o estado e a evolución do planeamento xeral en Galicia, desagregado por provincias, municipios e segundo o sistema de asentamentos proposto polas DOT (Ilustración 59 a Ilustración 62).




Ilustración 58. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2018




Ilustración 59. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT




Ilustración 60. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2018




Ilustración 61. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos

AU-RU: áreas e rexións urbanas; SUI-C cabeceiras do sistema urbano intermedio; SUI_Sc: subcabeceiras; NET: nodos para o equilibrio territorial; R-resto de concellos




Ilustración 62. Estado do planeamento municipal en setembro de 2018

Co indicador ***Desenvolvemento urbanístico*** visualízase a xestión, a través dos distintos instrumentos que permiten a transformación urbanística do solo e constitúen o último nivel de concreción do modelo das DOT. Dende a aprobación das DOT aprobáronse, ou están en elaboración, 131 figuras de planeamento de desenvolvemento: 58 na provincia da Coruña, 7 en Lugo, 16 en Ourense e 33 en Pontevedra (Ilustración 63). Das sete áreas urbanas cinco desenvolveron planeamento de desenvolvemento: Vigo (8 instrumentos), Pontevedra (7), Lugo (3), Santiago de Compostela (1) e Ferrol (3); atendendo o sistema urbano intermedio (SUI) dos 31 desenvolveron planeamento de desenvolvemento sete: Carballo, Boiro, Sarria, Vilalba, Verín, A Estrada e Lalín.




Ilustración 63. Número de instrumentos de desenvolvemento aprobados ou en elaboración (2011 – 2018)

Todas estas operacións urbanísticas desenvolvéronse en 110 concellos (35,03%): 56 na Coruña, 9 en Lugo. 16 en Ourense e 29 en Pontevedra. Os concellos da Pobra do Caramiñal, Pontevedra e Vigo son os que aplicaron estes instrumentos en maior número: seis, sete e oito respectivamente.

A relación entre a evolución deste indicador e aqueles outros que miden as variacións dos usos da matriz biofísica, permite avaliar, nun período temporal significativo, a sustentabilidade dos procesos de ocupación do solo, de carácter artificial. A análise territorial e tipolóxica do desenvolvemento urbanístico constitúe un dos aspectos avaliables do fluxo de ocupación do solo, que deberá, no marco das DOT, garantir un desenvolvemento compatible coa defensa do medio natural na procura dun crecemento sostible e equilibrado nunha sociedade cada vez máis cohesionada.

2.2. Indicadores de sustentabilidade ambiental (IST)



Ilustración 64. Esquema IST das Directrices de Ordenación do Territorio

Ocupación do territorio (OC)

Táboa 3. Indicadores do bloque Ocupación do territorio

Subbloque	Indicador	Ámbito
Usos do solo	Usos do solo	DOT
Intensidade	Vivendas familiares	DOT
	Dinámica urbanística (1)	DOT
	Demandantes de vivenda protexida	DOT

(1) Analizado no epígrafe 1 deste informe

As DOT perseguen acadar un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como de natureza rural, de maneira coherente cos seus valores ambientais.

A variación cuantitativa e cualitativa da ocupación do territorio reflectirá o modelo de ocupación do territorio, se ten en conta a vocacionalidade e aptitude do solo ou a súa capacidade de acollida para os distintos usos.

A relación entre a superficie transformada e a superficie ocupada pola edificación indicará o grao de dispersión do construído ou, dito doutra forma, se a construción se produce sobre os ámbitos de desenvolvemento planificados e se estes se corresponden cunha demanda real.

A estratexia en materia de vivenda constitúe un factor decisivo para a consecución dunha maior sostibilidade no uso do solo. Un uso eficiente do censo de vivenda (baleira, de rehabilitación,...) favorece un menor consumo de solo, de recursos e unha maior accesibilidade á vivenda.

Harmonizar o desenvolvemento dos asentamentos co modelo territorial proposto é clave para acadar o obxectivo expresado como “Galicia, cidade única”. É fundamental deseñar modelos de crecemento que favorezan unha certa compactidade nos novos desenvolvementos e promovan unha adecuada coherencia entre infraestruturas, servizos, actividade e residencia. A compactidade incrementa a eficiencia dos fluxos metabólicos dos asentamentos e reduce o seu impacto e pegada ecolóxica.

Subbloque Usos do solo

OC.A.01 Usos do solo[3]

As DOT definen un modelo territorial no que se ten en conta a vocacionalidade, a aptitude e a capacidade de acollida deste cos distintos usos do solo. Polas súas características este indicador relaciónase principalmente coa estrutura básica do modelo territorial.

A análise das variacións nas coberturas de usos apunta a un incremento da cobertura artificial pero tamén doutras naturais ou seminaturais como as frondosas caducifolias, as coníferas ou os cultivos leñosos. En termos globais, diminúen os cultivos herbáceos, os prados e os pastizais, así como o viñedo e o mato.

O SIOSE do ano 2014 amosa un 35,5% da superficie de Galicia cuberta de arboredo (inclúese nesta agregación coníferas, un 12,27%, frondosas caducifolias, un 16,16% de eucaliptos e un 6,92% doutras frondosas perennifolias. A segunda cobertura máis abundante é a matogueira cun 28,16%, seguida de cultivos herbáceos cun 16,05% e prados e pasteiros cun 7,13%. Con respecto ao ano 2011 a tendencia é a un aumento da cuberta arboredo en detrimento do mato.

Se se atende ao período 2005-2014 destaca a perda de mato, prados e pastizais, con diminucións do 7,8% e do 5,1% respectivamente. A evolución da SAU (cultivos máis prados e pasteiros) aínda que negativa, presenta unha redución inferior a un punto. No lado oposto atópase a cobertura de arboredo, que experimenta un incremento dun 8,3%; especialmente relevante é o aumento de frondosas caducifolias, cun 8,6%, e de coníferas, cun 8,3%. A superficie de eucaliptos e outras frondosas perennifolias incrementase nun 7,6%. Por último, cabe destacar o incremento da cobertura artificial cun 4,7% (Ilustración 65).

A nivel territorial, mantense o comportamento inverso entre superficie de arboredo e de mato. No eixo atlántico concéntranse o aumento de matogueira en detrimento da superficie de arboredo; nos concellos do interior de Lugo aumenta a superficie arborada e nos concellos do sueste ourensán a matogueira diminúe a favor da superficie arborada.




Ilustración 65. Variación de superficie (%) das coberturas do solo entre 2005 e 2014

[3] No actualizado; datos 2014

Subbloque Intensidade

As políticas en materia de vivenda constitúe un factor estratéxico para acadar unha maior sostibilidade ambiental por incidir directamente sobre o consumo de solo, un recurso finito e non renovable.

En Galicia, a edificación durante os últimos decenios, particularmente no período 2008-2017, no que se rexistrou un incremento do 8,92%, tivo consecuencias territoriais moi negativas, especialmente nas zonas costeiras polos problemas derivados do elevado custe dos servizos que demandan, así como da degradación paisaxística en moitos dos casos.

No modelo das DOT, o desenvolvemento e ordenación dos asentamentos establece o deber dos instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos de prever o desenvolvemento de actuacións de carácter residencial fundamentadas nun diagnóstico xustificado da necesidade de novas vivendas compatibles cun consumo racional de solo. Isto leva consigo planificar os novos crecementos residenciais tendo en conta o parque de vivendas construído, o grao de utilización deste e o seu estado de conservación.

A estimación da necesidade de vivendas novas atenderá á evolución recente do parque de vivendas e as tendencias na demanda, as dinámicas demográficas, as variacións estacionais e a evolución da estrutura familiar, a implantación de actividades produtivas ou equipamentos con capacidade de dinamización socioeconómica e a posición do municipio e a súa función no sistema de asentamentos territorial (Determinación 3.1 das DOT).

No contexto socioeconómico actual, a planificación do crecemento incorporará criterios de mínimo consumo de solo e dará prioridade á rehabilitación do patrimonio construído sobre a nova construción de vivendas; tamén na acción pública en materia de vivenda de protección; deste xeito ademais de procurar garantir o dereito a gozar dunha vivenda digna e axeitada, se está a promover a conservación do patrimonio cultural e arquitectónico, do medio ambiente, da paisaxe e do territorio.

O Rexistro único de demandantes de vivenda da comunidade Autónoma de Galicia, cun coñecemento pormenorizado da demanda de vivenda protexida, favorece a renovación e reutilización de patrimonio construído, reducir a construción de nova planta e ao tempo propiciar a conservación de valores culturais e paisaxísticos.

OC.C.01 Vivendas familiares

O indicador contempla un dos factores a ter en conta para formular un crecemento racional nos plans urbanísticos: as vivendas e, particularmente, as baleiras (determinación 3.1), permitindo axustar o crecemento previsto en relación á demanda ou as vivendas de segunda residencia pola súa incidencia no custe de infraestruturas e servizos que demandan.

Os datos do último censo de vivendas (2011) estableceron un número de 407.758 vivendas non principais (o 31,17% sobre o total de vivendas)

No ano 2017, os bens inmobles de uso residencial aumentaron un 0,79% en relación ao ano anterior, un incremento algo inferior ao experimentado no período 2015-2016 (0,94%). No período 2009-2017 obsérvase unha tendencia variable que alterna subperíodos de crecemento máis acusado —209-2011 e 2015-2016—con outros máis suaves —2011-2015.

Unha análise conxunta da evolución do número de inmobles de uso residencial e da poboación amosa un punto de inflexión entre os anos 2010 e 2011, cun incremento no número de bens inmobles (0,47%) e un detrimento da poboación dun -0,08%. A partires deste momento a porcentaxe na variación da poboación foi diverxente coa variación relativa dos inmobles, acadando no 2016 o maior incremento interanual cun 0,94%, valor que no 2017 baixa ata o 0,79% (Ilustración 66). Estes datos poñen de manifesto a necesidade de modular a construción de novos inmobles de uso residencial en función do parque de vivendas baleiras ou sen uso, favorecendo a rehabilitación e a implantación de novos usos sobre o xa construído.

No mapa de Galicia, o oriente ourensán e o interior de Lugo acadan os maiores ratios de inmoble por habitante; en núcleos con perdas de poboación superiores ao 20% no último decenio concéntranse valores superiores a dous veces o galego (A Teixeira cun 3,53, Laza cun 2,15, A Veiga cun 1,96) mentres que o valor medio de Galicia é 0,59 inmobles por habitante (0,55 no 2012).

Por outra banda, se o relacionamos coa demanda de vivendas, nos dous últimos anos hai 167 concellos (53,18%) sen demanda de vivenda de protección (VPP ou VPA); a maioría deles son concellos rurais de Lugo e Ourense. Pola contra, as áreas urbanas e moitos concellos da súa contorna rexistran a maior demanda de vivenda de protección.




Ilustración 66. Variación de bens inmobles de uso residencial e poboación




Ilustración 67. Demandantes de vivenda protexida 2017-2018

OC.C.07 Demandantes de vivenda protexida.

O indicador *Demandantes de vivenda protexida* atende fundamentalmente á necesidade de xeorreferenciar a demanda de vivenda de protección oficial para orientar as políticas públicas nesta materia ao tempo que se favorece un urbanismo sustentable.

O Rexistro único de demandantes de vivenda da comunidade Autónoma de Galicia establece unha diferenciación da demanda segundo o réxime das vivendas — promoción pública (VPP) ou autonómica (VPA), así como pola súa forma de adquisición —alugueiro ou compra. Tamén identifica a demanda de vivenda pública en núcleos rurais ou históricos. Isto permite favorecer a renovación e reutilización de patrimonio construído, reducir a construción de nova planta e, ao tempo, propiciar a conservación de valores culturais e paisaxísticos.

No 2018, rexistrouse unha diminución da demanda de vivenda de promoción pública (VPP) dun -1,53% con respecto ao ano 2017 mentres que a de vivenda de protección autonómica incrementouse un 8,89%. Cómpre salientar que ao redor do 86% das demandas son de VPP e só o 14% refírense a VPA (Ilustración 67).

Por tipo de réxime de tenza, en VPP, a maior demanda a rexistra o alugueiro, co 73,17% do total; seguida do alugueiro con opción de compra, cun 18,19%. En VPA, o alugueiro acada o 46,28% das demandas seguido da opción de compra, cun 42,59% (Ilustración 68 e 69).

Atendendo á demanda en núcleos rurais e cascos históricos, a VPP acadou un 6,36% da demanda total desta tipoloxía de vivenda protexida, algo superior á do ano anterior (5,93%) (Ilustración 70).

En termos globais, o alugueiro rexistra o 57,38% da demanda total de vivenda de protección, concentrado na provincia de Lugo (un 64,57%). A opción de compra supón un 32,98%, da cal, o 81,27% rexístrase na provincia de Pontevedra. A modalidade de alugueiro con opción de compra representa o 9,64% do total e tamén en Pontevedra concéntrase a maioría destas solicitudes (64,06%).




Ilustración 68. Demandantes de vivenda promoción pública VPP 2018




Ilustración 69.Demandantes de vivenda de protección autonómica VPA 2018




Ilustración 70. Demandantes de vivenda VPP en núcleos rurais e c. históricos

Cómpre indicar que nos dous últimos anos, en 167 concellos (un 53,18%) non se rexistrou demanda de vivenda de protección pública (VPP) ou de protección autonómica (VPA); a maioría deles coinciden coas zonas rurais de Lugo e Ourense. Pola contra, a maior demanda concéntrase nas áreas urbanas e en moitos concellos da súa contorna.

Dispoñer de datos fiables de demanda de vivenda protexida permite axustar as políticas de vivenda ás necesidades reais da poboación no marco do indicado nas DOT relativo á necesidade de planificar sobre un diagnóstico xustificado.

Diferenciar a demanda segundo sexa o réxime de vivendas de protección oficial de promoción pública e de promoción autonómica contribúe á eficiencia das políticas de vivenda.

Coñecer de xeito diferencial a demanda en núcleos rurais e históricos e atendela pode conducir á revitalización das zonas rurais e das zonas históricas de vilas e cidades. A demanda de vivenda nestes ámbitos rurais e históricos favorecen a rehabilitación do patrimonio construído sobre a construción de vivenda nova, propiciando a conservación de valores paisaxísticos e culturais.

Paisaxe

Táboa 4. Indicadores do bloque Paisaxe

Subbloque	Indicador	Ámbito
Xestión da paisaxe	Aplicación dos instrumentos da Lei da Paisaxe	DOT

Nesta edición do PSST, actualizouse o indicador do subbloque Xestión da paisaxe, o cal fai un seguimento da Lei de Protección da Paisaxe de Galicia no que se refire aos instrumentos que esta prevé para unha xestión, ordenación e protección da paisaxe.

O patrimonio natural e paisaxístico constitúe un dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia. A calidade, variedade e posibilidades de uso convérteno nun elemento diferencial do espazo rexional. Cara ao futuro non será posible un crecemento sostible e de calidade nun espazo que presente problemas de deterioración ambiental, contaminación, esgotamento e sobreexplotación dos seus recursos naturais.

Unha das liñas estratéxicas da política territorial de Galicia orientase a Protexer o patrimonio natural e cultural. Manter o carácter e a calidade do patrimonio ambiental, paisaxístico e cultural do territorio, harmonizando conservación e desenvolvemento, é un obxectivo fundamental para lograr un crecemento adecuado e sostible.

A integración paisaxística é un obxectivo transversal en toda actuación pública e privada para garantir a preservación dos valores paisaxísticos e ambientais no territorio.

Subbloque Xestión da paisaxe

PAI.C.01 Aplicación dos instrumentos da Lei da protección da Paisaxe

O indicador reflicte a actividade da Administración no desenvolvemento das políticas en materia de paisaxe ligada ao desenvolvemento da lei 7/2008, de protección da paisaxe galega. A ratificación do Convenio europeo da paisaxe polo Estado español e aplicado pola Administración galega e a orixe das políticas de paisaxe que se están a desenvolver a través da Estratexia da paisaxe galega.

Neste sentido, o artigo 8 da Lei 7/2008, de protección da paisaxe de Galicia contempla como instrumentos específicos para a protección, xestión e ordenación da paisaxe: os catálogos da paisaxe, as directrices de paisaxe, os estudos de impacto e integración paisaxística e os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas.

Un dos aspectos é o de velar por a mellor integración paisaxística das actuacións con incidencia territorial. Para iso, unha das ferramentas é o Estudo de impacto e integración paisaxística, instrumento que, de ser obrigado, debe someterse a informe do órgano da comunidade Autónoma competente en paisaxe.

En 2017, o número de estudos de impacto e integración paisaxística (EIIP) informados foi de 53 (Ilustración 71) e o seu ámbito de afección abarcou a un total de 44 concellos galegos.

Por provincias, o 30% dos EIIP corresponden a provincia da Coruña, o 29% á de Lugo, e a Ourense e Pontevedra o 22 e 18% respectivamente.




Ilustración 71. EIIP en aplicación da Lei 7/2008, do 7 xullo, de protección da paisaxe de Galicia 2017

Patrimonio natural

Táboa 5. Indicadores do bloque Patrimonio natural

Subbloque	Indicador	Ámbito
Xestión	Superficie de espazos naturais protexidos (ENP)	DOT/POL
	Superficie con instrumentos de planificación dos ENP	DOT/POL
	Ocorrencia de incendios	DOT

Protexer o patrimonio natural como un dos activos para o desenvolvemento de Galicia. A calidade, variedade e posibilidades de uso convérteno nun elemento diferencial do espazo rexional.

Neste senso, resulta relevante a súa planificación e xestión orientada a garantir a súa conservación e mellora.

Subbloque Xestión

Deter a perda de biodiversidade, restaurar os ecosistemas e os seus servizos, ata onde sexa posible e intensificar os esforzos nestas liñas son os retos da Unión Europea para o 2020.

A lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza establece que a planificación dos espazos naturais protexidos efectuarase mediante os Plans de Ordenación dos Recursos Naturais, os Plans Reitores de Uso e Xestión ou os Plans de Conservación.

Entre os obxectivos da Lei de Patrimonio natural de Galicia, en tramitación, 2017 está o de evitar o desfase temporal entre a protección dun espazo natural e a aprobación do seu correspondente instrumento de planificación, de xeito que a norma prevé que ambos os trámites sexan simultáneos. Así, a declaración dun espazo como protexido levará aparellada á vez a aprobación do preceptivo plan ou das normas de xestión que se aplicarán nel.

Os incendios supoñen un risco para os valores naturais e os beneficios ecosistémicos que os espazos naturais posúen e aportan á sociedade.

PN.C.01 Superficie de espazos naturais protexidos

A Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP) representa un 12,14% do territorio galego, as áreas protexidas no marco da Rede Natura 2000 o 11,99% e os espazos incluídos en ámbitos Reserva da Biosfera o 24,63% (Ilustración 72).

A evolución do indicador no período estudado refire unha clara estabilidade nos datos de superficie protexida da Rede Galega de Espazos Protexidos como nos de superficie de Rede Natura 2000 mentres que reflicte un incremento significativo en espazos baixo a figura de Reserva da Biosfera ao incluírse a das Mariñas coruñesas e Terras do Mandeo en 2013




Ilustración 72. Evolución das superficie terrestre de espazos naturais protexidos (2012-2017)

PN.C.02 Espazos naturais con instrumentos de planificación

Coa aprobación do Plan director da Rede Natura 2000 en 2014, que ten natureza de Plan de ordenación de recursos naturais (PORN), as 306.952,50 ha da Rede Natura 2000 e a práctica totalidade dos espazos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos (ZEPVN) pasan a ter unha figura de planificación (99,5%).

Por outra banda, cómpre indicar as 30.123,9 ha cun instrumento de xestión (PRUX) e as 494,97 ha con Plan de conservación.(Ilustración 73).

Ao Plan director da Rede Natura 2000 como PORN se suman os plans reitores de uso e xestión (PRUX) do Parque natural do Complexo dunar de Corrubedo e Lagos de Carregal e Vixán, o do Monte Aloia, o do Invernadoiro e o da Serra da Enciña da Lastra.

Máis aló da declaración e ordenación dos espazos naturais protexidos resulta necesario deseñar unha rede que inclúa estes espazos naturais e sume outros seminaturais capaces de ofrecer unha ampla gama de servizos ecosistémicos, de regulación, provisión e culturais á sociedade, a infraestrutura verde.




Ilustración 73. Evolución da superficie de espazos naturais con instrumentos de planificación (2012-2017)

PN.C.03 Ocorrencia de incendios

A superficie total incendiada en Galicia no ano 2017 foi de 62.094 ha e o número de incendios forestais foron 3.120; o número de incendios forestais por km^2 foi de 0,11. Os tres parámetros rexistraron valores superiores aos de 2016 (21.534 ha, un 188% superior;2.354 lumes, un 32,5% máis e 0,08 lumes por km^2).

Ata o 30 de setembro de 2017 a superficie total afectada por incendios forestais estaba por baixo das 12.000 ha e o número de lumes era aproximadamente de 2.500, sendo un dato moi positivo tendo en conta a seca acumulada durante todos o ano e cumprindo folgadamente os obxectivos establecidos no PLADIGA 2017. O 14 de outubro aproximouse ás costas Galegas o furacán Ofelia, rexistrándose en toda a comunidade ventos forte de compoñente sur, altas temperaturas e baixas humidades relativas. Estas condicións meteorolóxicas anormais para a dita época unidas á alta actividade incendiaria e á alta intencionalidade rexistrada neses días favoreceu a propagación explosiva dun gran número de incendios forestais, que en pouco menos dunha semana queimaron case 50.000 has de monte en Galicia.

A nivel provincial, Ourense é a provincia máis castigada polo lume forestal; queimáronse 30.446 ha, o 49 % do total; rexistráronse 1.332 lumes, o 42% do total e 0,18 lumes por km^2 fronte aos 0,11 para o conxunto de Galicia.

Por distrito forestal, Condado-Paradanta, con 13.604 ha e Ribeiro-Arenteiro, con 9.377 ha foron os que rexistraron unha maior incidencia en superficie queimada mentres que por número de incendios foron os distritos de Verín-Viana, con 501 incendios, Valdeorras–Trives, con 246 e Miño–Arnoia, con 261

A análise da serie temporal 2011-2017, apunta unha tendencia decrecente no que se refire ao número de incendios mentres que a superficie incendiada despois dun período con valores decrecentes (2011-2014) experimentou un cambio de tendencia, con valores crecentes (2014–2017) (Ilustración 74).




Ilustración 74. Superficie incendiada e número de incendios 2011– 2017

Patrimonio cultural

Táboa 6. Indicadores do bloque Patrimonio cultural

Subbloque	Indicador	Ámbito
Abundancia e diversidade	Número de BIC	DOT
Valorización	Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais	DOT

En consonancia coa Estratexia Territorial Europea 2020, tanto as DOT como o POL sinalan a valorización do patrimonio cultural como factor de atracción do territorio e potencial de desenvolvemento socioeconómico, en especial, nas áreas de menor dinamismo do país, que se localizan habitualmente no medio rural.

Completar o Inventario de bens patrimoniais, así como protexer de forma axeitada estes elementos, son determinacións que as DOT impoñen ao conxunto da sociedade e particularmente á Administración pública. O bloque de Patrimonio Cultural, co que se pretende analizar o recoñecemento e valorización do patrimonio humano, definiu dous indicadores, un relacionado cos Bens de Interese Cultural (BIC) e outro centrado nas accións de conservación sobre os bens materiais do patrimonio cultural.

As determinacións 9.1, 9.2, 1.2.q, 1.3 e 7.1.2.d das Directrices de ordenación do territorio de Galicia orientan as accións públicas en materia de patrimonio cultural.

Neste senso, as declaracións de BIC son unha ferramenta de protección e valorización do patrimonio común da sociedade e mesmo unha estratexia para fomentar un turismo cultural que, combinado co de natureza, no rural, contribúa ao mantemento da economía familiar nas zonas máis afastadas dos grandes núcleos urbanos.

De xeito complementario, a tutela administrativa nas autorizacións para as intervencións no patrimonio cultural é ineludible para a consecución do obxectivo da salvagarda destes bens e indicativa do dinamismo económico e da concienciación da sociedade sobre a súa importancia para a sociedade.

Subbloque Abundancia e diversidade

PC.A.01 Número de BIC

En Galicia están identificados 771 bens inmobles cun número de rexistro individual, 118 máis que en 2012, o que representa un incremento do 18% en cinco anos[4]; isto inclúe tanto aos bens inmobles declarados como aos incoados e non contabiliza aos bens mobles.

O número de BIC con declaración xenérica supera a de bens con declaración específica, especialmente na provincia de Pontevedra, onde representan o 84% do total provincial. En Galicia ascenden a 461 (60%) fronte a 310 (40%), pero a tendencia marcada pola serie temporal analizada indica que o peso relativo das declaracións específicas está aumentando moderadamente.

Dende o último informe, declaráronse catro BIC: o pazo de Quintáns, en Sanxenxo, xa incoado no 2016, o petróglifo de Penaserrada (Outeiro de Rei), o castro de Fazouro (Foz) e a ponte sobre o río Ulla en Pontevea (na confluencia dos concellos de Teo e A Estrada) (Ilustración 75).

No ano 2017 a incoación de BIC concentrouse en bens da Ribeira Sacra, paisaxe cultural que abrangue 13 concellos; tamén se incoaron tres lugares de valor etnográfico, dous xacementos arqueolóxicos, unha zona arqueolóxica, un conxunto histórico e 11 monumentos.

A valorización do patrimonio cultural como factor de atracción do territorio e potencial de desenvolvemento socioeconómico é un dos obxectivos das DOT co que se aliñan as declaracións de BIC: a da Ribeira Sacra, localizada nun entorno rural, así como outras que se sitúan en parroquias cun grao de urbanización baixo, concretamente na ZPP baixa da clasificación GU 2016; contornas que adoitan ter una estrutura poboacional máis avellentada e presentan uns indicadores socioeconómicos e socio laborais máis desfavorables[5]. Para a Ribeira Sacra, sería un paso previo cara á súa inclusión no Patrimonio Mundial da Humanidade da Unesco.




Ilustración 75. Variación do núm. de BIC e grao de urbanización dos concellos

[4] No informe de 2017 mudou lixeiramente a metodoloxía do indicador ao excluír os bens mobles e contabilizar os bens incoados

[5] Información divulgada polo IGE "Panorama rural-urbano"




Ilustración 76. Numero de BIC acumulados en 2017

Subbloque Valorización

PC.B.01 Conservación e rehabilitación de elementos patrimoniais

A análise das autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural indica unha tendencia alcista amosando un aumento continuado ao longo do período analizado (2013-2017) ata totalizar as 38.651 (Ilustración 77).

A maioría das autorizacións contabilizadas refírense ás concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para intervencións tanto de obra maior como menor pero cómpre salientar, polo incremento experimentado, as autorizacións do Comité de Camiño, que en 2017 se aproximaron ás 2.000. Pola contra, as prospeccións arqueolóxicas decaeron considerablemente nos anos 2016 (135) e 2017 (176). Nos datos estudados non se computan as autorizacións nalgúns dos cascos históricos de concellos que contan con plan especial nas provincias da Coruña e Ourense.

En Galicia contabilizáronse 33 conxuntos históricos no ano 2017: 11 na provincia da Coruña, 9 en Lugo, 7 en Pontevedra e 6 en Ourense. Hai, por tanto, un máis que o ano anterior, por mor da incoación dun espazo urbano, que aínda non conta cun plan especial, no concello de Quiroga. Trátase do poboado dos Covallos de Montefurado, que se erixiu a mediados do século XX para albergar o persoal de Iberdrola que traballaba nas centrais do Sil. A disposición do conxunto ilustra a transformación paisaxística que se levou a cabo en diferentes lugares de Galicia co gallo da construción dos grandes encoros.

Os conxuntos históricos con Plan especial aprobado son 20 e 13 teñen pendente a súa tramitación (Ilustración 78).

A integración dos obxectivos das DOT e da Estratexia E2020 implica a tutela das Administracións Públicas nas actuacións sobre os bens do Patrimonio cultural, particularmente na rehabilitación dos conxuntos históricos con consecuencias directas sobre a súa función residencial e a súa actividade económica.




Ilustración 77. Evolución das autorizacións 2013-2017




Ilustración 78. Situación dos plans especiais dos conxuntos históricos

Sociedade e economía

Táboa 7. Indicadores do bloque Sociedade e economía

Subbloque	Indicador	Ámbito
Espectro social	Variación da poboación (nº de habitantes)	DOT
	Densidade de poboación	DOT
	Poboación en áreas pouco poboadas	DOT
Complexidade	Diversidade de actividades económicas	DOT
	Actividade comercial	DOT
Emprego e formación	Poboación ocupada por ramas actividade	DOT
Innovación	Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais	DOT/POL
Agricultura e gandería	Agricultura ecolóxica	DOT
	Especialización gandeira	DOT
	Carga gandeira	DOT
	Especialización agrícola	DOT
	Estrutura territorial agraria	DOT
Pesca e acuicultura	Especialización acuícola	DOT
	Capacidade pesqueira	DOT
Aproveitamento forestal	Superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal	DOT
Turismo	Intensidade turística	DOT/POL
	Estacionalidade turística	DOT/POL

O descenso da natalidade, o incremento da esperanza de vida e a retroalimentación das entalladuras na pirámide de idades causadas pola emigración, dan como resultado unha estrutura demográfica avellentada e con problemas, a día de hoxe, de renovación xeracional.

Galicia, como gran parte de Europa, debe enfrontarse hoxe a un cambio demográfico, pero ademais debe facelo nun contexto territorial heteroxéneo e complexo, derivado do elevado grao de fragmentación municipal e de dispersión dos núcleos de poboación. Como vimos facendo explícito, o cambio demográfico vai acompañado de profundas transformacións sociais que afectan á composición das familias, sendo unha das súas manifestacións o crecente número de persoas maiores que viven soas.

Á complexa situación demográfica, reflectida na estrutura de idades e indicadores de dinámica, engádese á problemática derivada dun cada vez máis desigual reparto da poboación, que tende a concentrase nas provincias occidentais e, preferentemente, nos concellos litorais e nas maiores áreas urbanas, e un simultáneo despoboamento dos concellos interiores e non urbanos.

No que atinxe ao medio rural, *un elemento central que vén lastrando a dinámica demográfica e económica do noso medio rural é a persistencia de deficiencias estruturais no sector agrario e a debilidade da industria agroalimentaria. O medio rural é cada vez máis heteroxéneo pola diferenciación espacial do sector agrario e no desenvolvemento desigual das oportunidades de emprego en actividades industriais e de servizos.*

Tan relevante como a debilidade do tecido produtivo é que temos un medio rural que, a comezos do século XXI, continúa rexistrando deficiencias no acceso aos servizos básicos para a poboación e as empresas (sanidade, educación, atención á infancia e á poboación dependente, acceso ás TIC, transporte público...).

Na medida en que nas últimas décadas tenderon a multiplicarse as demandas que a sociedade fai aos espazos rurais, iso fixo que emerxeran novos mercados e novas funcións para estes espazos, turismo, enerxías renovables, servizos ambientais, espazo residencial,...Nalgúns casos existen complementariedades evidentes entre distintas actividades, polo que o reto das políticas públicas consiste en fomentar esas complementariedades.[(1)]

[(1)] Fonte Informe Galicia: perspectivas demográficas do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica

Subbloque Espectro social

SE.A.01 Variación da poboación (nº de habitantes)

Nun contexto estatal que amosa un crecemento do 3,9% no período 2007-2017, Galicia continúa perdendo poboación (-2,3%), o que a sitúa entre as Comunidades cun peor comportamento demográfico, similar ao de Castela e León (-3,1%) ou Asturias (-2,9%), ambas no noroeste peninsular.

En Galicia, na última década (2007-2017) perdéronse 64.194 habitantes, o que supuxo un 2,3%; no último lustro (2012-2017) a variación acadou o -2,6% e, no último ano (2016-2017), cifrouse en -0,4%. A porcentaxe de concellos con evolución negativa ascende ao 83% no período interdecenal, ao 91% no quinquenal e ao 85% no anual.

A sangría afecta a todas as provincias pero con desigual intensidade. De feito, as orientais –Ourense e Lugo, por esta orde– amosan un comportamento peor cá media galega nos tres períodos analizados.

Entrementres, as provincias atlánticas perden poboación a un ritmo menor, especialmente Pontevedra, onde 21 concellos costeiros ou próximos ao litoral aínda rexistran unha variación poboacional positiva. Este dinamismo tamén se propaga pola franxa que se dispón dende o sueste da área urbana de Vigo ata o val do Miño (comarcas do Baixo Miño e O Condado). Na Coruña, contabilizáronse 22 municipios cunha evolución positiva que se sitúan, sobre todo, na área urbana de Santiago de Compostela e na periferia de rexión urbana da Coruña-Ferrol. Fóra destas zonas, destaca o incremento experimentado polos concellos de Negreira, Boiro e Ordes.

Cabe salientar que os valores correspondentes ás cidades e ao SUI empeoran lixeiramente respecto aos comentados no informe anterior pero melloran no caso dos NET. Que este nivel –o que peor se comporta de momento– suavice a súa decadencia resulta especialmente interesante porque estes núcleos son os que lle proporcionan funcións urbanas básicas á poboación rural, moitas veces, nun contexto de despoboamento xeneralizado na súa contorna. Polo tanto, resultan imprescindibles para a ordenación equilibrada do territorio, en coherencia coa filosofía das DOT.

Os mapas seguintes amosan a evolución 2001-2011 e 2007-2017 (Ilustración 79 e 80).




Ilustración 79. Variación relativa da poboación no decenio 2001-2011




Ilustración 80. Variación relativa da poboación no decenio 2007-2017

No ámbito do Plan de ordenación do litoral, na mesma década perdéronse 3.266 habitantes o que supón unha porcentaxe menor que para o conxunto de Galicia e unha tendencia que se inverteu máis tarde e máis lentamente; así só neste quinto informe rexístrase un valor negativo na evolución decenal mentres que os períodos interanual e quinquenal amosaron perdas poboacionais xa no segundo e terceiro informe respectivamente (Ilustración 81). Foi o litoral pontevedrés o último en incorporarse a este declive amosando aínda certo dinamismo demográfico, cunha variación decenal do 0,7%.

A consecuencia máis salientable dos distintos ritmos de decadencia materialízase nun aumento paulatino do peso relativo da poboación litoral no seo da Comunidade Autónoma, representando o 56,2% en 2007 e o 57,5% en 2017.




Ilustración 81. Evolución da variación decenal da poboación en Galicia e no ámbito POL

SE.A.02 Densidade de poboación

No ano 2017 residían en Galicia 91,6 habitantes por km^2, o que supón 2,6 unidades menos ca en 2011, o ano en que se aprobaron as DOT. Esta variación da densidade de poboación reflicte en que medida incide a regresión demográfica no territorio, causando un problema estrutural.

Este valor medio dá unha idea imprecisa da distribución da poboación no territorio, moi heteroxénea, xa que existen amplas áreas de baixa densidade que corren o perigo de quedar desertas (como a que abrangue Vilariño de Conso-Chandrexa de Queixa, onde residen aproximadamente 3 habitantes por km^2) namentres se dan concentracións destacables nas rexións e áreas urbanas –sobre todo na cidade da Coruña–, así como nalgúns concellos pequenos onde o solo urbanizado cobre unha alta porcentaxe dos seus respectivos termos municipais, que é o que acontece en Burela, A Illa de Arousa ou Pontecesures, por citar os casos máis salientables (Ilustración 82).

Non obstante, isto non é óbice para que algúns dos concellos máis densamente poboados de Galicia destaquen tamén pola perda de densidade nese sexenio. Poñamos por caso, Ferrol (-64,8 unidades), A Coruña (-50), Vigo (-38,9) ou Marín (-33,5). En cambio, a maioría dos 31 que incrementaron a densidade de poboación dende o ano 2011 localízanse nas periferias das áreas urbanas: Barbadás (35,1 unidades), O Porriño (24,9), Ames (24,8), Oleiros (24,2), Cambre (17,2), San Cibrao das Viñas (15,2)..., en calquera caso, con aumentos tan moderados que non supoñen unha ameaza para a capacidade de carga do territorio.

Con referencia aos tres niveis de asentamentos con influencia supramunicipal identificados polas DOT, a evolución dos resultados amosa que o conxunto de concellos das sete grandes cidades perderon 12,6 habitantes/km^2, os do Sistema urbano intermedio (SUI) 4,1 e os dos denominados Nodos para o equilibrio do Territorio (NET) 2,7. Neste contexto de decrecemento xeneralizado da densidade poboacional, polo menos, os NET teñen un comportamento máis parecido á media de Galicia (aínda que ambos os dous sexan negativos).




Ilustración 82. Densidade de poboación en 2017

Polo que respecta ao espazo rural –en concreto ao conxunto de parroquias que constitúen a ZPP (zona pouco poboada) baixa de acordo coa clasificación GU 2016–, os resultados do indicador desvelan novamente un descenso da densidade, ao pasaren dos 21,8 hab./km^2 en 2016 aos 21,4 en 2017 (os dous anos analizados ata o momento empregando a mesma metodoloxía). A tendencia decrecente sinalada polo indicador supón un desafío para o mantemento da calidade de vida da poboación rural, no que concirne aos equipamentos e servizos básicos (sanitarios, educativos, culturais, sociais, telecomunicacións, transporte etc.), cuxa provisión e accesibilidade poderían xustificarse –na xestión dos recursos dispoñibles e na planificación das investimentos futuros–, en termos de rendibilidade social e medioambiental, a pesar de constituír, moitas veces, áreas de tan baixa densidade que se sitúan por debaixo do limiar de masa crítico necesario para soster os ditos servizos baseándose unicamente en criterios de aforro ou eficiencia (Ilustración 83).




Ilustración 83. Densidade de poboación na ZPP baixa 2017 e evolución (2016-2017)

No ámbito de xestión do POL a progresiva perda de habitantes tamén ten efectos sobre unha densidade de poboación que agora acada os 310,2 habitantes por km^2. Esta cifra continúa sendo moito máis elevada cá de Galicia (91,6 hab./km^2) pero é un 1,8% menor que a rexistrada no primeiro informe deste plan de seguimento, onde se analizaban os datos correspondentes ao ano 2011. En comparación coa media galega (-3,1%), a variación relativa tamén é inferior no litoral (Ilustración 84).




Ilustración 84.Evolución da densidade de poboación en Galicia e no ámbito litoral (2011-2017)

SE.A.03 Poboación en áreas pouco poboadas

Nas zonas pouco poboadas perdéronse máis de 9.000 habitantes o ano pasado sen que isto inflúa no seu peso relativo. O ano 2017 rexistrou un 19,5% de residentes nestes ámbitos fronte ao 19,8% do 2016. Mantense a asimetría observada entre as provincias orientais, cunha maior concentración de poboación en zonas pouco poboadas, e as occidentais aínda que as primeiras están a perder máis peso relativo (Lugo con un 45,0% de poboación asentada no rural perde 0,4 puntos porcentuais, Ourense con o 37,8% perde 0,5 mentres que A Coruña cun 16,2% de poboación no rural perde 0,2 e Pontevedra cun 8,4% perde 0,1.

En contra da tendencia xeral, 29 concellos galegos –tanto da costa como do interior– teñen unha porcentaxe de poboación rural superior á do ano anterior, pero os incrementos son moi moderados. As variacións máis destacadas localizáronse na Cañiza e Ribas de Sil, onde se rexistraron 0,7 e 0,6 puntos máis ca no ano 2016 (Ilustración 85).

Os resultados da segunda medida deste indicador tamén corroboran a debilitación progresiva do peso relativo da poboación rural dende o ano 2013. Así, no 2017, o 54,8% dos residentes nos concellos que contan cun nodo para o equilibrio do territorio (NET) viven fóra del, cando en 2013 acadaban o 56,6%. O único caso que contradí a tendencia xeral é Padrón, onde se gañaron 0,4 puntos porcentuais dende aquela data.

Os valores provinciais reflicten os diferentes xeitos de ocupar o espazo, tanto tradicionalmente como dende que se xeneralizou o éxodo do campo á cidade. Esta é a razón pola que, en Ourense –a provincia cun hábitat secularmente máis concentrado–, a poboación asentada fóra dos NET só acada o 41,8% namentres que nas demais representan entre o 56,7% e o 58,8%.

A pesar da extensión deste fenómeno e da súa irreversibilidade nalgunhas zonas, os resultados amosan que o peso relativo da poboación residente no rural continúa sendo coherente coa xerarquización do sistema de asentamentos con influencia supramunicipal contemplado nas DOT; nos concellos das grandes cidades, a porcentaxe de poboación nestas zonas é do 1,3%, nos concellos do Sistema urbano intermedio é do 15,8% e nos nodos para o equilibrio do territorio é do 46,6%, moi similares ás do ano anterior. Por outra parte, a segunda das medidas que estuda a porcentaxe de poboación fóra destes nodos para o equilibrio territorial (NET) detecta unha lenta pero progresiva diminución da poboación nas contornas das

capitais municipais ao tempo que se intensifica a concentración humana nos nodos para o equilibrio do territorio, nos que se exercen funcións urbanas básicas, dato que se ve corroborado polo feito de que os valores municipais máximo e mínimo son máis baixos que os dos outros anos.




Ilustración 85. Porcentaxe de poboación en ZPP baixa (2017) e Variación da porcentaxe de poboación (2016-2017)

Subbloque Complexidade

SE.D.01 Diversidade de actividades económicas

A pesar da recesión demográfica que afecta á Comunidade Autónoma de Galicia, os resultados deste indicador parecen indicar que a estrutura produtiva está a mellorar, aínda que sexa paseniño.

Segundo o índice de Shannon aplicado aos traballadores que desenvolven a súa actividade en Galicia, no ano 2016, a diversidade de actividades económicas cífrase en 5,23. Este valor apenas supera o obtido no anterior informe (5,19), cando se analizaron os datos correspondentes ao ano 2015. E algo parecido sucedeu nos concellos que están incluídos total ou parcialmente dentro do ámbito POL, onde o total pasou de 5,17 a 5,19 e a mediana dos valores municipais de 4,45 a 4,48 (Ilustración 86).


Á vista dos resultados, cómpre insistir en que a diversificación é fundamental para conseguir territorios cun desenvolvemento económico sustentable, xa que constitúe un síntoma de complementariedade entre ramas, robustez e resistencia ante as crises dos mercados. Amais, unha economía diversificada satisfai mellor as necesidades da poboación local, porque demanda man de obra máis plural ao tempo que oferta produtos e servizos máis variados.

Xeneralizando, a localización desta variable no territorio indica que a produción de bens e servizos está máis diversificada nos lugares que contan con mellores comunicacións terrestres. De aí que moitos concellos do eixo atlántico (Vigo, Narón, A Coruña, Nigrán, O Porriño, entre outros) e importantes nós de comunicación do interior (Lugo, Lalín, Ourense, Vilalba, Monforte de Lemos etc.) conten cos índices de diversificación máis elevados, amosando coherencia co modelo territorial.

Neste sentido, cabe sinalar que as variacións máis positivas respecto ao informe anterior detectáronse en municipios atravesados ou próximos a importantes vías de comunicación (ás veces, en construción ou recentemente inauguradas): A Mezquita (+0,6), Mondariz (+0,4) e A Merca (+0,3) están vinculadas á A-52 (Autovía das Rías Baixas) e este último tamén atravesado pola AG-31 (Ourense-Celanova); Santiso (+0,6) conta coa A-54 (autovía Santiago-Lugo); A Capela (+0,6) sitúase nas proximidades da AG-64 (autovía Ferrol-Vilalba); Vilamarín (+0,4) ten conexión á A-56 (autovía Ourense-Lugo); Cervantes (+0,4) localízase preto da A-6 (Autovía do Noroeste), mentres que Becerreá (+0,3) e Aranga (+0,3) están atravesados por ela...

Por outra banda, debe destacarse o feito de que en 2016 hai máis establecementos empresariais que cando comezou a calcularse este indicador (datos do ano 2013), tanto en Galicia como no ámbito POL, cun incremento do 1,2% en ambos os dous casos.

Naquel momento inicial había 83,9 e 83,7 establecementos/1.000 habitantes, respectivamente, pero os valores foron distanciándose ata rexistrarse 86,4 en Galicia e 85,8 no ámbito POL, por mor da traxectoria demográfica descompasada nestes territorios, xa que o conxunto de Galicia vai perdendo poboación a un ritmo maior cá orla costeira, como se constata noutros indicadores (Variación da Poboación, Densidade de Poboación e Poboación en áreas pouco poboadas).






Ilustración 86. Índice de diversidade de Shanon 2016

SE.D.02 Actividade comercial

A análise do número de establecementos comerciais por cada 1.000 habitantes amosa unha clara estabilidade durante o período 2012-2016. Así, os resultados obtidos foron moi similares ao longo do período: 24,6 en 2012, 24,0 en 2014, 24,3 en 2015 e 24,3 en 2016.

Segundo os datos do último ano (2016) a actividade comercial mostra unha lixeira perda (397 establecementos menos) con respecto ao ano anterior, o que supón unha diminución do 0,6%.

A interpretación dos resultados debe ter en conta, por unha banda, a evolución da poboación que tamén foi negativa cunha diminución do 0,5% e, por outra banda, o novo contexto no que se desenvolve a actividade comercial. O proceso de globalización dos mercados e os cambios nos hábitos de consumo, dan como resultado unha expansión das grandes superficies comerciais e das vendas por Internet, televisión, teléfono ou mesmo por correo, que se erixen en duros competidores para o comercio tradicional ou a retallo, o cal representa o 62% dos establecementos comerciais.

A nivel municipal, o 21,4% dos concellos presentan unha ratio igual ou superior ao valor de Galicia (24,3) e o 44,7% superior a media dos concellos (18,42), estando os valores máximo e mínimo moi distanciados entre si; en 2016, a actividade comercial oscila entre 1,2 (Porqueira) e 61,8 establecementos por cada 1.000 habitantes (San Cibrao das Viñas) (Ilustración 87).

Os resultados do indicador para os tres niveis territoriais de influencia supramunicipal nas DOT: Grandes Cidades (GC), Sistemas Urbano Intermedio (SUI) e Núcleos de Equilibrio do Territorio (NET), son moi similares ao valor obtido para Galicia. Así, hai 24,3 establecementos por cada 1.000 habitantes para Galicia, 28,2 para as GC; 27,9 para o SUI; e 27,4 para os NET.

Por outra banda, entre os concellos situados por riba da mediana (17,33 establecementos por cada 1.000 habitantes) do ámbito DOT atópase o 95% dos municipios con asentamentos de poboación con influencia supramunicipal (GC, SUI e NET), con tres excepcións: Bande (13,8), que é un nodo para o equilibrio do territorio en Ourense, Porto do Son (14,9) e Corcubión (12,5) que son cabeceiras do sistema urbano intermedio, na provincia da Coruña.




Ilustración 87. Número de establecementos comerciais por cada 1.000 hab. (2016) e relación co sistema xerarquizado de asentamentos

Subbloque Emprego e formación

Neste epígrafe analízase o grao de especialización laboral segundo 13 ramas de actividade, para o que se utilizan as equivalencias do código nacional de actividades económicas CNAE 2009.

SE.E.01 Poboación ocupada por ramas de actividade

O indicador Poboación ocupada por ramas de actividade ofrece unha visión do seu reparto, así como da especialización nalgunha das ramas de actividade do territorio e particularmente dos concellos.

Analiza a porcentaxe de afiliacións á Seguridade Social por ramas de actividade segundo trece ramas e considerando o municipio de residencia do afiliado de acordo co Padrón municipal continuo do INE.

En 2017, os datos confirman que a rama que engloba o comercio, transporte e hostalaría continúa a ser a actividade predominante, no 63,7% dos concellos, a meirande parte na franxa oeste. A agricultura, gandería e silvicultura é a principal no 38,8% da provincia de Lugo, tradicionalmente cun peso agrogandeiro destacado. O sector vitícola aflora na Ribeira Sacra, e no centro oriental ourensá.

Analizando as afiliacións á Seguridade Social no seu conxunto, a rama do comercio, transporte e hostalaría aglutina ao 30,7% dos afiliados, en segundo lugar, cun 27%, a de administracións públicas, educación sanidade e outros servizos, en terceiro lugar, cun 14,7% a de actividades de información, financeira, inmobiliaria e profesionais. Moi afastadas están as ramas da construción, a da agricultura, gandería e silvicultura e a da industria alimentaria, cun 7,3%, 4,2% e 3% respectivamente. As restantes non acadan o 3% (Ilustración 88).

En 23 concellos mudou a rama predominante o que afectou a catro das 13 consideradas; a das administracións públicas e outros servizos medrou de xeito global en seis concellos, a agricultura pasou a incluír un concello máis ao igual que as actividades extractivas e o comercio perdeu oito concellos.




Ilustración 88. Rama de actividade predominante por concello 2017

Subbloque Innovación

SE.G.01 Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais

Unha vez acadados os obxectivos do Plan de Banda Larga 2010-2015, o indicador mide a evolución da cobertura de banda larga cun mínimo de 30 Mbps para a totalidade da poboación en consonancia cos retos que a Axenda Dixital para Europa fixou e que o Plan de Banda Larga de Galicia 2020 adoptou.

Co obxectivo de estudar a implantación desta cobertura de banda larga faise un seguimento ao despregamento territorial desta tecnoloxía.

Galicia acada un 62,9% da poboación con cobertura de caudal de 30 ou máis Mbps; valor inferior ao 80,9% de España. A nivel provincial aprécianse diferenzas que oscilan entre o 67,5% da Coruña e o 55,3% de Lugo. As sete cidades superan con creces estas ratios: máis do 90,0% na Coruña, Lugo, Ourense e Vigo e entre o 80-90% atópanse Ferrol, Santiago de Compostela e Pontevedra (Ilustración 89).

O ámbito POL acada niveis de acceso superiores á media galega; só en 16 concellos, que supón o 76,16% da poboación do litoral, máis do 70% dispoñen de redes con 30 ou máis Mbps. Deles, Burela, A Coruña e Vigo —case o 35% da poboación litoral— atópanse nun rango de cobertura entre 90 e 100 Mbps.




Ilustración 89. Poboación con cobertura de redes fixas ≥30 Mbps (%) 2017

Subbloque Agricultura e gandería

SE.H.01 Agricultura ecolóxica

A Agricultura Ecolóxica ven mantendo unha tendencia crecente nos últimos anos, tanto en superficie inscrita como en número de operadores. A finais de 2017 o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica (CRAEGA) tiña inscritas 31.916 ha dedicadas a este tipo de produción, con 920 rexistros de operadores.

Os datos do Consello regulador amosan un gran potencial de crecemento que se concreta, no período 2013-2017, nun aumento dun 103,66% da superficie inscrita e dun 40,24 % no número de operadores (Ilustración 90).

Cabe resaltar que este crecemento ven xerado de forma maioritaria pola expansión da gandería extensiva en base a prados e pasteiros.

Atendendo ao ámbito provincial, Lugo ten a maior superficie dedicada a agricultura ecolóxica, cun 46,52%; síguelle Ourense cun 25,82%, Pontevedra cun 18,00% e A Coruña, cun 9,66% (Ilustración 91).

Por número de operadores, Lugo rexistra 361 (39,2%), Pontevedra 221 (o 24,00%), A Coruña 214 (o 23,30%) e Ourense, o que menos, 124 (o 13,50%).

Descendendo ao ámbito municipal apréciase datos moi dispares no que atinxe á relación entre hectáreas e número de operadores; destaca por superficie de agricultura ecolóxica o concello de Oia con 3.170,60 ha. xestionadas por tan só tres operadores mentres que A Estrada, co maior número de operadores (41) rexistra só 106,6 ha. Estas diferenzas están relacionadas co tipo de cultivo; en Oia está orientado á gandaría extensiva mentres que na Estrada está ao hortofruticultura.

A tendencia crecente deste tipo de agricultura pode interpretarse como unha estratexia de desenvolvemento rural polos múltiples beneficios, tanto ambientais, sobre a biodiversidade, como sobre as economías familiares aproveitando os recursos con potencial agrogandeiro, como base dunha produción alimentaria de calidade e fonte de recursos no medio rural (Ilustración 92).




Ilustración 90. Superficie total rexistrada e núm. de operadores (CRAEGA)





Ilustración 91. Superficie total rexistrada a nivel provincial 2009-2017






Ilustración 92.Superficie rexistrada no Consello regulador de agricultura ecolóxica de Galicia en 2011 e 2017

SE.H.02 Especialización gandeira

A especialización gandeira, cos datos de 2017, amosa o maior peso relativo do subsector avícola, principalmente na provincia de Ourense, seguido do subsector vacún. En 116 concellos o gando vacún representa máis do 70% da súa gandería, situados, todos eles, na zona meridional e setentrional.

O número de UG (unidades gandeiras) de gando vacún diminuíu o -0,03% no período 2013-2017 en Galicia, tamén diminuíron o equino (-7,51%) e o aviar (-16,70%); pola contra medraron o porcino (10,38%) o ovino-caprino (8.95%) e o cunícola (0,74%). Estas variacións hai que inscribilas nun contexto complexo de mercado e nos proceso produtivos de integración vertical nas especies aviar e porcina, principalmente (Ilustración 93 e Ilustración 94).

Ourense é a provincia que dispón de máis dun millón de UG (49,2%) centrada principalmente na gandaría avícola (85,7% da gandería avícola de Galicia); séguelle Lugo con máis de 500.000 UG (24,0%) na que a gandería bovina prevalece sobre as outras especies (47,9% da gandería vacún de Galicia); A Coruña, con algo máis de 350.000 UG (16,6%) orientadas a tres especies: bovino, cunícola e equino (cunha representación a nivel galego dun 35,1%, 34,8% e un 32,4% respectivamente); finalmente Pontevedra é a que rexistra menos unidades gandeiras, algo máis de 200.000 UG (10,2%) cunha gandería distribuída no equino, porcino e cunícola.

Entre os obxectivos das DOT atopase o de fomentar a utilización do territorio, tendo en conta as súas potencialidades, favorecendo deste xeito a eficiencia dos sistemas de explotación agrícolas e gandeiros e o incremento da rendibilidade co menor impacto posible sobre o medio ; deste xeito, a potenciación do uso gandeiro do territorio non provocaría impactos negativos como poden ser , por exemplo , a sobreexplotación de recursos ou a contaminación de acuíferos.

A especialización gandeira dun territorio está relacionada coa súa capacidade de producir renda, fixar poboación no medio rural e co aproveitando dos recursos naturais e forraxeiros. Reflicte a capacidade dun territorio para adaptarse e competir nun entorno globalizado, como o actual, no apartado da produción de alimentos, tendo esta adaptación repercusións sobre a eficiencia económica e a sustentabilidade ambiental.

A gandería tamén é un sector clave na conservación dos espazos agrarios e o patrimonio natural, favorecendo en moitos casos a biodiversidade e contribuíndo a mellora da paisaxe.




Ilustración 93. Evolución da especialización gandeira: UG por especies




Ilustración 94. Variación relativa do número total de UGM 2013-2017

SE.H.03 Carga gandeira

O indicador Carga gandeira relaciona as unidades gandeiras (UG) das explotacións cos recursos do territorio para sustentar esa cabana e, polo tanto, coa sustentabilidade dos sistemas agrarios.

No ano 2013, Galicia contaba con 1,21 UG (bovino, ovino, caprino e equino) por cada hectárea de superficie dedicada a cultivos, prados e pasteiros. A nivel provincial, Lugo soportaba unha carga maior, con 1,48 UG/ha seguida da Coruña, con 1,43 UG/ha; a provincia de Ourense é a que tiña a menor carga, con 0,46 UG/ha (Ilustración 95).

A análise do período 2013-2017 deste informe amosa moi pequenas variacións cunha lixeira tendencia á baixa (Ilustración 96).

No que se refire á carga total na que se consideran as especies anteriores, o porcino, as aves e os coellos, obsérvase un incremento substancial na provincia de Ourense, cunha carga de 8 UG/ha (debida fundamentalmente ás aves) e na media de Galicia que pasa de ser 1,20 UG/ha a 3,0 UG/ha.





Ilustración 95. Carga gandeira 2013-2017






Ilustración 96.Carga gandeira 2017 e variación no período 2013-2017

SE.H.04.Especialización agrícola

Co indicador de Especialización agrícola abórdase outro dos factores determinantes do sector primario, moi relacionado co anterior, dado o carácter maioritariamente rural de Galicia. A evolución da superficie ocupada polos distintos cultivos na base territorial das explotacións é un dos aspectos máis relevantes desde a perspectiva da rendibilidade e a sustentabilidade das explotacións.

Os grupos de cultivos maioritarios en Galicia son os prados e pasteiros e os forraxeiros. Son tamén os principais nas provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra mentres que en Ourense os forraxes tenden a desaparecer e gañan peso os cereais de inverno (gran), grupo que ocupa o terceiro posto en importancia en Galicia, con 37.340 ha, seguido do viñedo con 24.656 ha (Ilustración 97 e Ilustración 98).

En termos de evolución, o peso relativo dos diferentes grupos de cultivo mantense bastante constante: ao redor do 51% os prados e pasteiros, un 32% os cultivos forraxeiros. En terceiro e cuarto lugar están os cereais gran e o viñedo, cun 4% e un 3% respectivamente.

En termos absolutos, entre os anos 2013 e 2017 a superficie de cultivo en Galicia (tendo en conta as rotación de cultivos na mesma parcela e o mesmo ano) mantívose practicamente invariable, sendo este último ano de 889.893 ha.

O cultivo da pataca ten unha presenza destacable na provincia de Ourense respecto dos demais grupos e en relación ás outras tres provincias con 6.258 ha, un 21 % do total de Galicia; así mesmo, é salientable nesta provincia o cultivo do castiñeiro para froito, con 13.691 ha, que representan o 56 % do total de Galicia.

En canto aos cultivos hortícolas obsérvase unha escasa presenza territorial con 15.171 ha; son A Coruña e Lugo as provincias que máis superficie aportan, debido fundamentalmente ao grelo como alternativa de inverno aos cultivos forraxeiros.




Ilustración 97. Evolución relativa da especialización agrícola 2011 -2017




Ilustración 98. Superficie de cultivos forraxeiros por comarca (2017), peso relativo dos cultivos por comarca (2017) e variación de cultivos forraxeiros 2013 - 2017

SE.H.06.Estrutura territorial agraria

Este indicador fai un seguimento dos efectos que as políticas de reestruturación da propiedade do solo rústico e da mobilidade de terras teñen sobre o sector agrario e o medio rural. Tamén se fai un seguimento da evolución das coberturas agroforestais nas zonas de concentración parcelaria con respecto o total do territorio.

Os datos máis actualizados do Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España (SIOSE), de 2014, reflicten unha distribución relativa de coberturas nas zonas de concentración coas seguintes porcentaxes: un 41% correspondíase coa SAU, un16% con especies de repoboación, un 21% con mato e un 9% con outro tipo de coberturas.

A nivel provincial, Ourense ten a maior porcentaxe de SAU (o 43%) e de mato (o 31%) e a menor de especies forestais de repoboación (o 4%). Pola contra, Lugo e Pontevedra representan o menor peso da SAU galega (o 38%) e o maior peso das superficies ocupadas por especies de repoboación (20% e 19% respectivamente); o mato ocupa o 22% e o 21% respectivamente (Ilustración 99).

A evolución experimentada nas zonas concentradas, entre os anos 2005 e 201 4, indica que Lugo é a única provincia que experimenta unha variación da SAU positiva, cun 2,4% e que Ourense rexistra o retroceso maior (6,6%). O mato diminúe en todas as provincias; a diminución maior, en Lugo (21 ,2%) e a menor, en Ourense (7,4%) (Ilustración 100).

No referente á variación das coberturas nas zonas de concentración con respecto a totalidade de Galicia obsérvase que a diminución da SAU é menor nas zonas concentradas (1,7% fronte o 2,4%) mentres que o mato diminúe máis nestas zonas que no resto (12,4% fronte ao 7%) o cal amosa que as políticas enfocadas á reestruturación da propiedade e da mobilidade do uso están a ter un efecto positivo en termos de activación e mantemento da actividade agrícola e gandeira.

Observando a evolución da superficie ocupada con especies forestais de repoboación, principalmente eucalipto e piñeiro, apréciase un incremento nos dous ámbitos territoriais estudados, maior nas zonas de concentración que no total do territorio de Galicia (14% fronte ao 8,1%).




Ilustración 99. Variación relativa por provincias das coberturas nas zonas concentradas 2005-2014




Ilustración 100. Variación relativa das coberturas nas zonas concentradas e no conxunto de Galicia 2005-2014

Subbloque Pesca e acuicultura

SE.I.01 Especialización acuícola

A especialización acuícola reflicte a representatividade que ten cada especie ou grupo de especies dentro da acuicultura mariña e continental en Galicia.

As cifras que se acadaron no 2017 foron de 280.302 toneladas, medrou nun 18,3% respecto do 2011, e a esta cifra correspondeulle unha valoración de 207.622 miles de €. O 96,3% da produción acuícola, incluíndo a produción de acuicultura continental, onde se atopa a troita arco iris, corresponde aos bivalvos, e concretamente, o 95,2% é a porcentaxe representativa do mexillón (Ilustración 101).

As cifras incrementáronse en todos os grupos de especies respecto do 2011, agás na troita arco iris. Con respecto ao ano 2016, a produción de case todas as especies experimentaron unha lixeira subida, coas excepcións da volandeira, que experimentou un extraordinario aumento na súa produción, dun 882% e do salmón cun incremento do 390%.

Cambados seguido da Pobra do Caramiñal seguen a ser os distritos marítimos onde máis mexillón se produce, cun 16,7% e un 23,4%, aínda que neste ano 2017 o seu peso relativo diminuíu lixeiramente a súa produción, nun 2% e 1,8% respectivamente.




Ilustración 101. Produción acuícola por grupo de especies (%) 2011-2017

SE.I.02 Capacidade pesqueira

O número de buques que figuraban inscritos no Rexistro de buques pesqueiros de Galicia no 2017 foi de 4.419, o que representa un descenso respecto do 2016 de 0,25% e respecto do 2011 do 6,6%.

O 96,2% dos buques inscritos pertencen ao estrato de caladoiro nacional, o 2,3% ao de pesqueiras internacionais e o restante 1,5% ao estrato de pesqueiras comunitarias; no entanto, nas pesqueiras internacionais e comunitarias empréganse buques cun arqueo e potencia medias moi superiores as empregados no caladoiro nacional; tiveron un arqueo 72 e 27 veces respectivamente, superior ao do nacional (Ilustración 102).

Na zona de Arousa sitúase a meirande parte da flota galega; preto dun 39% dos buques teñen o seu porto base nela. Por outra banda, os buques con porto base na Mariña lucense e en Vigo son os que máis arqueo e potencia media rexistran, con 135,8 e 88,8 de arqueo GT e 288,4 e 172,6 CV de potencia respectivamente (Ilustración 103).



Ilustración 102. Distribución de caladoiros dos buques inscritos no rexistro de buques pesqueiros de Galicia 2017






Ilustración 103. Arqueo dos buques por zona administrativa 2017

Subbloque Aproveitamento forestal

SE.J.01 Superficie con instrumento de ordenación e xestión forestal

A superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal no ano 2017 é de 212.856 ha, representando un 10,37% respecto da superficie forestal arborada, desarborada e de pasteiro.

A superficie forestal con algún instrumento de ordenación ou xestión incrementouse en 2017 case un 9% respecto a 2016 e un 54% respecto a 2011 (Ilustración 104).

Na evolución deste indicador nos últimos anos apréciase unha tendencia mantida de crecemento da superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal e da súa ratio con respecto á superficie forestal (arborada, desarborada e pasteiros) en Galicia.




Ilustración 104. Evolución da superficie con instrumentos de xestión e ordenación

No ano 2017 apréciase que a provincia con máis superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal é Ourense con 70.149 ha, representando un 33% respecto de Galicia, seguida de Lugo e Pontevedra. A provincia da Coruña é a que ten menos superficie ordenada, con 31.378 ha, que representa o 15% respecto de Galicia.

Pontevedra é a provincia con maior ratio entre a superficie con instrumentos de ordenación e xestión forestal con respecto á superficie arborada, desarborada e pasteiros, cun 16,88%, e A Coruña, cun 6,16%, é a que menor ratio presenta (Ilustración 105).




Ilustración 105. Superficie con instrumentos de xestión e ordenación 2018 e Superficie con instrumentos de xestión e ordenación en relación coa superficie arborada, desarborada e pasteiros segundo SIOSE 2014

Subbloque Turismo

SE.L.01 Intensidade turística

Galicia dispón de 158.007 prazas en aloxamentos turísticos regrados: hoteis, pensións, albergues turísticos, turismo rural, campamentos de turismo, apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico. Respecto a este último tipo de aloxamentos, é preciso aclarar que se inclúen por primeira vez no cómputo deste indicador. Trátase de 21.270 novas prazas que representan o 13% do total (Ilustración 106).

Os resultados, expresados en forma de intensidade da oferta turística, indican que en cada quilómetro cadrado da Comunidade ofértanse 5,3 prazas de aloxamento pero este valor medio oculta unha distribución espacial heteroxénea, tanto a nivel provincial como municipal; No primeiro caso oscila entre as 14,8 prazas por km^2 de Pontevedra e as 1,5 de Ourense; no segundo, aínda son valores máis dispares; hai 18 concellos no medio rural sen ningunha praza turística, a maioría na provincia de Ourense, namentres que se disparan os valores nalgúns municipios do litoral ou das proximidades. Sanxenxo, O Grove, Mondariz Balneario, A Coruña, A Illa de Arousa e A Guarda superan, en todos os casos, as 100 prazas/km^2 e, nalgúns deles, cumpridamente.

Continúan aumentando as pernoctacións en Galicia, ata acadar 10.064.711, que supoñen 340 pernoctacións/km^2 (242 das cales foron realizadas por turistas de fóra). A intensidade da demanda turística adquire valores máis elevados que a media galega en catro destinos costeiros (Ría de Arousa, A Coruña e As Mariñas, Ría de Vigo e Baixo Miño, Ría e Terras de Pontevedra) e en dous interiores (Terras de Santiago, Terras de Ourense e Allariz) pero, no caso dos turistas foráneos, este último xeodestino sitúase por debaixo do valor medio.

En 2016, o índice de poboación turística acadou o 1,01 (total) e o 0,72 (turistas de fóra de Galicia). Os destinos onde a poboación turística equivalente superou estes valores foron Ría de Arousa, Terras de Santiago, Ribeira Sacra, Mariña Lucense e Ancares-Courel, en ambos os dous casos (turismo total e receptor).

A demanda foránea está adquirindo cada vez máis peso (67% en 2011, 71% en 2016), acadando o 89% en Terras de Santiago. O incremento máis marcado detectouse en Ancares-Courel (21 ptos porcentuais).

No ámbito litoral, as prazas de aloxamentos turísticos regrados son 102.192 (computando tamén as vivendas de uso turístico que se inclúen por primeira vez neste indicador). En comparación coa totalidade de Galicia, a oferta deste ámbito territorial representa o 64,7%.




Ilustración 106. Intensidade da oferta turística (2017)

SE.L.02 Estacionalidade turística

A estacionalidade turística é un desequilibrio temporal que afecta á maior parte dos destinos do mundo e Galicia non constitúe unha excepción. A porcentaxe de pernoctacións que se concentran na temporada alta, que se viña cifrando no 38,2% dende 2013, acadou o 38,7% no ano 2016. Esta diferenza, que non é moi significativa de momento, parece indicar que a estacionalidade está intensificándose, de aí a necesidade de seguir avaliando o comportamento desta variable nos anos vindeiros.

Para afondar nesta análise, a partir deste informe estudarase tamén o que acontece durante o resto do ano. Así, estimouse que durante a temporada media, que abrangue os meses de maio, xuño, setembro e outubro, a concentración descende ata o 36,1% e, por último, na temporada baixa, que comprende os seis meses restantes, decae ata o 25,2% (Ilustración 107).

Dende a perspectiva espacial, cómpre engadir que a estacionalidade continúa sendo máis extrema nos destinos costeiros, polo que os datos correspondentes ao ámbito do POL son aínda máis elocuentes. Durante os dous meses que conforman a temporada alta rexístranse case a metade das pernoctacións anuais, concretamente o 45,6%. Na temporada media, que abarca catro, esa porcentaxe descende ao 32,8%. Por último, a temporada baixa, que se prolonga durante os outros seis meses, só concentra o 21,6% das totais.

Pola singularidade que supón, cabe salientar que en Manzaneda-Trevinca, O Ribeiro e nos dous urbanos do interior (A Coruña e As Mariñas, e Lugo e A Terra Chá) rexístrase unha demanda maior en temporada baixa ca na baixa. Esta distribución máis homoxénea das estadías parece máis sustentable e, por tanto, máis coherente co modelo territorial proposto polas DOT.

A estacionalidade turística contribúe a incrementar a ocupación irracional do territorio e supón un inconveniente para un desenvolvemento económico equilibrado, o que se manifesta nunha rendibilidade das instalacións por debaixo das posibilidades potenciais, nunha contratación laboral flutuante e incluso nun uso ineficiente dalgunhas infraestruturas, equipamentos e servizos públicos.




Ilustración 107. Porcentaxe de pernoctacións por xeodestino e temporada (2016)

Metabolismo

Táboa 8. Indicadores do bloque Metabolismo

Subbloque	Indicador	Ámbito
Enerxía	Intensidade enerxética final	DOT
	Consumo final bruto de enerxía renovable	DOT
	Consumo final bruto de electricidade renovable	DOT
	Consumo enerxía primaria renovable	DOT
	Enerxía procedente de fontes renovables no transporte	DOT
Ciclo hídrico	Calidade da auga nas zonas de baño	DOT/POL
Ciclos de materiais	Xeración de residuos urbanos	DOT/POL
	Recollida selectiva bruta	DOT/POL
	Dotación de puntos limpos	DOT/POL
Atmosfera e cambio climático	Emisións de gases efecto invernadoiro	DOT

Para poder dar cumprimento aos obxectivos do Acordo de París e aos compromisos de enerxía e clima asumidos pola Unión Europea, a España correspóndelle en 2020 unha redución nas emisións de gases de efecto invernadoiro do 10 %, respecto a os niveis do ano 2005, un aumento da eficiencia enerxética e da cota de enerxías renovables.

Os desafíos da auga demandan achegarse a solucións baseadas na natureza que sexan máis rendibles e eficientes na mellora da calidade da auga e para a redución da contaminación.

A redución ao mínimo da xeración de residuos, unido ao mantemento do valor dos produtos, os materiais e os recursos durante o maior tempo posible, son aspectos crave encamiñados cara á transición a unha economía máis circular e sustentable.

Subbloque Enerxía

MET.A.01 Intensidade enerxética final

En 2017, a intensidade enerxética final diminuíu con respecto a 2016 acadando 0,102 ktep/millón de € mentres que o consumo enerxético final foi de 6.084 ktep, maior que en 2016; datos que apuntan a un incremento da eficiencia enerxética.

No intervalo temporal analizado —2005 a 2017— aprécianse flutuacións interanuais leves nun marco xeral descendente, máis acusado no ano 2009, probablemente como consecuencia da ralentización da economía e do consumo enerxético. No ano 2010 produciuse un repunte, neste caso influenciado polo cambio da fonte de datos de produción e consumo de biomasa. No período 2011 - 2017, a maior eficiencia no emprego dos recursos fai que novamente descenda a intensidade enerxética final, instalándose nos niveis máis baixos da serie temporal.

Respecto ao consumo enerxético final, rexístranse análogas flutuacións. A tendencia desta medida a nivel galego desde 2010, en liñas xerais, é descendente, aínda que se dan algunhas diferenzas en función da provincia. A nivel galego, a liña descendente pode atribuírse á mellora da eficiencia na utilización dos recursos aínda que tamén á ralentización da economía, o que provocou a redución do consumo enerxético ata 2013 estabilizándose nos anos posteriores (Ilustración 108).

A intensidade enerxética é un indicador relacionado coa eficiencia enerxética dun país, mide o custo, en termos enerxéticos, que precisa unha economía para crear riqueza. En termos de sostibilidade, a intensidade enerxética determina a eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos para producir o crecemento económico do país.

En Galicia, a intensidade enerxética final supera os valores do Estado polo feito de ter situadas na Comunidade Autónoma varias plantas con procesos produtivos moi intensivos en relación ao consumo de enerxía.

Unha tendencia coherente cos obxectivos a alcanzar, tanto no que se refire á Estratexia da Unión Europea como aos propios do Estado español será a que debuxe unha liña descendente.




Ilustración 108. Intensidade enerxética final e consumo enerxía final

MET.A.02 Consumo final bruto de enerxía renovable

A Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables, fixa como obxectivos xerais, por unha banda, conseguir unha cota do 20% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo final bruto de enerxía da Unión Europea e, por outra banda, unha cota do 10% de enerxía procedente de fontes renovables no consumo de enerxía no sector do transporte en cada Estado membro para o ano 2020.

O consumo de enerxía obtida a partir de fontes renovables presenta unha tendencia crecente, e sempre é superior ao obxectivo do 20 % para o ano 2020 e os obxectivos para o ano 2030, tanto de España (35,0%) como da UE (32,2%). No ano 2017 Galicia acadou o 35,2% de consumo final bruto de enerxía renovable (Ilustración 109).



Ilustración 109. Consumo final bruto de enerxía renovable (%)

Os resultados deste indicador van en consonancia coa liña trazada nas DOT que orientan cara a utilización de fontes de enerxías renovable, de xeito que diminúan as emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro.

MET.A.03 Consumo final bruto de electricidade renovable

O estado español marca como obxectivo no Plan de Enerxías Renovables (PANER) 2011-2020, que a porcentaxe do consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables sexa do 35,7% no ano 2017 e do 40% no ano 2020.

O consumo final bruto de electricidade obtida a partir de fontes renovables foi, no ano 2017 de 16.123 GW/ano, un 4,7% menos que o ano anterior e o terceiro no que se reduce.

Este indicador presenta unha tendencia crecente desde 2005 ata o ano 2015, no que acadou 17.297 GWh/ano. Nos anos posteriores 2016 e 2017 experiméntase un decrecemento, moi relacionado coa menor pluviosidade rexistrada dende que existen rexistros hidráulicos.

En Galicia, a porcentaxe de consumo final bruto de electricidade obtida a partir de fontes renovables con respecto o consumo de electricidade bruto, amosa moitas variacións ao depender en gran medida da climatoloxía, da xeración hidráulica e da eólica; así baixa no ano 2015, volve a subir no 2016 e baixa ata o 62,6% no ano 2017, pero aínda superior ao obxectivo do 40% para o ano 2020 e preto do obxectivo do 70% para o ano 2030.

Tamén se acusa moitas variacións entre as distintas provincias no consumo final bruto de electricidade procedente de fontes de enerxía renovables (electricidade xerada a partir de fontes de enerxía renovables, excluída a electricidade producida por unidades de acumulación por bombeo que utilizan auga que se bombeou) (Ilustración 110).




Ilustración 110. Evolución do Consumo final bruto de electricidade (GWh/ano) xerada a partir de fontes renovables

MET.A.04 Consumo enerxía primaria renovable

Este indicador amosa en termos porcentuais o consumo de enerxía das distintas fontes facendo unha descrición daquelas que son renovables.

En Galicia, a porcentaxe de enerxía primaria procedente de fontes de enerxías renovables acadou no ano 2010 o 21 %, superior ao obxectivo do 12% marcado. Aínda que o obxectivo xa está derrogado, séguese actualizando para estudar a súa evolución.

No ano 2017 Galicia, cun 16%, superou tamén amplamente esta porcentaxe do 12% de consumo de enerxía primaria procedente de fontes de enerxías renovables. Deste 16% no ano 2017 o 52% procede da biomasa, o 30% é eólica, o 15% hidráulica e o 3% procede de outras fontes de enerxía renovable. Obsérvase un incremento do peso da enerxía procedente de biomasa e unha diminución do peso da hidráulica nesta mestura enerxética xa que foi o ano coa menor pluviosidade dende que existen rexistros hidráulicos.

No ano 2017 e no que se refire ao consumo de enerxía primaria, é dicir, a aquelas que se obteñen directamente da natureza ou ben despois dun proceso de extracción, Galicia ten como principais fontes de enerxía o petróleo (52%), seguido do carbón (20%), as enerxías renovables (16%) e o gas natural (12%).

O peso do consumo de enerxía primaria procedente de fontes renovables presenta unha tendencia crecente ata o ano 2014 no que representaba o 23% , no ano 2017 esta porcentaxe se reduciu ata o 16% xa que a baixada da enerxía da auga e do vento debido ás condicións meteorolóxicas, incrementou o consumo de gas natural, carbón e produtos petrolíferos.

Cabe salientar que en Galicia se produce unha gran transformación de enerxía primaria en enerxía dispoñible para o consumo final. Transfórmase preto do 10% de toda a enerxía primaria do Estado e, unha porcentaxe importante da enerxía final xerada a partir de recursos primarios autóctonos e importados expórtase a outras rexións ou países. Por todo iso, as perspectivas de evolución da demanda de enerxía primaria dependerán da variación da demanda de enerxía final prevista para Galicia, así como tamén das variacións previstas no resto do Estado e noutros países, xa que é a onde se dirixe aproximadamente o 37% dos produtos transformados na nosa Comunidade (Ilustración 111).




Ilustración 111. Enerxía primaria (%) procedente de fontes renovables

MET.A.05 Enerxía procedente de fontes renovables no transporte

España marca como obxectivo no PANER 2011-2020, que a porcentaxe de enerxía procedente de fontes renovables no sector do transporte sexa do 11,1% no ano 2017 e do 13,6% no ano 2020. O obxectivo da UE para o ano 2020 é do 10%

En Galicia incrementouse dun 0,5% no ano 2005 a un 8% no ano 2017. O consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte en Galicia incrementouse ata o ano 2012, ano no que sofre unha forte baixada debido ao cambio da lexislación relativa aos obxectivos de consumo de biocarburantes.

Canto maior sexa o indicador, maior será o consumo de fontes renovables no transporte, e polo tanto menor a dependencia enerxética de Galicia de fontes contaminantes. A intención é que este indicador mostre unha tendencia a utilizar biocarburantes, electricidade de orixe renovable e outras fontes renovables no transporte, o que redundará en menores emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro en consonancia coa liña trazada nas DOT (Ilustración 112).




Ilustración 112. Consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte

Subbloque Ciclo hídrico

MET.B.01 Calidade da auga nas zonas de baño

En 2017, os resultados do indicador que avalía a calidade da auga nas zonas de baño galegas confirman a evolución interanual positiva, ao aumentar respecto a 2011 tanto os valores absolutos como as porcentaxes das zonas de baño de mellor calidade sanitaria (clasificación Excelente), e descender as de clasificacións Boa, Suficiente e Insuficiente. Dos 506 puntos de mostraxe, o 86% corresponde a praias litorais e o14% restante a zonas de baño continentais; o 81% acadan a clasificación de excelente e só un 2% a de insuficiente. A tendencia é semellante cando se analiza o ámbito litoral.

A nivel provincial, a evolución más favorable se rexistra, en termos absolutos, en Pontevedra, polo maior incremento de zonas de baño con clasificación sanitaria Excelente. Non obstante, en termos porcentuais, o aumento de zonas Excelentes foi superior en Ourense e Lugo (Ilustración 113).




Ilustración 113. Evolución da calidade das augas de baño Galicia

Subbloque Ciclo de materiais

MET.C.01 Xeración de residuos urbanos

Durante o ano 2017, Galicia xerou 1.108.389 toneladas de residuos municipais un 0,6% máis que no 2016. A media de residuos por habitante e día foi de 1,128 kg, preto dun 1% máis que o ano anterior.

No período 2011-2107 rexistrouse unha redución das toneladas totais dun 2,82% e un incremento inferior ao 1% das cantidades recollidas por persoa e día (Ilustración 114). Por concellos, a cantidade por habitante e día descendeu en 69 concellos mentres que as toneladas brutas por ano descenderon en 82 municipios.

No ámbito litoral, o comportamento do ano 2017 respecto do ano anterior foi análogo ao do conxunto de Galicia, incrementándose as cantidades por habitante e día, así como as toneladas brutas anuais. No período 2011-2017, diminuíron tanto as cantidades medias diarias por persoa (1,45%) como as totais a nivel de concello (un 3,23%).

En relación aos valores previstos no PXRUG, no que se prevía a redución dun 10% en xeración de residuos, os valores en 2017 indican que mentres a cantidade media diaria por habitante e día foi superior á fixada como obxectivo a acadar no 2020, as toneladas totais recollidas foron inferiores.

A análise dos datos, nos tres niveis principais do sistema de asentamentos das DOT, reflicten, en termos globais, unha coherencia co maior grao de urbanización, actividade económica e comercial e funcións supramunicipais que teñen atribuídas en función do nivel asignado. Os datos reflicten que todos os niveis superan os limiares fixados polo plan de xestión para o ano 2020 (Ilustración 115).

A análise da tendencia do indicador ten que contextualizarse coa propia dos indicadores *Variación da poboación*, *Intensidade turística* ou *Vivendas familiares*, xa que Galicia está a perder poboación na maioría dos concellos (case un 3% no período 2011-2017), tamén pola incidencia das pernoctacións turísticas ou polas vivendas estacionais que recollen parte da poboación flotante dos concellos.




Ilustración 114. Evolución do indicador 2011 – 2017 en Galicia




Ilustración 115. Xeración de residuos urbanos por habitante e día segundo o sistema de asentamentos das DOT 2017

MET.C.02 Recollida selectiva bruta

No período 2011-2017, o indicador de ***Recollida selectiva bruta*** móstrase estable nas cantidades diarias recollidas por persoa e día, que se manteñen sen grandes variacións, aínda que a fracción papel e cartón diminuíu o 10%, a materia orgánica o 6%, mentres que o vidro incrementouse un o 23% e os envases lixeiros preto do 8% (Ilustración 116). No ámbito POL, os valores obtidos son máis elevados que no conxunto da Comunidade Autónoma.

A análise en función dos diferentes niveis do sistema de asentamentos das DOT indica nos concellos das sete grandes cidades as cantidades diarias recollidas por habitante das fraccións envases lixeiros e vidro coinciden coas medias galegas, recolléndose cantidades superiores de papel-cartón e de materia orgánica. No caso dos 31 concellos integrados no sistema urbano intermedio, recolléronse cantidades superiores ás medias galegas de todas as fraccións salvo da materia orgánica, que foi inferior. Nos 26 concellos Nodos para o equilibrio do territorio, as cantidades de envases lixeiros e papel-cartón coinciden coas medias para Galicia e recolleuse máis vidro, mentres que non se recolleu selectivamente materia orgánica.

No ámbito do POL, só se modifica o número de persoas con este servizo que se reduce nun 0,38% por cambios no censo de poboación.




Ilustración 116. Recollida selectiva bruta en Galicia (2011 -2017)

MET.C.03 Dotación de puntos limpos

A análise deste indicador faise tendo en conta as tres medidas de forma conxunta por seren complementarias. En 2017, o 46% dos concellos teñen algunha instalación de punto limpo, o 73% contan con este servizo e o 88% da poboación ten o servizo accesible. No ámbito litoral tamén rexístrase un incremento nas tres medidas do indicador.

No período 2011–2017, o indicador ***Dotación de puntos limpos*** ten unha evolución positiva nas tres medidas, en coherencia cos obxectivos marcados no PXRUG; o número de concellos con instalacións de punto limpo aumentou un 24%, o número de concellos con este servizo un 15% e a porcentaxe de poboación que conta con servizo de punto limpo incrementouse un 20% (Ilustración 117).

En 2017, o número de instalacións era de 148, distribuídas en 144 concellos mentres que o número de concellos con servizo de punto limpo ascendía a 230. En termos de poboación, máis do 88 % dos habitantes galegos contaban con este servizo (2.385.355 persoas).





Ilustración 117. Evolución do indicador 2011 – 2017

MET.D.01 Emisións de GEI

As emisións brutas de gases efecto invernadoiro (GEI) estimadas para o ano 2016 sitúanse ao redor das 27.935 kilotoneladas de CO2-eq en Galicia o que supón unha diminución dun 4% respecto do ano 2015.

Se atendemos as variacións interanuais do 2016 con respecto ao ano 1990, España presenta un índice de incremento do 12,8% mentres que Galicia sitúase no -4,7%. Os datos provisionais de 2017 sinalan que España emitiu un 2,6% máis que en 2016, dato que afasta o obxectivo de reducir un 20% as emisións no 2020 respecta das do ano 1990.

A emisións diferéncianse en función das fontes que son fixas ou difusa. O sector difuso supuxo o 62% das emisións totais (un 46,7% no 2015). O transporte é considerada a categoría clave xa que a principal fonte de emisión de contaminantes do sector difuso é o consumo de combustible (gasolina, gasóleo, gas natural e gases licuados do petróleo (Ilustración 118).



Fonte: elaboración propia a partir do *Inventario Nacional de Emisións (MAGRAMA)*. Os datos foron xerados a partir do ano base PK (Protocolo Kioto). A cifra do ano base tómase como referncia as emisións de CO2-eq do ano 1990.

Ilustración 118. Índice de evolución anual de emisións de CO2 equivalentes (%)Emisións de GEI en Galicia (2011-2016)

2.3. Síntese

O seguimento da sustentabilidade territorial de Galicia

O obxectivo seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia é avaliar o grao de consecución dos obxectivos fixados para Galicia.

A partir dos resultados ofrecidos polos indicadores calculados é posible apuntar algunhas cuestións sobre a tendencia observada en distintas variables ambientais e socioeconómicas:

Consumo eficiente de solo

Con carácter xeral, pode afirmarse que os documentos de planeamento teñen establecido previsións de superficie de solo para ser obxecto de transformación urbanística, que se revelan como pouco axustadas á realidade. Aínda que, pola magnitude do desaxuste, pode aventurarse que a causa principal desta anomalía sexa unha demanda moi inferior á prevista, tamén cabe pensar que a ausencia de recursos axeitados para levar adiante os sempre complexos procesos de desenvolvemento urbanístico puidera contribuír a agravar esta situación.

Co obxecto de avaliar esta situación e interpretar como se está a producir a transformación do solo en Galicia definiuse o indicador de Dinámica urbanística. Nunha primeira análise dos resultados obsérvase que segundo se trate de solo urbanizable delimitado ou non delimitado, pódense identificar dinámicas de transformación lixeiramente diferentes. Aínda que en valor absoluto a superficie total de solo delimitado transformado (2.211 ha) só supera moi lixeiramente á do non delimitado (2.069 ha), resulta destacable a diferente distribución das superficies en cada caso: mentres o peso do solo delimitado transformado nas cidades resulta maioritario e acada case o 30% fronte ao resto de concellos, para os solos non delimitados non supera o 14%.

Pola súa transcendencia, hai que recordar que no ano 2016 Galicia dotouse dun novo marco legal no eido urbanístico mediante a aprobación da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o seu Regulamento. Na nova Lei, o solo urbanizable non ten o carácter residual que tradicionalmente se lle viña atribuíndo e defínese como o relativo aos terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o crecemento da poboación

e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística. O novo texto suprime a categoría do solo urbanizable non delimitado ou diferido e na súa D.T. 1ª establece, para o caso de plans aprobados definitivamente con anterioridade á súa entrada en vigor e non adaptados á anterior Lei 9/2002: "... ao solo urbanizable non delimitado, apto para urbanizar ou rústico apto para o desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".

Esta nova regulación, coherente co novo modelo territorial definido nas DOT, induce cambios relevantes nos resultados deste indicador de Dinámica urbanística. Neste senso, cabe subliñar a diferenza de resultados para o cálculo das porcentaxes de solo transformado (delimitado e non delimitado) respecto do inicialmente previsto segundo o marco legal de aplicación: Mentres que no marco da Lei 9/2002, o solo urbanizable delimitado presenta unha porcentaxe de transformación (23%) moi superior á correspondente ao non delimitado (4,6%) e as cidades son, en todo caso, os territorios que presentan valores mais altos; no caso de considerar o marco da nova Lei 2/2016, a porcentaxe de transformación do non delimitado ascende ata o 36% e son os concellos NET os que presentan os valores máis altos.

Abundando no comentado no parágrafo anterior, conclúese que a maior actividade de transformación urbanística ten lugar nos concellos do primeiro nivel do Sistema de asentamentos das DOT e na súa contorna; porén, a aplicación da nova lexislación urbanística provoca un notable incremento do resultado de cálculo da porcentaxe de solo transformado nos NET. En concreto a mediana dos valores obtidos para este nivel de asentamentos pasa do 4,4% (contabilizando o urbanizable segundo o disposto na Lei 9/2002) ata o 92,4%; unha porcentaxe que supera amplamente incluso o das cidades (44%). Lémbrase a ausencia na análise de cidades como Vigo e Ourense.

Finalmente, outra das conclusións que se poden destacar é o diferente comportamento da actividade de transformación segundo o uso definido polo planeamento para o ámbito. Con carácter xeral, e atendendo novamente á caracterización do Sistema de asentamentos, agás nas cidades, onde sucede o contrario, a superficie de solo urbanizable de uso industrial transformada é sempre superior á doutros usos e acada tamén maiores porcentaxes de transformación respecto da prevista inicialmente nos casos de solos de usos residenciais ou terciarios. Estas porcentaxes, e cando consideramos novamente á incidencia da entrada en vigor da Lei 2/2016, acadan valores moi relevantes para o solo urbanizable non delimitado deste uso; por exemplo, nos concellos do SUI case o 90% deste solo atópase xa transformado e nos NET supera o 50%.

Cuestión non menos relevante é a estimación da necesidade de vivendas novas. Esta atenderá á evolución recente do parque de vivendas e as tendencias na demanda, as dinámicas demográficas, as variacións estacionais e a evolución da estrutura familiar, a implantación de actividades produtivas ou equipamentos con capacidade de dinamización socioeconómica e a posición do municipio e a súa función no sistema de asentamentos territorial (Determinación 3.1 das DOT).

Outro aspecto, neste senso, fai referencia a dispor de datos fiables de demanda de vivenda protexida, o cal permite axustar as políticas de vivenda ás necesidades reais da poboación no marco do indicado nas DOT. A demanda de vivenda protexida xeorreferenciada, segundo sexa o réxime de promoción pública (VPP) ou de promoción autonómica (VPA), contribúe á eficiencia das políticas de vivenda. No ano 2018, ao redor do 86% das demandas son de VPP e só o 14% refírense a VPA; desta, o alugueiro rexistra o 57,38% da demanda total de vivenda de protección

Coñecer de xeito diferencial esta demanda en núcleos rurais e históricos e atendela pode conducir á revitalización das zonas rurais e das zonas históricas de vilas e cidades. A demanda de vivenda nestes ámbitos rurais e cascos históricos favorecen a rehabilitación do patrimonio construído sobre a construción de vivenda nova, propiciando a conservación de valores paisaxísticos e culturais. No último ano, a porcentaxe de demanda de vivenda VPP nestes ámbitos acadou un 6,36% da demanda total

O consumo de solo que sinala o indicador de Dinámica urbanística, en termos de solo rústico transformado en solo urbano, compleméntase cos resultados do indicador Usos do solo que fai un seguimento das variacións nas distintas coberturas naturais e antrópicas, entre 2005 e 2014 e que sinala un incremento da cobertura artificial dun 4,7% (cobertura que inclúe as infraestruturas viarias ademais do solo urbanizado). Así mesmo, destaca a perda de mato, prados e pastizais, con perdas do 7,8% e do 5,1% respectivamente. No lado oposto, atópase a cobertura de arboredo que experimenta un incremento dun 8,3%; especialmente relevante é o aumento de frondosas caducifolias, cun 8,6%, e de coníferas cun 8,3%. A superficie de eucaliptos e outras frondosas perennifolias incrementase nun 7,6%.

Autosuficiencia dos fluxos metabólicos

O escenario actual reflicte as previsións dun incremento da demanda enerxética ao tempo que resulta obrigado mellorar a sustentabilidade ambiental do sector. Nestes últimos anos, a pesares de ter aumentado as fontes de enerxía renovables e diminuído as fósiles, estas seguen a ser a fonte dominante.

Tanto a intensidade como o consumo enerxéticos finais marcan unha evolución positiva aínda que con flutuacións débiles, que moitas veces responden a factores externos que distorsinan o seu valor, como é o caso da climatoloxía onde períodos de seca fan que o sector hidráulico perda peso no cómputo xeral de enerxías renovables. A intensidade enerxética final acadou no ano 2017 os 0,102 ktep/millón de €, un 1,92% menos que no ano anterior e no período 2011-2017 reflicte unha maior eficiencia na utilización dos recursos enerxéticos.

As DOT orientan a unha maior utilización de fontes de enerxías renovable, de xeito que diminúan as emisións de gases contaminantes e de efecto invernadoiro. En Galicia, o consumo final bruto de enerxía procedente de fontes renovables foi do 35,2% en 2017, por riba dos obxectivos do Plan de Enerxías Renovables (PANER) que o fixa nun 22,7% para o ano 2020 e do obxectivo do 32% da UE para o ano 2030.

A emisións de gases de efecto invernadoiro é unha das principais causas do quecemento global. A avaliación do comportamento anual das emisións de GEI sinala un cambio de signo na tendencia, ao diminuír un 4% en Galicia en 2016 con respecto ao ano anterior, no cal teríase rexistrado un incremento próximo ao 6%. Este dato consolida unha redución dun 5% no período temporal 1990-2016, lonxe do 20% fixado para o 2020. Os datos provisionais de 2017 sinalan un aumento do 2,6% respecto do ano anterior.

Esta redución está propiciada en primeiro lugar polas industrias do sector enerxético, en segundo lugar polos procesos industriais e, non obstante, é menoscabada polo sector comercial, residencial e institucional e do transporte por estrada, os cales, a nivel estatal, rexistraron incrementos do 4,7% e do 2,7% respectivamente.

O Plan PANER fixou o consumo final bruto de electricidade procedente de fontes renovables nun 33,8% para o ano 2015 e nun 40% para o 2020. En Galicia obsérvase unha tendencia crecente entre os anos 2005 (46,1%) e 2015 (76,4%) o que representa un incremento do 65% aínda que vese moi influenciada polas condicións climatolóxicas que fan variar a xeración hidráulica e eólica. Cómpre sinalar que no 2017 reduciuse ata o 62,6%.

Analizando o consumo de enerxía primaria, discriminando aquelas que son renovables, Galicia supera os obxectivos do 12% e do 12,1% que, no ano 2010, sinalaron a Unión Europea e o Estado español respectivamente, ao acadar o 21% do consumo de enerxía primaria procedente de renovables. Este consumo foi crecendo ata o ano 2014 (23%) data na que se inviste a tendencia acadando en 2017 este valor é do 16%.

No eido do ciclo hídrico, o indicador Calidade das augas de baño segue a debuxar unha liña ascendente da calidade da auga das zonas de baño, tanto marítimas como fluviais. Das 505 zonas analizadas, o 81% obtiveron a cualificación de Excelente, o 12% de Boa, o 5% de Suficiente e o 2% de Insuficiente.

Os indicadores de residuos, no período 2011–2017, marcan unha evolución positiva global aínda que algúns resultados interanuais presentan resultados negativos, tanto en xeración global de residuos como en recollida selectiva para algunha fracción. Entre 2011 e 2017 reduciuse a xeración de residuos global en máis de 32.408 toneladas (2,82%) mentres que nos últimos anos rexistráronse incrementos, inferior ao 2% en 2016 e do 0,6% en 2017. Dende a aprobación das DOT, entre 2011 e 2017, incrementouse nun 20,% a poboación con servizo de punto limpo, o que representa máis do 88% do total.

Funcionalidade dos ecosistemas

A conservación e mellora da biodiversidade en Europa é un dos obxectivos aos que serve a estratexia definida pola Unión Europea para a consecución dunha infraestrutura verde. Galicia, coordinada coa do Estado español e de acordo ao estipulado na Lei do Patrimonio Natural, está deseñando a súa propia estratexia.

A Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia reforzará a estrutura ecolóxica básica de Galicia, conformada polos distintos espazos naturais declarados baixo algunha das figuras de protección, mediante a definición dunha rede de zonas naturais e seminaturais, destinada á protección da biodiversidade e á provisión de servizos ecosistémicos.

Os Plans de acción de hábitats e especies completan os instrumentos para la protección e conservación do patrimonio natural.

Valorización do patrimonio humano. Protexer o patrimonio cultural

Os indicadores do bloque Patrimonio cultural sinalan a tendencia positiva nas estratexias de valorización do patrimonio cultural incluídas nas DOT. Por unha banda o número de BIC identificados ascende a 771, cifra que supón un incremento do 18% dende 2011, e por outra banda as autorizacións concedidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural seguiu aumentando ao longo do período analizado (2013-2017) ata totalizar 38.651.

Cohesión social e diversidade

Dinámica poboacional cunha tendencia continuada de perda de poboación, baixa natalidade, estrutura poboacional engrosada nas idades medias e forte polaridade urbana–rural. No ano 2017, Galicia contaba con 2.708.339 habitantes, case 64.194 menos que en 2007, o que representa unha diminución do 2,3% nun decenio. A isto únese a baixa densidade de poboación, que no rural atópase nun valor medio próximo a 21,4 habitantes por km2 fronte aos 91,6 hab/km^2 do valor medio de Galicia, moi distante dos máis de 1.000 hab/km^2 de cidades e algunhas vilas.

O observatorio demográfico de Galicia, no seu diagnóstico, refire como o despoboamento de gran parte do territorio e o avellentamento demográfico son dúas realidades que supoñen un desafío para a sociedade pero tamén unha oportunidade económica.

As persoas maiores constitúen un nutrido segmento poboacional cada vez máis concienciado na consecución dun estilo de vida saudábel e activo, que lles permita prolongar temporalmente a súa independencia. Esta circunstancia convérteos en potenciais consumidores e demandantes de produtos e servizos novos ou mellorados ao tempo que contribúen ao mantemento e mesmo ao incremento do número de ocupados non só nos subsectores directamente implicados na súa oferta senón que tamén inducen a un crecemento doutros subsectores económicos cos que gardan relación.

Trátase de aplicar un enfoque integral, creando novos modelos de negocio e oportunidades de emprego, especialmente para a xente moza e aproveitar os mercados emerxentes dirixidos a cubrir as necesidades dunha poboación máis envellecida en liña coas singularidades do territorio fomentando o desenvolvemento de sectores estratéxicos rexionais. Sectores asociados ao envellecemento activo e aos coidados e actividades da poboación xubilada (turismo de terceira idade, Aprendizaxe vocacional e docencia universitaria conectada; sistemas de saúde e coidado conectados; domótica e robótica especifica, mediante dispositivos e robots domésticos baseados en intelixencia artificial; tecnoloxía portátil de uso sanitario e deportivo; coches intelixentes que melloren a seguridade).

Outro dos indicadores actualizados sinala a mellora continuada do acceso potencial da poboación a redes de banda larga como consecuencia do desenvolvemento do Plan de Banda Larga 2020. Este plan asume o obxectivo establecido na Axenda Dixital para Europa de garantir unha cobertura de banda larga de cando menos 30 Mbps para a totalidade da poboación e impulsar a contratación nos fogares de servizos de banda larga de máis de 100 Mbps. Galicia presenta unha cobertura global dun 62,90% da poboación, un 1,6% máis que no 2017,apreciándose unhas porcentaxes significativamente máis altas nas sete grandes cidades ao igual que no ámbito litoral onde a porcentaxe de poboación con esta cobertura é o 86,72%, case un 19% máis que en 2016.

A Agricultura ecolóxica vén mantendo unha tendencia crecente nos últimos anos, tanto en superficie inscrita como en número de operadores. No período 2013-2017 aumentou un 103,66% da superficie inscrita no consello regulador e nun 40,24% no número de operadores. Cabe resaltar que este crecemento, maior en Lugo e Ourense. se debe á expansión da gandería extensiva con base en prados e pasteiros e que o crecemento da superficie é considerablemente superior ao do número de operadores, o cal indica que o as explotacións están incorporando máis superficie.

Integración paisaxística

Na actuación da Administración autonómica en materia de paisaxe, ademais do desenvolvemento da Lei da paisaxe (Catálogo das paisaxes de Galicia e Directrices da paisaxe) é preciso establecer certas cautelas sobre a incidencia que algunhas actividades ou actuacións poden ter na paisaxe.

No ano 2017 emitíronse un total de 764 informes en materia de paisaxe, dos cales preceptivos, segundo os artigos 51 do POL, informáronse 323, ao abeiro do artigo 36 da Lei 2/2016, foron 45 informes, do artigo 7 da Lei 7/2008, 59 informes; e nos procedementos de impacto ambiental de proxectos, contabilizáronse 168. Os outros 169 informes emitidos refírense a procedementos de avaliación ambiental estratéxica, así como outro tipo de consultas. Destes, en 2017, informáronse 53 estudos de impacto e integración paisaxística.

2. Desenvolvemento das DOT e da sustentabilidade territorial

Na procura dun territorio cohesionado socialmente

O sistema de indicadores é unha ferramenta para medir o estado dunha serie de variables e a súa evolución ao longo do tempo coa finalidade de **identificar os espazos que se afastan dunha situación ideal** (DOT) e así poder actuar especificamente neles para reconducir as dinámicas ou situacións desfavorables. É, polo tanto, unha ferramenta de axuda na toma de decisións das administracións públicas.

A estratexia D das DOT incide sobre a necesidade de frear o despoboamento do medio rural e de favorecer un reequilibrio territorial. A información demográfica e socioeconómica debuxa zonas territoriais con situacións moi diversas. Cando estes datos son desfavorables e se manteñen ao longo do tempo, cómpre actuar dende a Administración naqueles aspectos que poderían reconducir a situación actual.

Con este obxectivo, abordouse o deseño e cálculo dun indicador socioeconómico sintético que estuda simultaneamente aspectos demográficos, sociais e económicos tanto nunha data concreta como a súa evolución ao longo dun período de tempo nos distintos concellos galegos e cuxo desenvolvemento metodolóxico figura no anexo III.

En síntese, os parámetros de medida subministradores de información cuantitativa para a construción deste indicador foron os oito que figuran a continuación e que cumprían, entre outros requisitos, o de ter a desagregación espacial municipal na expresión de resultados, cuantificar variables presentes en todo o territorio e ser relevantes para medir determinados aspectos sen que sexan redundantes:

1. Variación da poboación (variación relativa en tanto por cen en 10 anos)
2. Densidade de poboación (municipal)
3. Densidade de poboación na ZPP baixa
4. Porcentaxe de poboación en ZPP baixa




Ilustración 119. Sistema de asentamentos segundo o seu tamaño poboacional. Fonte: DOTG 2011

5. Diversidade de actividades económicas (índice de Shannon)
6. Número de establecementos empresariais
7. Número de establecementos comerciais
8. Poboación ocupada

Estes oito parámetros, aplicados aos 313 concellos, foron a base para a análise global, a partir da cal poder identificar distintos comportamentos mantidos no tempo capaces de detectar dinámicas cunha traxectoria desfavorable, nas que incidir desde a actuación das Administracións públicas.

Os valores finais deste indicador atribuídos a cada un dos 313 concellos galegos obtivéronse computando o número de parámetros de medida con resultados negativos a escala municipal, considerando dúas perspectivas: a estática (estado actual) e a dinámica (comparación dos resultados de cada medida ao principio e ao final da serie temporal, é dicir, o ofrecido no momento da inclusión de cada medida na batería de indicadores deste sistema de seguimento e o seu dato máis actualizado, que se presenta neste quinto informe).

Así mesmo, os valores obtidos foron contrastados e comparados con outras variables económicas que puideran reforzar ou minguar a avaliación inicial (Renda bruta dispoñible do fogar per cápita, PIB ou Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais.

Da análise dos resultados sintéticos extráense as seguintes conclusións:

1. Ningún concello acadou máis de seis medidas, das oito consideradas para o cálculo do indicador, con valoración negativa (M). Polo tanto, os resultados deste indicador abranguen un rango comprendido entre 0 (valor mínimo) e 6 (valor máximo).

2. O número de municipios que non obtivo ningún "M" ascende a 22, o 7% do total de concellos galegos. A súa distribución xeográfica preferente é a provincia de Pontevedra (sobre todo, nas comarcas de Vigo e O Salnés), seguida polas da Coruña, Ourense e Lugo (Ilustración 120). Consonte ás Directrices de ordenación do territorio de Galicia, esta vintena de municipios están integrados nos seguintes niveis do sistema de asentamentos:

- Grandes cidades: Pontevedra
- Sistema urbano intermedio (SUI): Carballo, O Carballiño, Cambados e Vilagarcía de Arousa
- Nodos para o equilibrio do territorio (NET): Allariz
- Outros concellos: Cambre, Coirós, Mugardos, Narón, Vedra, Outeiro de Rei, San Cibrao das Viñas, Cuntis, Moaña, Ribadumia, Baiona, Gondomar, Mos, O Porriño, Salceda de Caselas e Soutomaior.




Ilustración 120. Municipios con valoración positiva do indicador

3. A representación cartográfica dos resultados do indicador sintético amosa unha asimetría E-O que denota un desequilibrio territorial dentro da Comunidade Autónoma. En xeral, os concellos situados nas dúas provincias orientais presentan valores finais moito máis elevados que os occidentais, o que significa que se están comportando simultaneamente de xeito máis negativo nun maior número de medidas (Ilustración 121).




Ilustración 121. Resultados do indicador sintético

4. Os concellos encadrados no rango 4-6 (con 6, 5 ou 4 medidas cualificadas como malas) elévase a 110, supoñendo o 35% de todos os existentes en Galicia. Entre eles, 17 –case todos na provincia de Ourense– acadaron un valor 6; 35, un 5; e 58, un 4 (Ilustración 122).




Ilustración 122. Resultados para rango de 4 a 6

5. A localización dos concellos no rango 4-6 debuxa, a grandes trazos, un gran "8" que abrangue as provincias de Lugo e Ourense. Aínda que a orografía, por si soa, non explica a súa distribución xeográfica, obsérvase que existe certa relación. Así, moitos destes concellos sitúanse na Dorsal Galega, nas Serras Orientais e no Macizo Central Ourensán (Ilustración 123).




Ilustración 123. Relación orografía e rango de valores do indicador 4 a 6

6. Outra característica común que comparten a maioría destes concellos é o baixo grao de urbanización, de acordo coa clasificación GU 2016 (Ilustración 124). Así, 98 forman parte da Zona Pouco Poboada baixa e 10 encádranse na Zona Pouco Poboada intermedia. As únicas excepcións constitúenas Pontedeume e O Barco de Valdeorras, que foron catalogados como Zona Intermedia baixa e Zona Intermedia alta respectivamente.




Ilustración 124. Grao de urbanización e rango de valores de 4 a 6

Cómpre salientar que estas zonas rurais e pouco poboadas e, ás veces, cunha elevada dispersión da poboación, xogan un papel esencial no mantemento do medio rural, da biodiversidade e das paisaxes.

7. Atendendo ao sistema de asentamentos das DOT, dentro deste grupo de concellos con valores 6, 5 ou 4, identificáronse varios núcleos con influencia supramunicipal, localizados maioritariamente na área periférica oriental de Galicia. Os resultados resumidos son os seguintes (Ilustración 125):

- No primeiro nivel, o das grandes cidades, non se comporta mal ningún concello simultaneamente nin en 6, nin en 5, nin tan sequera en 4 das súas medidas.
- No segundo nivel, unha cabeceira do sistema urbano intermedio, O Barco de Valdeorras, en Ourense, acadou un valor 4, pero cómpre indicar que un dos parámetros de medida empregados —Poboación ocupada— presenta valores pouco significativos.
- No terceiro nivel, oito municipios con nodos para o equilibrio do territorio acadaron valores 4, 5 ou 6: un está na provincia da Coruña (Ortigueira), tres na de Lugo (Mondoñedo, A Fonsagrada, Quiroga) e catro na de Ourense (Castro Caldelas, A Pobra de Trives, Viana do Bolo e Bande). De acordo co seu grao de urbanización, estes concellos forman parte da denominada Zona Pouco Poboada, segundo a clasificación GU 2016.

8. Os NET que obtiveron peores resultados no indicador sintético tamén amosan estados e/ou evolucións negativas noutros indicadores, que non foron tidos en conta para o seu cálculo pero cos que se comprobou a súa coherencia posteriormente: Renda bruta dispoñible do fogar per cápita, Produto interior bruto (PIB) e Implantación das TIC nos asentamentos urbanos e rurais.

Entre os tres niveis con influencia supramunicipal é no terceiro onde concorren máis variables con estado e evolución negativas, o que xustificaría unha análise máis en detalle para levar a cabo a implantación de medidas correctoras en materia demográfica e socioeconómica. É preciso incidir en que os NET pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal e que, de acordo coa filosofía das DOT, "actúan como centros de prestación de servizos e de dinamización dos espazos rurais" da súa contorna, constituíndo "unha base imprescindible para impulsar estratexias de desenvolvemento social e económico en ámbitos ameazados polo despoboamento". Por tanto, unha vez identificados os concellos que peor se comportan dentro dese nivel, é pertinente, en coherencia coa finalidade do PSST, propoñelos como territorios preferentes para executar accións que contribúan a frear a súa deterioración e a o do territorio que constitúe a súa área de influencia.




Ilustración 125. Concello con funcións supramunicipais e rango de valores de 4 a 6

Índice de ilustracións

Ilustración 1. Variación de coberturas 2005-2014, SIOSE 10
Ilustración 2. Índice de contaxio (conectividade) por comarca paisaxística 10
Ilustración 3. Zonificación do Plan director da Rede Natura 2000 11
Ilustración 4. Superficie terrestre de espazos naturais protexidos e porcentaxes segundo categoría 12
Ilustración 5. Número de asentamentos abandonados. Nomenclator 2015 12
Ilustración 6. Mapa das grandes áreas e comarcas paisaxísticas 13
Ilustración 7. Relacións en cascada da planificación. Fonte DOT 15
Ilustración 8. Concellos con PXOM adaptado, en elaboración e non adaptado ás DOT 2018 16
Ilustración 9. Ámbito de solo transformado en Santiago de Compostela 16
Ilustración 10. Concellos analizados e non analizados nas medidas 1-2 e 3-4 do indicador segundo o seu encadre no Sistema de asentamentos das DOT 17
Ilustración 11. Diferenza de superficie de solo urbanizable inicial tras a aprobación da Lei 2/2016 respecto da considerada no marco da Lei 9/2002 (ha) 18
Ilustración 12. Superficie de solo urbanizable (ha). s/ Lei 9/2002 19
Ilustración 13. Superficie de solo urbanizable (ha). s/ Lei 2/2016 19
Ilustración 14. Valores das medianas de solo urbanizable transformado (ha) 20
Ilustración 15. Superficie de solo urbanizable transformado (ha) 20
Ilustración 16. Superficie de solo urbanizable transformado por provincias (ha) 21
Ilustración 17. Superficie de solo urbanizable transformado por usos e segundo o Sistema de asentamentos das DOT (ha) 21
Ilustración 18. Mapas de superficie de solo urbanizable transformada segundo o uso establecido polo planeamento (ha) 22
Ilustración 19. Porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado no marco da Lei 9/2002 23
Ilustración 20. Porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado segundo a nova Lei 2/2016 23
Ilustración 21. Valores das medianas de porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado no marco da Lei 9/2002 24
Ilustración 22. Valores das medianas de porcentaxe de superficie de solo urbanizable transformado segundo a nova Lei 2/2016 24
Ilustración 23. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable non delimitado transformado por usos no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016 24
Ilustración 24. Porcentaxes de superficie de solo urbanizable delimitado transformado por usos e niveis do Sistema de Asentamentos das DOT 25
Ilustración 25. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable total transformado por usos e niveis do Sistema de Asentamentos das DOT no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016 25
Ilustración 26. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado no marco da Lei 9/2002 26
Ilustración 27. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial transformado no marco da Lei 2/2016 26
Ilustración 28. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado no marco da Lei 9/2002 27
Ilustración 29. Mapa de porcentaxes de solo urbanizable de uso industrial transformado no marco da Lei 2/2016 27
Ilustración 30. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable total transformado por provincias no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016 28
Ilustración 31. Comparativa de porcentaxes de superficie de solo urbanizable non delimitado transformado por provincias no marco da Lei 9/2002 e da Lei 2/2016 .. 28
Ilustración 32. Valor medio da superficie total de solo urbanizable transformado por ano(ha/ano) 29
Ilustración 33. Valor medio da superficie de solo urbanizable delimitado transformado por ano(ha/ano) 30
Ilustración 34. Valor medio da superficie de solo urbanizable non delimitado transformado por ano(ha/ano) 30
Ilustración 35. Suma dos valores medios de superficie de solo urbanizable total transformado por ano en función do uso (ha/ano) 31
Ilustración 36. Suma dos valores medios de superficie de solo urbanizable delimitado e non delimitado transformado por ano en función do uso (ha/ano) 31
Ilustración 37. Comparativa da distribución provincial de resultados da suma dos valores medios de superficie de solo urbanizable delimitado e non delimitado transformado por ano (ha/ano) 32
Ilustración 38. Mapa de resultados da media de solo urbanizable total transformado por ano nos concellos da provincia da Coruña (ha/ano) 32
Ilustración 39. Táboa de datos por provincias relativos aos concellos analizados nas medidas 3 e 4 do indicador. A superficie está expresada en km^2 32
Ilustración 40. Valores medios das superficies transformadas por ano de solo urbanizable de usos non industriais e industriais (ha/ano) 33
Ilustración 41. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística no marco da Lei 9/2002 34
Ilustración 42. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística no marco da Lei 2/2016 34
Ilustración 43. Diferenza de Grao de axuste temporal na dinámica urbanística atendendo ao disposto na DT 1ª da Lei 2/2016 respecto ao considerado segundo a anterior Lei 9/2002 35
Ilustración 44. Comparativa das medianas dos valores de Grao de axuste temporal na dinámica urbanística en cada nivel do Sistema de asentamentos segundo o disposto na Lei 9/2002 e na vixente Lei 2/2016 36
Ilustración 45. Comparativa das medianas dos valores de Grao de axuste temporal na dinámica urbanística por provincias segundo o disposto na Lei 9/2002 e na vixente Lei 2/2016 36
Ilustración 46. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable non delimitado no marco da Lei 9/2002 37
Ilustración 47. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable non delimitado no marco da Lei 2/2016 37
Ilustración 48. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable delimitado 38

Ilustración 49. Ámbitos contabilizados como solo urbanizable do concello de Forcarei en aplicación da Lei 9/2002, que pasan a ter a consideración de solo rústico segundo a DT 1ª da Lei 2/2016 38
Ilustración 50. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial no marco da Lei 9/2002 39
Ilustración 51. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable de uso industrial no marco da Lei 9/2002 39
Ilustración 52. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable de uso residencial e/ou non industrial no marco da Lei 2/2016 40
Ilustración 53. Grao de axuste temporal na dinámica urbanística para o solo urbanizable de uso industrial no marco da Lei 9/2002 40
Ilustración 54. Gráficos relativos ás diferenzas de resultados do indicador na provincia da Coruña en función da aplicación da Lei 9/2002 ou a Lei 2/2016..... 42
Ilustración 55. Gráficos relativos ás diferenzas de resultados do indicador na provincia de Lugo en función da aplicación da Lei 9/2002 ou a Lei 2/2016..... 43
Ilustración 56. Gráficos relativos ás diferenzas de resultados do indicador na provincia de Ourense en función da aplicación da Lei 9/2002 ou a Lei 2/2016..... 44
Ilustración 57. Gráficos relativos ás diferenzas de resultados do indicador na provincia de Pontevedra en función da aplicación da Lei 9/2002 ou a Lei 2/2016 ... 45
Ilustración 58. Estado de adaptación ás DOT dos PXOM. Setembro de 2018..... 48
Ilustración 59. Evolución provincial de PXOM adaptados ás DOT 48
Ilustración 60. Valores provinciais do número de PXOM adaptados ás DOT ou en elaboración. Setembro 2018..... 48
Ilustración 61. Estado do planeamento segundo o sistema de asentamentos 48
Ilustración 62. Estado do planeamento municipal en setembro de 2018..... 49
Ilustración 63. Número de instrumentos de desenvolvemento aprobados ou en elaboración (2011 – 2018)..... 49
Ilustración 64. Esquema IST das Directrices de Ordenación do Territorio 50
Ilustración 65. Variación de superficie (%) das coberturas do solo entre 2005 e 2014 51
Ilustración 66. Variación de bens inmobles de uso residencial e poboación 53
Ilustración 67. Demandantes de vivenda protexida 2017-2018..... 53
Ilustración 68. Demandantes de vivenda promoción pública VPP 2018..... 54
Ilustración 69.Demandantes de vivenda de protección autonómica VPA 2018..... 54
Ilustración 70. Demandantes de vivenda VPP en núcleos rurais e c. históricos..... 55
Ilustración 71. EIIP en aplicación da Lei 7/2008, do 7 xullo, de protección da paisaxe de Galicia 2017..... 56
Ilustración 72. Evolución das superficie terrestre de espazos naturais protexidos (2012-2017)..... 57
Ilustración 73. Evolución da superficie de espazos naturais con instrumentos de planificación (2012-2017) 58
Ilustración 74. Superficie incendiada e número de incendios 2011– 2017 59
Ilustración 75. Variación do núm. de BIC e grao de urbanización dos concellos..... 60
Ilustración 76. Numero de BIC acumulados en 2017 61
Ilustración 77. Evolución das autorizacións 2013-2017..... 62
Ilustración 78. Situación dos plans especiais dos conxuntos históricos 62
Ilustración 79. Variación relativa da poboación no decenio 2001-2011..... 64
Ilustración 80. Variación relativa da poboación no decenio 2007-2017 64
Ilustración 81. Evolución da variación decenal da poboación en Galicia e no ámbito POL..... 65
Ilustración 82. Densidade de poboación en 2017 66
Ilustración 83. Densidade de poboación na ZPP baixa 2017 e evolución (2016-2017) 67
Ilustración 84.Evolución da densidade de poboación en Galicia e no ámbito litoral (2011-2017)..... 68
Ilustración 85. Porcentaxe de poboación en ZPP baixa (2017) e Variación da porcentaxe de poboación (2016-2017) 69
Ilustración 86. Índice de diversidade de Shanon 2016..... 71
Ilustración 87. Número de establecementos comerciais por cada 1.000 hab. (2016) e relación co sistema xerarquizado de asentamentos 72
Ilustración 88. Rama de actividade predominante por concello 2017 73
Ilustración 89. Poboación con cobertura de redes fixas ≥30 Mbps (%) 2017..... 74
Ilustración 90. Superficie total rexistrada e núm. de operadores (CRAEGA) 75
Ilustración 91. Superficie total rexistrada a nivel provincial 2009-2017 75
Ilustración 92.Superficie rexistrada no Consello regulador de agricultura ecolóxica de Galicia en 2011 e 2017 76
Ilustración 93. Evolución da especialización gandeira: UG por especies..... 77
Ilustración 94. Variación relativa do número total de UGM 2013-2017 78
Ilustración 95. Carga gandeira 2013-2017..... 78
Ilustración 96.Carga gandeira 2017 e variación no período 2013-2017..... 79
Ilustración 97. Evolución relativa da especialización agrícola 2011 -2017..... 80
Ilustración 98. Superficie de cultivos forraxeiros por comarca (2017), peso relativo dos cultivos por comarca (2017) e variación de cultivos forraxeiros 2013 - 2017 ... 81
Ilustración 99. Variación relativa por provincias das coberturas nas zonas concentradas 2005-2014..... 82
Ilustración 100. Variación relativa das coberturas nas zonas concentradas e no conxunto de Galicia 2005-2014..... 82
Ilustración 101. Produción acuícola por grupo de especies (%) 2011-2017..... 83
Ilustración 102. Distribución de caladoiros dos buques inscritos no rexistro de buques pesqueiros de Galicia 2017 83
Ilustración 103. Arqueo dos buques por zona administrativa 2017 84
Ilustración 104. Evolución da superficie con instrumentos de xestión e ordenación 85
Ilustración 105. Superficie con instrumentos de xestión e ordenación 2018 e Superficie con instrumentos de xestión e ordenación en relación coa superficie arborada, desarborada e pasteiros segundo SIOSE 2014..... 85
Ilustración 106. Intensidade da oferta turística (2017) 86
Ilustración 107. Porcentaxe de pernoctacións por xeodestino e temporada (2016). 87
Ilustración 108. Intensidade enerxética final e consumo enerxía final 89
Ilustración 109. Consumo final bruto de enerxía renovable (%)..... 89
Ilustración 110. Evolución do Consumo final bruto de electricidade (GWh/ano) xerada a partir de fontes renovables..... 90
Ilustración 111. Enerxía primaria (%) procedente de fontes renovables 91
Ilustración 112. Consumo de enerxía procedente de fontes renovables no transporte 92

Ilustración 113. Evolución da calidade das augas de baño Galicia 92
Ilustración 114. Evolución do indicador 2011 – 2017 en Galicia 93
Ilustración 115. Xeración de residuos urbanos por habitante e día segundo o sistema de asentamentos das DOT 2017 93
Ilustración 116. Recollida selectiva bruta en Galicia (2011 -2017) 94
Ilustración 117. Evolución do indicador 2011 – 2017 94
Ilustración 118. Índice de evolución anual de emisións de CO2 equivalentes (%)Emisións de GEI en Galicia (2011-2016) 95
Ilustración 119. Sistema de asentamentos segundo o seu tamaño poboacional. Fonte: DOTG 2011 99
Ilustración 120. Municipios con valoración positiva do indicador 100
Ilustración 121. Resultados do indicador sintético 101
Ilustración 122. Resultados para rango de 4 a 6 101
Ilustración 123. Relación orografía e rango de valores do indicador 4 a 6 102
Ilustración 124. Grao de urbanización e rango de valores de 4 a 6 102
Ilustración 125. Concello con funcións supramunicipais e rango de valores de 4 a 6 103